# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 4 de maio de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(330).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 21 de abril e ordinaria do 24 de abril de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(331).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS. EXPTE. 20625/111.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/04/2025, asinado pola titular da Asesoría Xurídica Municipal e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 1 de 189 |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

**A. Resolucións ditadas na orde xurisdicional contencioso-administrativa**

**1- Contencioso. Expediente nº 19209/111**

Sentenza nº 239 do 31 de outubro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 232/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA de 03/10/2024, polos danos ocasionados pola rotura dun banco do mobiliario urbano
Expte(s): 7557/243
Contía: 1.352,98 €

A sentenza, que é firme, estima o recurso e condena ao abono de 1.352,98 euros en concepto de responsabilidade patrimonial polos danos causados á demandante.

O accidente produciuse cando se atopaba sentada nun banco instalado na vía pública, e se produce o colapso do mesmo, caendo ao chan e sufrindo danos corporais. A sentenza considera acertada a imputación da responsabilidade á concesionaria do servizo de mantemento, posto que se axusta ás súas obrigas legais e contractuais o mantemento deste tipo de elementos.

Opoñendo os ditames médicos, o órgano xudicial considera mesurado e xustificado o importe recollido no aportado pola actora, ademais de congruente coa evolución da súa sanidade.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

**2.- Contencioso. Expediente nº 19653/111**

Sentenza nº 16 do 16 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 334/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vehículo polo desprendemento dunha árbore).
Expte(s): 7606/243
Contía: 3.228,60 €

Sentenza desestimatoria do RCA interposto polo ocupante dun vehículo estacionado na vía pública a carón dunha árbore (en zona urbana) sobre o que caeu unha póla desa árbore, e reclama unha indemnización ao Concello de 3.228,60 euros por danos persoais (non materiais) por dor cervical e lumbalxia.

O xulgado desestima a pretensión por non ter acreditados os danos persoais que se denuncian, partindo o actor dun feito obxectivo, no que non ten ningunha responsabilidade, pero

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

potencialmente orixinador de danos e prexuízos, ao abeiro do que pretende obter unha indemnización cuxa base non aparece debidamente xustificada, xa que nin o servizo de urxencias nin a Policía Local dá conta deses danos que agora alega abeirado o actor nunhas sesións de fisioterapia ás que acudiu por conta propia, sen prescrición médica, días mais tarde. Polo que se desestima a demanda.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas e contra a mesma non cabe recurso.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

**3.- Contencioso. Expediente nº 19764/111**

Sentenza nº 20 do 29 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 348/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 27/08/2025 en materia de responsabilidade patrimonial (filtracións de auga en finca)
Expte(s): 7771/243
Contía: 1.379,40 €

Sentenza firme que desestima o RCA interposto contra a resolución municipal desestimatoria da RPA presentada ante o Concello, na que se reclama a cantidade de 1.379,40 euros en concepto de danos materiais padecidos na súa vivenda con ocasión dunha filtración dunha tubería de subministro de auga.

O Concello desestimou a RPA por canto nin o vial nin a tubería son de titularidade municipal, e localízanse baixo un vial privado. A empresa concesionaria constatou no acto da vista, a través do responsable da reparación desta canalización, que a instalación non é municipal e o Concello achegou proba de que o vial non é municipal, segundo así consta no inventario. Sen prexuízo de que Aqualia reparara o dano advertido, ao que está obrigada segundo o Regulamento do servizo de auga para estes casos.

A parte demandante non conseguiu desvirtuar a proba aportada pola demandada e pola codemandada, polo que o RCA é desestimado, sen expresa imposición de custas.

Do que se dará traslado ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

**4.- Contencioso. Expediente nº 18450/111**

Sentenza nº 32 do 5 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Ordinario: 78/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada en expediente de responsabilidade patrimonial
Expte(s): 6161/243
Contía: 56.398,19 €

Sentenza, firme, pola que se estima parcialmente o RCA interposto pola cidadá que caeu na vía pública, pola falta de sinalización dunha obra municipal. O Concello resolveu en vía ad-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 3 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ministrativa dita reclamación, imputando a responsabilidade patrimonial á empresa adxudicataria da obra. A demandante reclamaba 56.398,19 euros, máis xuros, polos danos padecidos.

A sentenza tamén estima parcialmente a demanda interposta pola empresa adxudicataria da obra contra a resolución municipal pola que se lle imputa a responsabilidade patrimonial.

A defensa do Concello opúxose a ambas demandas, xunto á aseguradora municipal (Allianz). Tamén contestou como codemandado o coordinador de seguridade e saúde da obra interesando a desestimación das demandas.

O xulgado considera que a resolución municipal é desconforme a Dereito por deixar sen resolver unha cuestión fundamental como é a cuestificación do dano, a indemnización reclamada e os suxeitos responsables do seu aboamento; no entanto considera que a resolución municipal contén unha fundamentación que comparte o XCA2 relativa á acreditación de que o mal estado da vía se debía á execución das obras de humanización da rúa Camilo J. Cela e existiu un incumprimento da empresa adxudicataria da obra nas medidas de seguridade para compatibilizar a execución da obra co tránsito de peóns. Por último, da análise da proba pericial médica o xulgado limita a cantidade a 30.000 euros polo prexuízo estético, funcional e polas dúas intervencións cirúrxicas ás que tivo que someterse, cifra que comprende xa os xuros reclamados.

A sentenza estima parcialmente a demanda da actora, anula e revoga a resolución municipal e condena á empresa adxudicataria á cantidade de 30.000 euros. Sen imposición de custas.

Desta resolución darase traslado ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

**5.- Contencioso. Expediente nº 18584/111**

Sentenza nº 33 do 6 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Ordinario: 116/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída)
Expte(s): 6104/243
Contía: 50.520,44 €

A sentenza, recorrida en apelación, estima parcialmente o recurso interposto fronte á desestimación por silencio do recurso interposto a resolución de 25 de febreiro de 2022 que consonte ao ditame do CCG desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial sofridos pola reclamante como consecuencia da caída na rúa Camelias, que se atopaba en obras no momento do suceso.

No FD 1º aprecia a responsabilidade da Administración con posibilidade de recorrer ante a concesionaria responsable das obras, por considerar que a precariedade da iluminación unida a instalación de vallas tipo "new Jersey" delimitando itinerarios de paso que deben ser "seguros", non crear un maior perigo que a súa ausencia.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Nos seguintes FD analiza a cuantificación do dano considerando que a cantidade que se axusta á indemnización das secuelas que lle restan á recorrente e o período de sanidade é a de 17.000 euros.

Sen condena en custas por ser unha sentenza estimatoria parcial.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

**6.- Contencioso. Expediente nº 19901/111**

Sentenza nº 40 do 12 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 375/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación de RPA
Expte(s): 7451/243
Contía: 22.933,77 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a resolución da concelleira delegada de Patrimonio de 12/09/2026 que inadmitiu a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos padecidos con ocasión dunha caída ao transitar pola calzada para acceder ao seu vehículo aparcado na rúa Fotógráfo Luis Casado 9 (Coia).

No FD 5º razoa que a razón principal para a desestimación da demanda é a prescrición da acción. Non obstante tamén sinala que de non apreciar a prescrición as posibilidades de acollemento da acción serían moi reducidas tendo en conta os criterios xurisprudenciais que cita, nos que o estándar de seguridade no deber de mantemento das vías públicas que resulta esixible á demandada, non é o mesmo no caso da calzada que nos espazos naturalmente destinados ao tránsito peonil.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

**7.- Contencioso. Expediente nº 19628/111**

Sentenza nº 58 do 26 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 330/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vehículo por colisión contra bolardo)
Expte(s): 7578/243
Contía: 1.053,86 €

Sentenza pola que se desestima o RCA presentado contra a desestimación, por silencio, da RPA presentada pola demandante o 24/10/2024, na que pedía ao Concello unha indemnización (1.053,86 euros) polos danos padecidos no seu vehículo por un bolardo non visible dende a praza de aparcadoiro, de mobilidade reducida, na que se atopaba co seu vehículo.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 5 de 189 |
| --- | --- | --- |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

O Concello no acto da vista alegou que a actora non podía localizarse en dita praza de aparcadoiro xa que as existentes non lindan con bolardos decorativos; e que se atopaba estacionada nunha praza reservada ao corpo diplomático, con liña amarela, na que estaba prohibido estacionar.

O xulgado resolve o RCA desestimando o mesmo por canto "la recurrente se encontraba en una situación de ilegalidad, su aparcamiento no estaba permitido en ese punto y con ello desaparece cualquier antijuridicidad que pretenda imputar a la demandada, porque su conducta supone una interferencia exorbitante en el curso causal de los hechos, ya que el coche no podía estar parado, ni estacionado en ese punto". A demandante alegou vulneración da Orde TMA/851/2021, pero o xulgado recolle na súa sentenza que "El informe municipal obrante en el expediente administrativo ya vimos que sitúa cronológicamente la ejecución de la obra relativa al elemento ornamental, en el año 2015, mucho antes de la vigencia de la norma que se dice vulnerada".

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas á demandante polo importe máximo de 100 euros; contra a mesma non cabe recurso.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

**8.- Contencioso. Expediente nº 19704/111**

Sentenza nº 29 do 29 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 342/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada en expediente sancionador
Expte(s): 349207/280, 467264/700
Contía: 1.200,00 €

Sentenza pola que se estima o RCA interposto contra unha sanción imposta por non identificar ao condutor. A demandante solicita a nulidade das actuacións sancionadoras e recadatorias por canto non recibiu as notificacións no enderezo indicado a efectos de notificacións.

O xulgador de instancia estima o RCA por canto, trala análise dos enderezos que constan na DXT e os intentos efectuados nas "en el presente caso pasaba algo con la primera dirección a la que se ha acudido en repetidas ocasiones para intentar, en vano, la notificación. También es cierto que es la que figura en el archivo de Tráfico, DGT (hasta que ha sido corregida por la interesada, a raíz de este procedimiento, suponemos por la coincidencia temporal de hitos), pero desde el primero momento se puso de manifiesto que era errónea, que no existía. Considero que la demandada debió emplear una mínima diligencia para despejar esa incógnita y en lugar de ello, pasó el rodillo que acabamos de resumir. La explicación del entuerto ya la ofrecía la actora en su recurso de reposición, al apuntar que en la avenida de Vigo, de Redondela, hubo un cambio de numeración, de manera que el antiguo nº 224, pasó a ser el nº 214".

Sen custas. A sentenza é firme, non caben recursos.

Darase traslado ao servizo de Recadación Executiva para o seu coñecemento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**9.- Contencioso. Expediente nº 19554/111**

Sentenza nº 19 do 5 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 319/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 30/05/2025 ditada en expediente sancionador
Expte(s): 348256/280
Contía: 200,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso, con imposición de custas ao demandante, ao considerar que a resolución sancionadora de tráfico por conducir utilizando o teléfono móbil está correctamente motivada e que os feitos están probados pola denuncia do policía que posteriormente a ratificou nun informe e tamén en sede xudicial ao declarar como testemuña.

Debe coñecer o resolto o departamento de Seguridade.

**10.- Contencioso. Expediente nº 20001/111**

Sentenza nº 52 do 20 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 382/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución sancionadora en materia de tráfico
Expte(s): 350150/280
Contía: 500,00 €

Sentenza pola que se aprecia a carencia sobrevida do obxecto do RCA interposto fronte á resolución sancionadora municipal, por canto antes da celebración da vista o servizo de Recadación Executiva revogou o acto impugnado.

Impóñenselle as custas ao Concello por importe máximo de 100 euros. Contra esta sentenza non cabe recurso.

Darase traslado desta resolución á Recadación Executiva para o seu coñecemento.

**11.- Contencioso. Expediente nº 20079/111**

Sentenza nº 60 do 5 de marzo de 2026
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 396/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de 30/09/2025 ditada en expediente sancionador
Expte(s): 351617/280
Contía: 200,00 €

A sentenza, firme, 1º) desestima o recurso interposto contra a resolución da Concelleira delegada de Seguridade de 30/09/2025 que desestimou o previo recurso interposto contra a sanción de 200 euros e retirada de 6 puntos pola infracción de conducir utilizando o telefóno móbil, por considerar que o procedemento foi tramitado conforme a dereito; 2º) condena en custas ao recorrente co límite máximo de 100 euros.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 7 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

**12.- Contencioso. Expediente nº 18621/111**

Sentenza nº 277 do 4 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 127/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución do TE-A desestimatoria de reclamación económico-administrativa, ditada no expediente nº 5260/550 (expediente nº 45900/512 recibo IBI 2020)
Expte(s): 5260/550 e 45900/512
Contía: 1.026.422,49 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso interposto pola sociedade concesionaria "Novo Hospital de Vigo S.A." contra a resolución do TEAC que desestimou a reclamación económico-administrativa contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición contra a liquidación do IBI do ano 2020.

A sentenza resolve en sentido desestimatorio, indicando que o Concello ten que aterse á disociación na xestión deste tributo establecida legalmente, na que a administración municipal acude ao que consta como información no Catastro. Considera probada a titularidade da concesión administrativa.

Malia os esforzos argumentativos da demandante por acollerse a unha xurisprudencia que non resulta de aplicación, o Xulgado entende que a actuación municipal foi completamente regrada, e por extensión, axustada a dereito.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben coñecer do resolto.

**13.- Contencioso. Expediente nº 19540/111**

Sentenza nº 17 do 4 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 318/2025
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Resolución de 11/06/2025 desestimatoria de recurso de reposición formulado fronte á factura núm. 17472401P0411033, emitida por Aqualia polos conceptos de rede de sumidoiros e depuración
Expte(s): 11/519
Contía: 5.194,29 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que o art. 28 do Regulamento do Servizo municipal de abastecemento de Vigo establece especificamente que no caso de fuga de auga cobraranse as tarifas correspondentes coa posibilidade de aplicación dunha bonificación do 50% do importe facturado.

Os conceptos facturados comprenden o alcantarillado e depuración de augas xa que forman parte da tarifa correspondentes ao subministro de agua recollida no artigo 5 da Ordenanza.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Polo tanto non poden excluírse tales conceptos en función de se si utiliza ou non o servizo de alcantarillado ou depuración, como sostén a recorrente, pois xa se regula no dito precepto a forma de aplicar as tarifas no caso de fuga.

Debe coñecer o resolto a Dirección de Ingresos.

**14.- Contencioso. Expediente nº 19768/111**

Sentenza nº 22 do 11 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 378/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 06/08/2025 inadmitindo solicitude de nulidade de actuacións (reclamación de débeda IVTM)
Expte(s): 469751/700
Contía: 558,02 €

Sentenza firme que desestima o RCA interposto contra as actuacións recadatorias municipais do IVTM (vehículos) dos anos 2018 a 2024, abeirado na nulidade de pleno Dereito de todas elas pola falta de notificación á titular do vehículo.

A sentenza recolle motivadamente que non concorre a causa de nulidade do art. 47 LPAC alegada pola actora, e que o Concello de Vigo tramitou o procedemento recadatorio consonte á norma legalmente establecida que esixe que as notificación se dirixan ao enderezo fiscal do vehículo que consta na DXT. Analiza todas as notificación efectuadas validando as mesmas, á vista do enderezo aportado pola demandante ante a DXT.

Contra esta sentenza non cabe recurso. Con expresa imposición de custas á demandante.

Darase traslado da mesma ao servizo de Recadación Executiva e ao servizo de Seguridade para o seu coñecemento.

**15.- Contencioso. Expediente nº 19923/111**

Sentenza nº 46 do 19 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Abreviado: 377/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de 17/06/2025 desestimatoria de reclamación económico-administrativa contra dilixencia de embargo en relación a lixo-2024
Expte(s): 6144/550 e 485443/700
Contía: Indeterminada

A sentenza estima o recurso contencioso interposto pola recorrente contra a resolución do TEA de 11/06/2025, que desestimou a reclamación económico-administrativa confirmando a desestimación da reposición que se intentara fronte á dilixencia de embargo acordada en relación co recibo do lixo da vivenda, que contaba cunha exención ata 2026 (proba a demandante que presentou escrito o 21/02/2024 solicitando o mantemento da exención)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 9 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Condena ao Concello a devolver á recorrente as cantidades indebidamente cobradas e embargadas por este concepto, incrementada cos seus xuros e co mantemento da exención durante o ano 2026.

Deben coñecer o resolto o TEA, Recadación Executiva e Administración de Tributos.

**16.- Contencioso. Expediente nº 19998/111**

Sentenza nº 30 do 25 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 446/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do TE-A do 19/08/2025 (desestimación do recurso de reposición por débedas do IBI)
Expte(s): 6227/550, 486926/700
Contía: 9.403,09 €

A sentenza, firme, 1º) desestima o recurso interposto contra o acordo do TEA que desestimou a reclamación económica administrativa presentada fronte a resolución de 20/05/2025 que declarou a responsabilidade tributaria subsidiaria da entidade recorrente por importe de 9.403,19 euros logo do impago do IBI e a declaración de fallida da anterior propietaria declarando as resolucións conformes a dereito; e 2º) impón as custas á entidade recorrente co límite máximo de 350 euros +IVE.

No FD 2º analiza (i) a derivación da obriga tributaria , que se configura como un instrumento de recadación autónomo que ten a particularidade de que a derivación de responsabilidade e/ou inicio do procedemento de recadación fronte ao responsable, condiciónase á existencia dun acto administrativo declarativo de responsabilidade. O cómputo da prescrición na responsabilidade subsidiaria comeza co acto de derivación de responsabilidade sen que no presente caso se tivera producido, e tampouco consta a prescrición respecto do obrigado principal como consecuencia das notificacións practicadas polo Concello de Vigo á debedora principal, declarada en concurso voluntario.

Respecto da (ii) declaración de que o inmoble adquiriuse libre de cargas, afirma que esta declaración non afecta á afección real do inmoble ao pago do IBI consonte ao artigo 64 do TRLHL, e remítese ás advertencias realizadas polo Notario de que no caso de existir débedas relativas ao IBI as fincas quedarían afectas ao cumprimento da referencia obriga tributaria contidas na escritura pública na que se formalizou a adquisición.

Deben coñecer o resolto o TEA, Recadación Executiva e Administración de Tributos.

**17.- Contencioso. Expediente nº 20301/111**

Sentenza nº 32 do 25 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 11/2026
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Tribunal Económico Administrativo de data 24/10/2025
Expte(s): 5906/550
Contía: 2.695,12 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A sentenza, firme: (1º) Estima o recurso interposto contra o acordo do TEA que desestimou a REA presentada contra a resolución de 06/09/2023 desestimatoria da solicitude de revisión e nulidade de actuacións relativas a unha débeda tributaria derivada do IIVTNU por valor de 2.695,12 euros en relación cun inmoble; (2º) anula a liquidación por importe de 2.695,12 euros, 438,60 euros de xuros de demora e 707,47 euros en concepto de sanción relativos ao referido inmoble, así como as demais cantidades, intereses, recargos, sancións ou calquera outra que delas se deriven; e (3º) condena ao Concello de Vigo ao pago das custas co límite de 350 euros +IVE.

No FD 2º analiza a prescripción. Logo de citar os artigos 66 e 68.2 da LXT analiza as notificacións e actuacións realizadas pola Administración fronte ao pai da recorrente e conclúe que non produciron efectos interruptivos da prescrición. A liquidación obxecto deste procedemento corresponde ao IIVTNU derivada dunha transmisión mortis causa do inmoble por parte da avoa da recorrente ao seu pai. Non consta a notificación relativa á débeda a nome do pai da recorrente antes do prazo de 4 anos. A maiores, tendo en conta que a averiguación dos sucesores da avoa realizouse con posterioridade ao falecemento do pai o 08/03/2014, o procedemento debeu dirixirse contra as súas herdeiras.

Deben coñecer o resolto o TEA, Recadación Executiva e Administración de Tributos-IIVTNU.

**18.- Contencioso. Expediente nº 20314/111**

Sentenza nº 33 do 25 de febreiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 13/2026
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 23/09/2025 ditada polo TE-A
Expte(s): 5809/550 e 493571/700
Contía: 13.145,55 €

A sentenza firme estima parcialmente o recurso ao considerar que soamente as notificacións efectuadas con anterioridade ao 4 de xuño de 2020 fronte ao titular anterior, que é data na que se realiza o cambio de titularidade dos bens, son válidas e produciron efectos interruptivos da prescrición. Decláranse prescritas as débedas devengadas con anterioridade ao 11 de outubro de 2018, pois entre a última notificación válida dirixida ao anterior titular- xaneiro de 2017- e a primeira realizada ao recorrente -11 de outubro de 2022- pasaron máis de 4 anos.

Debe coñecer o resolto o servizo de Recadación Executiva.

**19.- Contencioso. Expediente nº 18897/111**

Sentenza do 30 de outubro de 2025
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7152/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Apelación do auto do 22 de abril do 2025 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Execución Definitiva nº 7/2025 (expediente nº 17707/111)

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Obxecto do recurso de orixe: Execución da sentenza nº 178/2024 do 29 de maio do 2024 ditada polo TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3 no Procedemento Recurso de apelación nº 7144/2023
Expte(s): 9324/106
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso interposto pola executante sen imposición de custas.

Por medio dun Auto o Xulgado de instancia considerou executada a sentenza que condenou ao Concello a indemnizar á demandante por mor das molestias causadas polos ruídos dos postos e atraccións instalados no entorno da Praza de Compostela durante a campaña de Nadal do ano 2022/2023, e contra ese Auto interpuxo recurso de apelación a executante, desconforme.

A Sala do TSXG entende que non se cumpriu coa parte da condena correspondente a asegurar que os niveis de ruídos non superen os limiares establecidos, polo que nese aspecto revoga o Auto.

Os servizos de Comercio e o de Medio Ambiente deben de coñecer do resolto.

**20.- Contencioso. Expediente nº 15584/111**

Sentenza do 5 de decembro de 2025
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7060/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Apelación da sentenza nº 22 do 1 de febreiro do 2023 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 394/2021 (expediente nº 14351/111)
Obxecto do recurso de orixe: Resolución de data 05/11/21 desestimatoria dos recursos de reposición formulados fronte ás resolucións do 18/12/20 e 30/06/21, con requirimento para formular nova solicitude de reequilibrio económico-financeiro da concesión do transporte público urbano de viaxeiros
Expte(s): 3078/449, 3292/449
Contía: Indeterminada superior a 30.000 euros

Esta sentenza, firme, rexeita o recurso de apelación e confirma a sentenza de instancia.

A sentenza apelada a ditara o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo e tivo como obxecto a desestimación da solicitude de reequilibrio económico-financieiro da empresa Vitrasa, concesionaria do servizo de transporte urbano, por mor da crise sanitaria.

A Sala pronúnciase sobre o ámbito de aplicación temporal do RD-Lei 8/2020, para concluír que o seu ámbito temporal se mantiña conforme ao regulado, ata un mes despois do fin da vixencia do estado de alarma (DF 10ª). Outro pronunciamento é o relativo ás reclamacións da empresa sobre a imposibilidade de prestación correcta do servizo, que se rexeitan porque esa situación de feito xa a contemplou a normativa, e a administración declarou e valorou esa imposibilidade para o período amparado no RD-Lei 8/2020.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Insiste esta resolución en que a normativa excepcional en materia de contratación pública tivo dous momentos normativos e fácticos; o do RD-lei 8/2020 (ata xuño do 2020), e o posterior (ata decembro do 2020) ao amparo do RD 407/2021.

Repróchase tamén á empresa apelante a súa postura sobre o feito de que non tiña que atender ao requirimento do Concello, polo que ten que soportar as consecuencias de non facelo, que é tela por desistida con relación á reclamación posterior ao 1 de xaneiro do 2021.

Finalmente, é obxecto de crítica a pericial da recorrente, posto que considera que ignora completamente o exposto sobre a aplicabilidade das regras excepcionais para o ano 2020. De modo que se a premisa desa pericial é errónea e non distingue os períodos, tampouco emprega as bases normativas da LCSP para valorar un reequilibrio e en definitiva mestura os períodos, as eivas impiden considerar que se xustifique o erro na valoración da sentenza de instancia, que asume a levada a cabo na vía administrativa polo Concello.

O servizo de Transportes e a área de Contratación deben coñecer do resolto.

**21.- Contencioso. Expediente nº 20449/111**

Decreto nº 9 do 12 de marzo de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Ordinario: 44/2026
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución desestimatoria das solicitudes efectuadas o 22/04/2025 e o 02/07/2025 e resolución desestimatoria de recursos de reposición formulados en data 08/10/2025
Expte(s): 5098/449

O decreto acorda ter por desistida á recorrente Cibeles Comfort Cars, SL declarando a terminación do presente procedemento sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto o servizo de Transportes.

**22.- Contencioso. Expediente nº 18085/111**

Sentenza nº 688 do 19 de novembro de 2025
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 85/2025
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Apelación do auto do 10 de decembro do 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo en peza de incidentes en fase de execución (Execución Definitiva 35/2024, expediente nº 17049/111)
Obxecto do recurso de orixe: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello e confirma o Auto do Xulgado de instancia, no incidente de execución promovido.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 13 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A representación do Concello formulou o incidente con alternativas para a execución da sentenza, sen que o Auto do Xulgado se pronunciase sobre a idoneidade dalgunha delas, e a Sala confirma que o que se debe executar é o acordado na sentenza. Entende que procede que a administración fixe unha cantidade a abonar ao demandante e se lle dea o traslado á outra parte. Será nese momento cando se poidan expoñer as discrepancias concretas e específicas desa execución.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e proseguir coa execución.

**23.- Contencioso. Expediente nº 17192/111**

Sentenza nº 16 do 21 de xaneiro de 2026
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 260/2024
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Apelación da sentenza nº 79 do 26 de abril do 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 356/2023 (expediente nº 16728/111)
Obxecto do recurso de orixe: Resolución desestimatoria da solicitude de compensación económica das vacacións devengadas e non desfrutadas correspondentes aos anos 2021 e 2022.
Expte(s): 40898/220

A sentenza, firme, desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza do XCA nº 1 de Vigo ditada no PA 356/2023, que declarou o dereito do demandante (que traballou como funcionario interino do SPEIS) ao abono da cantidade de 590,81 euros en concepto de compensación económica polos 11 días de vacacións devengadas e non gozadas correspondentes aos anos 2021 e 2022.

No FX5º cita a normativa e a xurisprudencia sobre compensación económica das vacacións e no FX6º conclúe que procede confirmar a sentenza por canto o demandante non puido gozar a totalidade das vacacións por necesidades de servizo segundo informe do xefe do Servizo, sen que sexa obstáculo para denegar o dereito a solicitude de renuncia voluntaria ao posto.

Sen imposición de custas a ningunha das partes.

Debe coñecer o resolto a área de RRHH e Formación.

**24.- Contencioso. Expediente nº 19672/111**

Sentenza nº 12 do 29 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 372/2025
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de 10/08/2021, en pretensión de abono das cantidades de atrasos de complemento de festividade e nocturnidade durante os períodos vacacionais, situacións de IT, pagas extraordinarias, asuntos propios e demais permisos
Expte(s): 38247/220, 44984/220, 41080/220
Contía: Indeterminada

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso e condena ao abono das cantidades reclamadas en concepto de nocturnidade e festividade.

O actor, funcionario da Policia Local, solicitaba as cantidades correspondentes a eses compoñentes que se incluíron no complemento específico dos postos da Policía Local antes de que se ditase a STS que recoñeceu o dereito a percibilos. Polo tanto, este demandante percibirá en execución de sentenza o mesmo que os restantes funcionarios que accionaron no seu momento.

Na demanda solicitaba a maiores dos outros asuntos, estas mesmas cantidades dende a data de presentación da reclamación e ata a data de aprobación da RPT do 2023 -que valorou os postos- e por mor dun suposto prexuízo porque figurou integrado en unidades que non traballaban en tres quendas, senón en dúas (mañá-tarde). O Tribunal rexeita o primeiro por desviación procesual, e canto a esta segunda cuestión, entende que obedecía á potestade de organización do servizo.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e valorar a execución da sentenza neste momento.

**B. Resolucións ditadas na orde xurisdicional social**

**1.- Social. Expediente nº 17345/111**

Sentenza nº 546 do 30 de decembro de 2025
Xulgado do Social nº 5 de Vigo
Ordinario: 516/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e medidas de vixilancia da saúde, e indemnización polos danos morais.
Expte(s): 1752/2202

Esta sentenza, firme, desestima a demanda interposta polo actor, funcionario da Policía Local de Vigo, nunha acción por incumprimento de medidas preventivas.

Pretendíase a condena ao Concello a aplicar unha serie de medidas preventivas, avaliar os riscos do posto de traballo do demandante e a percibir unha indemnización por importe de 10.000 euros polo incumprimento das medidas de prevención.

A sentenza recolle que non se aprecia ningunha clase de incumprimento das prescricións preventivas a corrixir por parte do Concello. Consta activado o protocolo de acoso, que non constatou a realidade denunciada polo actor, senón un conflito interpersoal. Consta tamén que as dúas persoas non conviven, porque están destinadas a unidades diferentes, polo que non haberá contacto entre eles, e igualmente se acredita que o demandante se someteu a un estudio de vixilancia da saúde, así como xestións por parte dunha técnica de prevención de riscos.

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Descartando tanto deficiencias na avaliación do risco como de medidas de planificación para paliar as consecuencias sobre a saúde do traballador eventualmente xeradas, entende que o Concello como empregador, adoptou medidas, polo que se desestima a demanda.

A xefatura da Policía Local, a área de RRHH e Formación e o SPPRL deben coñecer do resolto.

**2.- Social. Expediente nº 18378/111**

Sentenza nº 17 do 12 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 2 de Vigo
Seguridade social: 17/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Cambio de continxencias (accidente de traballo peón Vigo Emprega)

Esta sentenza, firme, estima o recurso interposto pola demandante e considera que a determinación da continxencia procedente é a de enfermidade profesional. O Concello de Vigo constaba como codemandado, xunto coa súa Mutua e o INSS.

A demandante estivo contratada a cargo do programa Vigo Emprega, e sufriu un accidente. A sentenza considera que o accidente tivo lugar en tempo de traballo, polo que comporta o cambio de continxencia.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

**3.- Social. Expediente nº 19493/111**

Decreto nº 16 do 15 de xaneiro de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 2 de Vigo
Ordinario: 587/2025
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de cantidades deixadas de percibir durante o período de IT
Expte(s): 46525/220

Esta resolución, firme, ten por desistida á parte demandante e arquiva o procedemento. A demandante reclamaba cantidades non percibidas durante períodos de IT (persoal laboral).

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

**4.- Social. Expediente nº 19044/111**

Sentenza nº 456 do 2 de febreiro de 2026
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 4227/2025
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 207/2025 do 16 de maio do 2025 ditada polo Xulgado do Social nº 6 de Vigo no Procedemento Modificación Sustancial de Condicións Laborais nº 837/2023 (Expediente nº 16439/111)
Obxecto do procedemento de orixe: Demanda por acoso laboral en solicitude de modificación das condicións de contrato e reclamación de indemnización polos danos e perdas.
Expte(s): 17501/2202

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Esta sentenza, firme, desestima o recurso de suplicación interposto polo recorrente contra a sentenza ditada na instancia que desestimou a demanda en materia de incumprimento de medidas preventivas (e suposto acoso laboral).

O recorrente, funcionario do Corpo da Policía Local, demandaba por mor da ineficacia do protocolo por acoso laboral operativo no Concello de Vigo e activado por el mesmo. Na sentenza, a Sala do TSXG considera, dende o punto de vista formal, defectuosa a pretendida revisión de feitos probados por parte do recorrente, ao entender as alegacións abstractas e sen indicación concreta da proba que a soporte.

Canto á posible existencia do acoso, se desbotan, logo dunha exposición desta figura e dos criterios, e recolle "no hay ni siquiera una sospecha de que los hechos estén vinculados a ninguna decisión, por lo qeu coincidimos con el Magistrado en que nos encontramos ante disparidad de opiniones y una manera personal de asumir las decisiones de sus superiores". Os requisitos, os condicionantes -en palabras da sentenza- neste caso non se dan, polo que non se acolle o recurso.

A xefatura da Policía Local, a área de RRHH e Formación, e o SPPRL do Concello de Vigo deben coñecer do resolto.

**C. Resolucións ditadas na orde xurisdicional penal**

**1.- Penal. Expediente nº 12373/111**

Auto nº 891 do 18 de decembro de 2025
Audiencia Provincial, Sección nº 5 de Pontevedra
Recurso de apelación: 1038/2025
Obxecto: Apelación do auto do 1 de outubro do 2025 ditado polo Xulgado de Instrución nº 3 de Vigo nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado nº 1682/2018 (expediente nº 12373/111)
Obxecto do procedemento de orixe: Lesións por imprudencia
Demandante/Recorrente: Particular

Esta resolución é firme, ao non ser posible a presentación de recurso algún e desestima o recurso de apelación interposto pola representación de varias persoas (prexudicadas no accidente sucedido durante o Festival de O Marisquiño) contra o Auto do Xulgado de Instrución que decretou o sobresemento provisorio da causa.

O Auto da Audiencia Provincial desestima o recurso de apelación, e por extensión vén a confirmar o Auto do Xulgado, recollendo de forma moi pormiudada no seus primeiros fundamentos os motivos dos recursos interpostos e a posición de oposición das partes (Ministerio Fiscal e Concello incluídos), relacionando os feitos coa documentación incorporada aos autos.

Considera a Audiencia que a motivación do Auto é suficiente, sendo este un dos extremos criticados, posto que se integra tamén coa motivación do Ministerio Fiscal, especialmente no relativo á posibilidade de imputar aos investigados, en función das súas tarefas e da súa intervención nos feitos, unha conduta con relevancia penal. Sinala que non se lles atribuíron



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 17 de 189 |
| --- | --- | --- |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

competencias referidas á autorización da celebración do evento do Marisquiño ou atribuído un deber específico de coidado antes de outorgar a autorización, senón que a súa participación se refería fundamentalmente ao deber de mantemento das infraestruturas.

Analizando a situación de cada un dos investigados, rexeita os motivos de recurso.

A área de Seguridade debe coñecer do resolto.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.
**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.
**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.
**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.
**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

## PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**3(332).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO CONTRA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES. EXPTE. 51261/446.**
Sométese a aprobación a proposta da xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27/04/2026, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 101/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 82/2026, interposto interposto por PREZERO ESPAÑA SAU contra adxudicación do contrato do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo, expediente 51261-446 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

*1. Desestimar o recurso interposto por PREZERO ESPAÑA SAU contra adxudicación do contrato do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo, expediente 51261- 446, licitado polo devandito concello.*

*2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .*

*3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP*

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**4(333).- DAR CONTA DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL DE "CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES S.A." POR "ORESA ASFALTADOS S.A.". EXPTE. 2082/441.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/04/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 19 de 189 |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 4 de novembro de 2024, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou adxudicar a CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES, S.A, o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Doutor Cadaval" (expediente 2082-441).

**Segundo.-** O 16 de setembro de 2025, o contratista mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 240389335) comunica que modificou a sua denominación social pola de "ORESA ASFALTADOS, S.A.". Axunta a escritura pública de cambio de denominación, outorgada ante o notario de Vigo, D. José Luis Espinosa de Soto, o 6 de maio de 2025, co número 1.246 do seu protocolo.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**
**Do cambio de denominación social**

A razón social ou denominación é o nome xurídico da sociedade e, por conseguinte, o signo identificativo baixo o cal adquire dereitos e contrae obrigacións fronte a terceiros. Debe constar nos estatutos sociais (artigo 6 da LSC).

O cambio de denominación constitúe unha modificación estatutaria que, para a súa plena eficacia e oponibilidade fronte a terceiros, require o cumprimento dos requisitos formais establecidos nos artigos 285, 288 e 290 da LSC:

- A súa aprobación mediante acordo da xunta xeral (artigos 285 e 288 da LSC).
- A súa formalización en escritura pública (artigo 290 da LSC).
- A súa inscrición no Rexistro Mercantil, momento a partir do cal produce efectos fronte a terceiros (artigo 290 da LSC en relación co artigo 21 do Código de Comercio).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

No ámbito da contratación do sector público, o cambio de denominación social do contratista non altera a validez nin a execución do contrato administrativo en vigor, na medida en que non comporta modificación da personalidade xurídica do suxeito contratante. O contratista segue sendo a mesma persoa xurídica, titular dos mesmos dereitos e obrigacións, producíndose unicamente unha actualización do seu nome ou denominación.

Neste sentido, non estamos ante un suposto de sucesión do contratista dos previstos no artigo 98 da LCSP, xa que non existe transmisión da personalidade xurídica nin cambio na titularidade da relación contractual, senón unha mera modificación formal ou identificativa.

A doutrina das xuntas consultivas de contratación vén reiterando que os cambios de denominación social non requiren autorización do órgano de contratación nin supoñen unha modificación contractual, sendo suficiente a súa comunicación fehaciente, xunto coa acreditación documental correspondente.

En consecuencia, o contratista deberá comunicar formalmente ao órgano de contratación o cambio de denominación, achegando a escritura pública debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, para a súa toma de razón nos expedientes administrativos e efectos oportunos.

No presente caso, o contratista, xunto co escrito presentado no Rexistro Xeral comunicando o cambio de denominación, axunta a escritura pública de cambio de denominación, outorgada ante o notario de Vigo, D. José Luis Espinosa de Soto, o 6 de maio de 2025, co número 1.246 do seu protocolo.

**-II-**

**Dos seus efectos sobre as garantías e os pagamentos**

En relación coas garantías definitivas constituídas, estas continúan sendo plenamente válidas, aínda cando a denominación do tomador que figura no aval ou no seguro de caución non coincida coa nova denominación social, pois se manteña o mesmo CIF.

Non obstante, por razóns de seguridade xurídica e de correcta identificación do contratista, o órgano de contratación poderá instar a actualización formal do documento de garantía. En todo caso, e por analoxía co previsto no artigo 98 da LCSP para os supostos de sucesión do contratista - onde se outorga á entidade garante a posibilidade de valorar o risco -, debe entenderse que, ao non existir cambio de suxeito, non resulta esixible a constitución dunha nova garantía, sendo suficiente a toma de razón do cambio de denominación.

En canto á facturación, desde a data de inscrición rexistral do cambio de denominación, as facturas deberán emitirse baixo a nova denominación social, sen prexuízo de que deba manterse o mesmo CIF.

Para estes efectos, considérase adecuado dar traslado do acordo á Tesourería municipal e á Intervención Xeral, a fin de que teñan constancia da nova denominación social para a eventual execución ou devolución das garantías e o pagamento das facturas.

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**-III-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**-IV-**

**Proposta de acordo**

A vista do exposto, proponse á XGL a adopción do seguinte **acordo**:

*"Primeiro.- Tomar razón do cambio de denominación social de CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES, S.A, que pasa a denominarse ORESA ASFALTADOS, S.A, segundo consta na escritura pública outorgada en data 6 de maio de 2025.*

*Segundo.- Declarar que o citado cambio de denominación non supón alteración da personalidade xurídica do contratista nin modificación das condicións do contrato administrativo en vigor, mantendo este a súa plena validez e eficacia.*

*Terceiro.- Non resulta preciso o cambio da garantía definitiva para reflectir a nova denominación social dado que o contratista mantén o mesmo CIF.*

*Cuarto.-Dar traslado do presente acordo á Tesourería municipal e á Intervención Xeral, aos efectos oportunos en relación coas garantías constituídas e para a correcta tramitación dos pagamentos derivados do contrato.*

*Quinto.- Notificar este acordo ao interesado".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(334).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS EN BOUZAS NO MARCO DO PRTR-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPA - NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8883/104.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 16/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8883-104)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8883-104)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 19 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS EN BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA -FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU*
*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 03/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 28/11/25.*
*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 35.223,09 €, cun IVE de 6.113,10 euros.*
*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 “TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR” do programa orzamentario do Servizo de Turismo.*
*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 6 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do seguinte acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 29 de xaneiro de 2026:

*“b) Non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores polas razóns que a continuación se detallan:*

1. *PHYGITAL DEST, SL, por presentar documentación fora do prazo concedido.*
2. *A LANZADA COOPERATIVA GALEGA, por non presentar documentación ningunha no prazo concedido”*

S.ord. 04/05/2026

Documento asinado

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8883-104) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, SL | 91,00 |
| 2 | FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO, SL | 83,39 |
| 3 | UTE ANA MARÍA MARTÍN PONTE – LUCÍA OUTEIRAL PÉREZ | 79,98 |
| 4 | VOLTA MONTANA, SL | 60,73 |
| 5 | CARLOS ALCÁNTARA ALEJO | 29,88 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, SL, o día 6 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida os días 8 e 13 de abril, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o poder de representación e DNI do apoderado, o obxecto social e que a empresa non está incursa en prohibición de contratar.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (20.376,99 euros), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (24.656,16 euros), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 1.091,62 euros que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 2 e 30 de marzo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 25 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8883-104) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 26.417,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.584,82 euros.*

b) *Comprométese a incorporar unha proba piloto dos paquetes turísticos desenvolvidos:*

   - *Execución de 1 paquete turístico en formato de media xornada, incluíndo a avaliación da experiencia e a inclusión de axustes ou melloras derivadas de probas piloto.*
   - *Execución de 1 paquete turístico en formato de xornada completa, incluíndo a avaliación da experiencia e a inclusión de axustes ou melloras derivadas das probas piloto.*
   - *Execución de 1 paquete turístico en formato de fin de semana ou ponte (2-3 días), incluíndo a avaliación da experiencia e a inclusión de axustes ou melloras derivadas de probas piloto.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(335).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUBE SD CARBALLAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 .EXPTE. 25393/333.**

Visto o informe xurídico do 16/04/2026 e o informe de fiscalización do 27/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

## 1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 14.01.26 a entidade SD CARBALLAL presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260008825 a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

## 2.- FUNDAMENTOS

### Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 40.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4800003 a favor da entidade SD CARBALLAL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 27 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SD CARBALLAL conta cun equipo de elite na modalidade de BALONMÁN na categoría División de Honra Ouro. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Ouro hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos compleméntanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SD CARBALLAL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

1. O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.

- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade SD CARBALLAL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 29 de 189 |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias  no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

**Segundo.- Motivación**
Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidadeSD CARBALLAL  durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

**Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva SD CARBALLAL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 40000 a favor da entidade SD CARBALLAL co CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25393-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800003 do vixente orzamento.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SD CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25393-333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25393-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade SD CARBALLAL durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra Ouro desen-

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

volve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un piar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade SD CARBALLAL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SD CARBALLAL impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do BALONMÁN en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 40000,00€, a favor da entidade deportiva SD CARBALLAL.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade SD CARBALLAL na tempada deportiva 2025-2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**VI.-** Que a entidade SD CARBALLAL non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25393-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o SD CARBALLAL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade SD CARBALLAL comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de BALONMÁN na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocarase a imaxe institucional do Concello de Vigo, localizada en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 33 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade SD CARBALLAL na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade SD CARBALLAL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SD CARBALLAL unha subvención por importe de 40.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.
Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.
O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 35 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposi-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 37 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ción, estarase ao disposto  no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas.  Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
   a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
   b) O acordo unánime dos asinantes.
   c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
   d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
   e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(336).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB ESCOLA ROSALÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25444/333.**

Visto o informe xurídico do 30/03/2026 e o informe de fiscalización do 24/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

a.- Con data 04.03.26 a entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260053011) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 39 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

**2.- FUNDAMENTOS**

**Primeiro.- Consideracións xerais**

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 12000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890019 a favor da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB ESCOLA ROSALÍA conta cun equipo de elite na modalidade de BADMINTON na categoría Liga Oro de Bádminton. A actividade deste equipo na compe-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

tición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Oro de Bádminton hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos compleméntanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

1. O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.

- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 41 de 189 |
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposi-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*ción reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

**Segundo.- Motivación**

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890019 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 43 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CLUB ESCOLA ROSALÍA para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 12000 a favor da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA co CIF: G27827856 e enderezo social en Ctra. Bembrive, 91, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25444333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890019 do vixente orzamento.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ESCOLA ROSALÍA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25444-333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Jesús Gómez Vázquez como presidente/a da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA co CIF G27827856 e enderezo social en Ctra. Bembrive, 91, en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25444-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Oro de Bádminton desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un piar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

A entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do BADMINTON en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890019 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12000,00€, a favor da entidade deportiva CLUB ESCOLA ROSALÍA.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA na tempada deportiva 2025-2026.

**VI.-** Que a entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 45 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25444-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB ESCOLA ROSALÍA conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

**PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:
- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de BADMINTON na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:
- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo coa imaxe institucional.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB ESCOLA ROSALÍA unha subvención por importe de 12000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890019 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.
Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

2. Son causas de resolución do Convenio:
   a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
   b) O acordo unánime dos asinantes.
   c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
   d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
   e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**8(337).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO ANO 2026. EXPTE. 25379/333.**

Visto o informe xurídico do 09/04/2026 e o informe de fiscalización do 23/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o técnico de Deportes e conformado pola secretaria de Administración Municipal e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I- ANTECEDENTES:**

1.- Con data 13.02.26 a Xunta de Goberno local acordou aprobar as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as “ subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2026 por un importe máximo total de 75.000,00€ con cargo ás partidas orzamentarias seguintes:

- LIÑA 1: Grandes eventos deportivos: 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 2: Programas de deporte escolar. 10.000,00€ (Dez mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 3: Eventos integrados en circuítos nacionais de deporte federado promovidos polo tecido empresarial deportivo. 15.000,00€ (Quince mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.00.00.

2.- O anuncio do extracto e das bases da convocatoria foron publicados no Boletín Oficial de Pontevedra (27.02.26) e na Web do Concello de Vigo.

3.- Consta no expediente acta de data 07.04.26 da Comisión de valoración da convocatoria coa avaliación das solicitudes de Subvención coa proposta avaliada.

4.- A base 7ª da convocatoria establece os criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 50 puntos, que detalla que serán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima de 20 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

5.- Sobre as solicitudes presentadas:

- Solicitudes presentadas: 12.
- Solicitudes admitidas: 6.
- Solicitudes rexeitadas: 6

6.- A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acreditou a vixencia e validez dos documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT das entidades admitidas no procedemento. Da documentación avaliada pola comisión de valoración se desprende que as entidades admitidas, detalladas no anexo I, cumpren cos requisitos da convocatoria establecidos na base quinta

7.- Solicitudes admitidas:
No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso por cumprir os requisitos establecidos para cada unha das liñas de subvención.

8.- Solicitudes rexeitadas:
Tendo en conta a documentación presentada polas entidades solicitantes de subvención, a comisión de valoración encargada da avaliación das solicitudes, acordou rexeitar as solicitudes detalladas no anexo II polas motivacións especificadas en cada un dos casos.

Por todo o dito anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Outorgar as subvencións ós clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 65.000,00€, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:
- 43.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 para a liña 1.
- 7.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 para a liña 2.
- 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.470.00.00 para a liña 3.

**Segundo.-** Rexeitar as solicitudes das entidades detalladas no anexo II polos motivos indicados no dito anexo.

**Terceiro.-** Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á via administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 04/05/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

## ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2026

| LIÑA 1: GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ENTIDADE | CIF | EXPTE | EVENTO | IMPORTE SOLICITADO | 1.1. %FINANCIAMENTO MUNICIPAL | PUNTOS 1.1. | 1.2. ORZAMENTO GASTOS | PUNTOS 1.2 | 1.3. DÍAS COMPETICIÓN | PUNTOS 1.3. | 1.4. TIPO COMPETICIÓN | PUNTOS 1.4. | 1.5. N.º EDICIÓN | PUNTOS 1.5. | 1.6. PARTICIPACIÓN | PUNTOS 1.6. | TOTAL PUNTOS | IMPORTE SUBVENCIÓN |
| O GROVE RACKET CLUB | G10571883 | 25449-333 | VIGO TENNIS OPEN 2026 | 10.000,00 € | 14,27 % | 10 | 70.100,00 € | 8 | 8 | 8 | CIRCUÍTO INTERNACIONAL | 5 | 6 | 2 | 600 | 10 | 43 | 10.000,00 € |
| REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO | G36612752 | 25451-333 | SEMANA DO ATLÁNTICO DE VELA | 10.000,00 € | 23,81 % | 7 | 42.000,00 € | 5 | 7 | 8 | CIRCUÍTO INTERNACIONAL | 5 | 27 | 4 | 348 | 8 | 37 | 10.000,00 € |
| SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER | G27769397 | 25478-333 | A GRAN BIKEDADA | 3.000,00 € | 14,64 % | 10 | 20.497,14 € | 5 | 1 | 2 | RESTO DE EVENTOS | 3 | 12 | 3 | 600 | 10 | 33 | 3.000,00 € |
| FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS | G15109267 | 25475-333 | TORNEO INTERNACIONAL TENIS FEMININO | 10.000,00 € | 17,68 % | 10 | 56.550,00 € | 8 | 8 | 8 | CIRCUÍTO INTERNACIONAL | 5 | 28 | 4 | 112 | 3 | 38 | 10.000,00 € |
| CLUB DE PÁDEL BARREIRO | G27807122 | 25491-333 | TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO | 10.000,00 € | 8,34 % | 10 | 119.850,00 € | 10 | 12 | 8 | RESTO DE EVENTOS | 3 | 12 | 3 | 1042 | 10 | 44 | 10.000,00 € |
| LIÑA 2: PROGRAMAS DE DEPORTE ESCOLAR | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ENTIDADE | CIF | EXPEDIENTE | EVENTO | IMPORTE SOLICITADO | 1.1. %FINANCIAMENTO MUNICIPAL | PUNTOS 1.1. | 1.2. ORZAMENTO GASTOS | PUNTOS 1.2 | 1.3. DÍAS COMPETICIÓN | PUNTOS 1.3. | 1.4. TIPO COMPETICIÓN | PUNTOS 1.4. | 1.5. N.º EDICIÓN | PUNTOS 1.5. | 1.6. PARTICIPACIÓN | PUNTOS 1.6. | TOTAL PUNTOS | IMPORTE SUBVENCIÓN |
| AGRUPACIÓN XÓVENES ATLETAS | G36904027 | 25452-333 | PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ESCOLAR CROSSES | 7.000,00 € | 34,79 % | 5 | 10.735,00 € | 8 | 8 | 8 | RESTO DE EVENTOS | 3 | 24 | 4 | 3000 | 10 | 38 | 7.000,00 € |
| LIÑA 3: PROBAS DE CIRCUÍTOS NACIONAIS | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ENTIDADE | CIF | EXPEDIENTE | EVENTO | IMPORTE SOLICITADO | 1.1. %FINANCIAMENTO MUNICIPAL | PUNTOS 1.1. | 1.2. ORZAMENTO GASTOS | PUNTOS 1.2 | 1.3. DÍAS COMPETICIÓN | PUNTOS 1.3. | 1.4. TIPO COMPETICIÓN | PUNTOS 1.4. | 1.5. N.º EDICIÓN | PUNTOS 1.5. | 1.6. PARTICIPACIÓN | PUNTOS 1.6. | TOTAL PUNTOS | IMPORTE SUBVENCIÓN |
| ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L | B36915585 | 25482-333 | CTO. ESPAÑA TENIS PLAYA | 15.000,00 € | 48,39 % | 5 | 31.000,00 € | 8 | 3 | 5 | RESTO DE EVENTOS | 3 | 6 | 2 | 96 | 3 | 26 | 15.000,00 € |

## ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN ENCARGADA DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á "CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2026".

| SOLICITUDES REXEITADAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ENTIDADE | CIF | EXPEDIENTE | MOTIVO |
| 1 | CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL | G27773928 | 25448-333 | NON CUMPRIR CO REQUISITO DE TER UN ORZAMENTO MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª PARA O TIPO DE EVENTO |
| 2 | FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEY | G32172058 | 25450-333 | NON CUMPRIR CO REQUISITO DE TER UN ORZAMENTO MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª PARA O TIPO DE EVENTO |
| 3 | REAL AERO CLUB DE VIGO | G36610384 | 25462-333 | NON CUMPRIR CO REQUISITO DE TER UN ORZAMENTO MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª PARA O TIPO DE EVENTO |
| 4 | CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE | G36904530 | 25484-333 | NON CUMPRIR CO REQUISITO DE TER UN ORZAMENTO MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª PARA O TIPO DE EVENTO |
| 5 | CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA CARBALLAL | G36686376 | 25490-333 | NON CUMPRIR CO REQUISITO DE MODALIDADE DE DEPORTE INDIVIDUAL (LIÑAS 1 E 2) NIN TIPO DE ORGANIZADOR NA LIÑA 3. |

**9(338).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVAIS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2026. EXPTE. 21974/77.**

Visto o informe de fiscalización do 23/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/04/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. Obxecto da subvención:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social.

**II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anterio-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*res (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores  desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

**III. Beneficiarias:**

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

**IV. Finalidade**:

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

**V. Procedemento de concesión da subvención:**

Esta nova convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

**VI. Tramitación:**

Os únicos cambios ou novidades respecto ás Bases da convocatoria correspondente ao 2025, son os seguintes:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

- Na Base 9ª, no apartado de "Experiencia e antigüidade impactando na economía da cidade, acreditada do proxecto e considerando as edicións desenvolvidas en Vigo" equidistribuíronse os 10 puntos en catro tramos de nº de edicións en lugar de 5.

- No apartado seguinte da mesma Base 9ª, en vez de "Número de asistentes previstos á feria de xeito presencial demostrado coa recollida de acreditacións e/ou venda de tickets" dise "Número de asistentes previstos á feria**";** xa que na Base 12ª que aborda o tema da xustificación da subvención concedida, aclárase nun apartado como xustificar o nº de asistentes á feira de forma presencial que di: "A efectos de valoración, **o número de asistentes** deberá acreditarse mediante medios obxectivos, verificables e susceptibles de comprobación posterior. A entidade organizadora deberá achegar documentación xustificativa suficiente, tales como recollida de acreditacións, tickets de venda, rexistros ou sistemas de control de accesos, sistemas de cálculo de asistentes mediante captación e análise de imaxes —incluídos os realizados mediante dron— ou outros medios equivalentes que permitan acreditar de forma fiable a asistencia. No suposto de empregarse sistemas de captación de imaxes ou tecnoloxías análogas, estes deberán utilizarse respectando a normativa vixente en materia de protección de datos persoais e, no seu caso, a normativa aplicable á utilización de aeronaves non tripuladas."

**VII. Normativa de aplicación:**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VIII. Tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír máis dun evento en dita solicitude.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

**IX. Contía total e crédito orzamentario:**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros.**

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**X. Publicidade:**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2026" en:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

**XI. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

**XII. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución de Alcaldía do 25/09/2025), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 205.000,00€ (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700003, denominada "Feiras industriais", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo correspondentes ao ano 2026.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras e festivais sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2026" e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras e festivais sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2026" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2026

**BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

**Obxecto**.
Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras sectoriais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en benefi-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

cio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **16 de outubro de 2025 e o 15 de outubro de 2026**.

**Finalidade.**
Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

**Beneficiarias.**

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvencions reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

**BASE 2ª.- REQUISITOS DAS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que a actividade feiral presentada se desenvolva en Vigo.
3. No caso de entidades sen ánimo de lucro deberán atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
4. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

5. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente.
7. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Oitava desta convocatoria.
8. Non atoparse comprendido en ningún dos supostos recollidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
9. Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar cumprir, nos termos dispostos neste apartado, os prazos de pago que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
10. A xustificación por parte das solicitantes de non atoparse incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiarias realizarase na forma establecida no artigo 13,7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no Título Preliminar, capítulo III, sección 3 do Regulamento da citada Lei Xeral de Subvencións, aprobada polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

**BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

A subvención soamente poderá cubrir os gastos directos de fomento do emprego. Considéranse gastos directos aqueles servizos vinculados directamente coa organización e celebración da feira e/ou festival que fomenten o emprego da actividade feiral ou festival e que financian a consecución dos seus obxectivos.

Consideraranse gastos subvencionables, as seguintes categorías de servizos directamente vinculadas coa organización e celebración da feira e/ou festival que fomenten o emprego:

a) Montaxe e desmontaxe.

b) Rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais.

c) Servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza e medios persoais que permitan a participación no evento garantindo a accesibilidade universal.

d) Plans de autoprotección e evacuación.

Non se considerarán gastos subvencionables os que a continuación se relacionan:

a. Os gastos financeiros.
b. Os custes indirectos en que incorra a beneficiaria.
c. Os xuros debedores de contas bancarias.
d. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
e. Os gastos de procedementos xudiciais.
f. Os importes correspondentes á aplicación do impostos sobre o valor engadido (IVE) ou outros impostos, agás cando os devanditos impostos sexan real e definitivamente sopor-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

tados pola solicitante sen que sexan susceptibles de recuperación ou compensación e poida amosarse mediante a presentación da documentación oficial correpondente.

g. Gastos de persoal propio da entidade solicitante.

**BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2026) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros.**

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

As entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións na forma, condicións e prazo establecidos.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
3. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
4. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
5. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
7. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
8. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social con anterioridade á proposta de resolución de concesión destas axudas.
9. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
10. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
11. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.
12. A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2026.

**BASE 7ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subven-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

ción a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

## BASE 8ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación necesaria deberá presentarse electronicamente. As solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I: Solicitude**:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social****,* vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención,** o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

**f) Anexo VI: Certificado acreditativo do cumprimento da Lei 3/2004, de 29 de decembro.** Só terá que ser presentado no caso de que a solicitante sexa unha entidade de dereito privado e poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada. No caso de non poder presentala, achegará Certificación expedida por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ou ben, se non fose posible expedir este certificado, "Informe de Procedementos Acordados", elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, segundo se recolle no art. 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

**BASE 9ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

- **Alcance**, isto é, o ámbito xeográfico ao que se dirixe, autonómico, peninsular ou internacional. Computarase o número de entidades expositoras tendo en conta a ubicación da sede central das mesmas (máximo 40 puntos)**:**
    - Entidades Expositoras Internacionais (Fóra da Península Ibérica):
        - Máis de 150 entidades internacionais 30 puntos
        - De 100 a 150 entidades internacionais: 20 puntos
        - De 75 a 99 entidades internacionais: 16 puntos
        - De 50 a 74 entidades internacionais: 12 puntos
        - De 25 a 49 entidades internacionais: 10 puntos
        - De 1 a 24 entidades internacionais: 8 puntos
    - Entidades Expositoras Peninsulares (España e Portugal):
        - Máis de 150 entidades peninsulares: 10 puntos
        - De 100 a 150 entidades peninsulares: 8 puntos
        - De 50 a 99 entidades peninsulares: 6 puntos
        - De 1 a 49 entidades peninsulares: 4 puntos

- **Fomento do voluntariado no evento**: 5 puntos.
    - Un punto por cada participante voluntario no evento cun máximo de 5 puntos.

- **Accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade**:
    - Contratación directa de persoas con discapacidade: 5 puntos .
        - Un punto por cada contrato de persoa con discapacidade no evento cun máximo de 5 puntos.

- **Experiencia e antigüidade impactando na economía da cidade,** acreditada do proxecto e considerando as edicións **desenvolvidas en Vigo**, (máximo 10 puntos):

    - Máis de 10 edicións : 10 puntos
    - Entre 7 e 10 edicións: 7 puntos
    - Entre 4 e 6 edicións: 4 puntos
    - Entre 1 e 3 edicións: 1 punto

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- **Número de asistentes previstos á feira.** Como base requírense os datos históricos de asistentes da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (os asistentes reais no caso de que xa se celebrase a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de asistentes a media ponderada seguinte: *nº asistentes edición anterior x 0,4 + edición deste ano x 0,6* (máximo 30 puntos):

  - Máis de 25.000 asistentes: 30 puntos
  - Entre 20.000 y 25.000 asistentes: 25 puntos
  - Entre 15.000 e 19.999 asistentes: 20 puntos
  - Entre 10.000 e 14.999 asistentes: 15 puntos
  - Entre 5.000 e 9.999 asistentes: 10 puntos
  - Entre 1.000 e 4.999 asistentes 5 puntos

- **Achega de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 5 puntos). Entenderase por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

  - Achega de máis do 30%: 5 puntos.
  - Achega entre o 21% e o 30%: 3 puntos.
  - Achega entre o 10% e o 20%: 2 puntos.

- **Impacto da feira ou festival na empregabilidade da cidade de Vigo, medido na creación de emprego directo para o evento,** entenderase polo número de persoas contratadas de xeito directo para o desenvolvemento do evento. Como base requírense os datos históricos de contratos da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (o número de contratos reais no caso de que xa se celebrase a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de contratacións a media ponderada seguinte: *nº contratos directos edición anterior x 0,4 + nº contratos directos edición deste ano x 0,6* (ata 30 puntos).

  - Máis de 150 contratacións: 30 puntos
  - Entre 125 e 150 contratacións: 20 puntos
  - Entre 100 e 124 contratacións: 15 puntos
  - Entre 75 e 99 contratacións: 10 puntos
  - Entre 50 e 74 contratacións: 6 puntos
  - Entre 25 e 49 contratacións: 3 puntos

A **máxima puntuación** que se pode acadar será de **125 puntos**.

**BASE 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiaras das subvencións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- •Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- •Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- •Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- •Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- •Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- •Cando non se axuste á solicitude ao proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- •Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- •Aquelas solicitudes para actividades que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

**BASE 11ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases**,** realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- •1 Presidente: A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- •2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- •1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertas sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **seis meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou  desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

**BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As beneficiarias deberán xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2026** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ser abonados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A **conta xustificativa** da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- **Solicitude de abono** da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria incluiranse **dúas listaxes**: unha das empresas internacionais e outra correspondente ás entidades de España e Portugal.

- A efectos de valoración, **o número de asistentes** deberá acreditarse mediante medios obxectivos, verificables e susceptibles de comprobación posterior. A entidade organizadora deberá achegar documentación xustificativa suficiente, tales como recollida de acreditacións, tickets de venda, rexistros ou sistemas de control de accesos, sistemas de cálculo de asistentes mediante captación e análise de imaxes —incluídos os realizados mediante dron— ou outros medios equivalentes que permitan acreditar de forma fiable a asistencia. No suposto de empregarse sistemas de captación de imaxes ou tecnoloxías análogas, estes deberán utilizarse respectando a normativa vixente en materia de protección de datos persoais e, no seu caso, a normativa aplicable á utilización de aeronaves non tripuladas.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electróni-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

cas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

– en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
– no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
– de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
– as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
– En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

No caso das feiras e festivais que non se celebraron con anterioridade á data da convocatoria terán que, segundo o art. 31.3 da Lei Xeral de Subvencións: *Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizase con anterioridade á subvención.*
*A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

- **Xustificación das contratacións** relacionadas directamente co evento. Acreditaranse coa achega da seguinte documentación:

- Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados debidamente rexistrados no SEPE.
- No caso de contratacións de empresas subcontratadas para levar a cabo distintos servizos (Montaxe, desmontaxe, rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais, servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza e medios persoais que permitan a participación no evento garantindo a accesibilidade universal e plans de autoprotección e evacuación), cada empresa subcontratada deberá **certificar o número de contratacións** vinculadas á factura relacionada coa execución do evento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

**- A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

**-** Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

**BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**BASE 15ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrase que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

**BASE 16ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as canti-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

dades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexisla-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

ción básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**BASE 19ª.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2026 " en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2026

**Primeiro.- Obxecto e Finalidade**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **16 de outubro de 2025 e o 15 de outubro de 2026**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras sectoriais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do em-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

prego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.

Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

**Segundo. Beneficiarias.**

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvencions reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

**Terceiro. Réxime da convocatoria.**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

**Cuarto. Normativa e bases reguladoras.**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Quinto. Contía das axudas**.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2026) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros.**

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

**Sétimo. Documentación.**

A documentación necesaria deberá presentarse electronicamente. As solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I: Solicitude**:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**,* vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención,** o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

**f) Anexo VI: Certificado acreditativo do cumprimiento da Lei 3/2004, de 29 de decembro.** Só terá que ser presentado no caso de que a solicitante sexa unha entidade de dereito privado e poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada. No caso de non poder presentala, achegará Certificación expedida por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ou ben, se non fose posible expedir este certificado, "Informe de Procedementos Acordados", elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, segundo se recolle no art. 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

**Oitavo**. **Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación. Recursos e renuncia.**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán re-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

alizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- •1 Presidente: A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- •2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- •1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertas sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **seis meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou  desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

**Noveno. Criterios de valoración.**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

- **Alcance**, isto é o ámbito xeográfico ao que se dirixe, autonómico, peninsular ou internacional. Computarase o número de entidades expositoras tendo en conta a ubicación da sede central das mesmas (máximo 40 puntos)**:**
  - Entidades Expositoras Internacionais (Fóra da Península Ibérica):
    - Máis de 150 entidades internacionais 30 puntos
    - De 100 a 150 entidades internacionais: 20 puntos
    - De 75 a 99 entidades internacionais: 16 puntos
    - De 50 a 74 entidades internacionais: 12 puntos
    - De 25 a 49 entidades internacionais: 10 puntos
    - De 1 a 24 entidades internacionais: 8 puntos
  - Entidades Expositoras Peninsulares (España e Portugal):
    - Máis de 150 entidades peninsulares: 10 puntos
    - De 100 a 150 entidades peninsulares: 8 puntos
    - De 50 a 99 entidades peninsulares: 6 puntos
    - De 1 a 49 entidades peninsulares: 4 puntos

- **Fomento do voluntariado no evento**: 5 puntos.
  - Un punto por cada participante voluntario no evento cun máximo de 5 puntos.

- **Accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade**:
  - Contratación directa de persoas con discapacidade: 5 puntos .
    - Un punto por cada contrato de persoa con discapacidade no evento cun máximo de 5 puntos

- **Experiencia e antigüidade impactando na economía da cidade,** acreditada do proxecto e considerando as edicións **desenvolvidas en Vigo**, (máximo 10 puntos):
  - Máis de 10 edicións : 10 puntos
  - Entre 7 e 10 edicións: 7 puntos
  - Entre 4 e 6 edicións: 4 puntos
  - Entre 1 e 3 edicións: 1 punto

- **Número de asistentes previstos á feira.** Como base requírense os datos históricos de asistentes da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (os asistentes reais no caso de que xa se celebrase a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de asistentes a media ponderada seguinte: *nº asistentes edición anterior x 0,4* + *edición deste ano x 0,6* (máximo 30 puntos):

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Máis de 25.000 asistentes: 30 puntos
- Entre 20.000 y 25.000 asistentes: 25 puntos
- Entre 15.000 e 19.999 asistentes: 20 puntos
- Entre 10.000 e 14.999 asistentes: 15 puntos
- Entre 5.000 e 9.999 asistentes: 10 puntos
- Entre 1.000 e 4.999 asistentes 5 puntos

- **Achega de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 5 puntos). Entenderase por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

  - Achega de máis do 30%: 5 puntos.
  - Achega entre o 21% e o 30%: 3 puntos.
  - Achega entre o 10% e o 20%: 2 puntos.

- **Impacto da feira ou festival na empregabilidade da cidade de Vigo, medido na creación de emprego directo para o evento,** entenderase polo número de persoas contratadas de xeito directo para o desenvolvemento do evento. Como base requírense os datos históricos de contratos da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (o número de contratos reais no caso de que xa se celebrase a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de contratacións a media ponderada seguinte: *nº contratos directos edición anterior x 0,4 + nº contratos directos edición deste ano x 0,6* (ata 30 puntos).

  - Máis de 150 contratacións: 30 puntos
  - Entre 125 e 150 contratacións: 20 puntos
  - Entre 100 e 124 contratacións: 15 puntos
  - Entre 75 e 99 contratacións: 10 puntos
  - Entre 50 e 74 contratacións: 6 puntos
  - Entre 25 e 49 contratacións: 3 puntos

A **máxima puntuación** que se pode acadar será de **125 puntos**.

**Décimo. Outros datos.**

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2026** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**Décimo primeiro. Publicación.**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2026" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/2026 POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2026

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**Primeiro.- Obxecto e Finalidade**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **16 de outubro de 2025 e o 15 de outubro de 2026**.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras sectoriais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras sectoriais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.

Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

**Segundo. Beneficiarias.**

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

**Terceiro. Bases reguladoras.**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/2026 e publicadas en http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é.

**Cuarto. Contía das axudas.**

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2026) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros.**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

3.  O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4.  Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

**Sexto. Documentación.**

A documentación necesaria deberá presentarse electronicamente. As solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I: Solicitude**:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

**d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**,* vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención,** o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

**f) Anexo VI: Certificado acreditativo do cumprimento da Lei 3/2004, de 29 de decembro.** Só terá que ser presentado no caso de que a solicitante sexa unha entidade de dereito privado e poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada. No caso de non poder presentala, achegará Certificación expedida por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ou ben, se non fose posible expedir este certificado , "Informe de Procedementos Acordados", elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, segundo se recolle no art. 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmen-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

te, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

**Sétimo. Outros datos.**

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2026** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**10(339).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "12º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS SOBRE A VÍA PÚBLICA". EXPTE. 12967/307.**

Visto o informe xurídico de data 20/04/2026 e o informe de fiscalización do 24/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/04/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 2 de marzo de 2026, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIS DO XII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo delegación do alcalde de 28/06/2024 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, que atribúe á Primeira tenente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade a "dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana".

No expediente inclúense os seguintes documentos:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 2 de marzo de 2026, para o inicio do expediente de contratación.

- PROXECTO DO XII PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA", redactado polo arquitecto arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2026, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.

- Memoria xustificativa asinada o 10 de marzo de 2026 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do duodécimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 14 de abril de 2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da DAS OBRAS DO XII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez.

**2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 14 de abril de 2026.

**3º.- Autorizar o gasto total de** DOUSCENTOS DEZAOITO MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS E TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (218.126,35 euros) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E SETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (37.856,64 EUROS) con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente (RC 12026000021934).

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 11(340).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE XUVENTUDE. EXPTE. 46751/220.

Visto o informe de fiscalización de data 22/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/04/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación-instrutora do expediente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño do 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Xuventude, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm.187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias, durante o cal consta a presentación de varios aspirantes, procedéndose a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/09/2025) e trala preceptiva publicación da lista provisional, exposta segundo certificación obrante no trámite 86 do expediente dende o 23/09/2025 ata o 07/10/2025, foi aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, designando aos membros da comisión de valoración (acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/10/2025)

Constan no expediente as actas da Comisión de Valoración, de datas de sinatura electrónica 09/02/2026 (sesión constitutiva e avaliación provisional de méritos) e 11/03/2026 (2ª fase avaliación) contendo ésta última acta a seguinte proposta:

***"Primeiro.-*** *Propoñer a adxudicación do posto de traballo de Xefatura de Xuventude do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, a favor da seguinte aspirante:*

***Proposta de nomeamento (Base 5ª das bases das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP núm. 114 do 17/06/2025):***

| ***Nº de orde*** | ***DNI*** | ***Apelidos e nome*** | ***Puntuación fase primeira (méritos)*** | ***Puntuación fase segunda (memoria)*** | ***TOTAL*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *1* | ****6375*** | *Mediero Rodríguez, María Belén* | *24,67* | *05,00* | *29,67* |

*Sendo ás 12:00 horas do día da data do encabezamento o Sr. Presidente da por rematada a sesión, redactándose de todo elo a presente acta."*

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria, unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Consta certificación da exposición do anuncio de puntuación final e proposta de adxudicación do posto de traballo obxecto de convocatoria no período temporal comprendido entre o 12/03/2026 e o 27/03/2026, ambos inclusive.

Á vista da acta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 11/03/2026, e visto o procedemento de provisión definitiva desenvolto consonte ás bases rectoras do mesmo, procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver conforme ás atribucións competenciais contidas no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita consonte ao establecido no art. 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

***"PRIMEIRO.-*** *Adxudicar o posto de traballo de Xefa de Xuventude do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, e consonte á proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida en acta de data de sinatura electrónica 11/03/2026, a favor da seguinte aspirante:*

| ***Nº de orde*** | ***DNI*** | ***Apelidos e nome*** | ***Puntuación fase primeira (méritos)*** | ***Puntuación fase segunda (memoria)*** | ***TOTAL*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *1* | ****6375*** | *Mediero Rodríguez, María Belén* | *24,67* | *05,00* | *29,67* |

***SEGUNDO.-*** *Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.*

***TERCEIRO.-*** *Ordenar a publicación da resolución da convocatoria no BOP da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.*

***CUARTO.-*** *Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potesatativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**12(341).- RESOLUCIÓN DE TRES RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS NO PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46493/220.**

**A) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR RODRIGO COMESAÑA CRUZ NO PROCESO SELECTIVO PARA OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 16 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

**Antecedentes:**
**Primeiro.** O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** na sesión celebrada o 20/02/2026, en relación aa alegación formuladas a pregunta 20 dó 1º exercicio da oposición, acordou ESTIMAR a alegación, ó apreciar que existe un erro na reposta a) que deuse como valida, xa que, como alegase polos aspirantes e resulta da documentación achegada, a resposta correcta é a "d) Cal", ó tratarse dunha unha pintura que ten propiedades funxicidas. Conseguintemente, acordase corrixir a resposta correcta da pregunta 20, na plantilla de respostas do 1º Exercicio Test publicada na paxina web, reflectindo a opción da letra "d) Cal".
Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 27 de febreiro do 2026.
**Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 5 de marzo do 2026, interpúxose por Rodrigo Comesaña Cruz, Recurso de Alzada contra dito acordo estimatorio das alegacións presentadas, solicitando se estime como correcta a resposta a) da pregunta 20, xa que segun figura no temario de oposicións que achega, sinala que a pintura al temple presentan propiedades funxicidas. e, no caso da pintura a cal, non faise referencia a dita propiedade.

**Consideracións xurídicas.**

**Primeiro.-** Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 5/03/2026 por Rodrigo Comesaña Cruz canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non pongan fin á via administrativa, poderán ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os dito. A este efectos, os tribunais e órganos e selección do persoal ó servizo das Administracións publicas e calesquera outros que, no seno destas, actúen con autonomía funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estean adscritos o, no seu defecto, do que haia nomeado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o

fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo órgano de selección que concorra.

**Segundo.-** A pregunta 20 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, obxecto do recurso de alzada interposto, ten o seguinte enunciado:

*20. ¿Qué pintura cuenta entre sus propiedades la de ser fungicida?*

*a) Temple*

*b) Acrílica*

*c) Plástica*

*d) Cal*

O Órgano de selección acordou sinalar como correcta a resposta *d) Cal,* o considerar que, dentre as posibles respostas é a que tén propiedades naturais funxicidas., por su altos niveles de alcalinidade, o que non concorre nos outros supostos. Na orde ministerial do 20 / 9/1976, polo que aprobouse a NTE-RPT , Revestimento de paramentos: Pinturas, xa indicaba, respecto a pintura a cal, que dispoñe de propiedades microbicidas, non asi na pintura ó temple que non sinala que dispoña desas propiedades funxicidas. ou microbicidas.. Propiedades funxicidas. e microbicidas da pintura a cal, que foron xa referidas por outros aspirantes, no prazo de alegacións, achegando diversa documentación (manuais de oposición, estudios e/o información técnica ou de fabricantes de pinturas, etc) que a xustificaban, e que motivou a estimación das alegacións e con ello a correxion da resposta que se deu como correcta nesa pregunta.

**Terceiro-** Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento o alegado, resultando correcta a resposta d) Cal, da pregunta nº 20 do 1º exercicio (test) da fase de oposición.

Conseguintemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Rodrigo Comesaña Cruz, en data 5 de marzo do 2026, contra o acordo do órgano de selección do 20/02/2026 .*

*SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Rodrigo Comesaña Cruz contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.*

TERCEIRO. Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra ámesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**B) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR RICARDO SANDE RODRIGUEZ NO PROCESO SELECTIVO PARA OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 16 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

**Antecedentes:**

**Primeiro.** O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** na sesión celebrada o 20/02/2026, en relación aa alegación formuladas por Ricardo Sande Rodriguez ó pregunta 1 do 1º exercicio da oposición, acordou "*DESESTIMAR a alegación, xa que considera que o enunciado da pregunta é correcto. A pregunta recae sobre o" proyecto de Estatuto", e a referencia que fai á via do articulo 143, ten relación con este, xa que responde ó exercicio do dereito á autonomía e a iniciativa o proceso autonómico para a constitución das Comunidade Autónomas. Das posibles respostas, a única valida é a c), conforme o sinalado no articulo 146 da Constitución, estimándose, polo tanto, que a pregunta se encontra correctamente formulada".*
Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 27 de febreiro do 2026.

**Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 25 de marzo do 2026, interpúxose por Ricardo Sande Rodriguez, Recurso de Alzada contra dito acordo desestimatorio das alegacións presentadas, solicitando se declare a nulidade ou anulabilidade de dita resolución, o manifestar que a resposta dada como valida na pregunta 1, esta recogida no art. 146 da Constitución e non ten relación co art. 143 que figura no enunciado; asi mesmo manifesta sua desconformidade coa resposta da pregunta 20, sinalando que tanto a pintura o temple como a pintura a cal teñen propiedades funxicidas., polo que ambas respostas son validas.

**Consideracións xurídicas.**

**Primeiro.-** Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 25/03/2026 por Rodrigo Comesaña Cruz canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non pongan fin á via administrativa, poderán ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os dito. A este efectos, os tribunais e órganos e selección do per-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

soal ó servizo das Administracións publicas e calesquera outros que, no seno destas, actúen con autonomía funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estean adscritos o, no seu defecto, do que haia nomeado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo órgano de selección que concorra.

**Segundo.- Alegacións.**

a).- A pregunta 1 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, obxecto do recurso de alzada interposto, ten o seguinte enunciado:

*1. El proyecto de Estatuto, en la vía del artículo 143, debe ser:*

*a) Sometido a referéndum*

*b) Aprobado por el Gobierno*

*c) Elevado a las Cortes, para su tramitación como ley*

*d) Sometido a referéndum si lo solicita la mayoría del Senado.*

Respecto o alegado polo recorrente, o órgano de selección remítese o xa manifestado anteriormente, considerando que o enunciado da pregunta é correcto, xa que recae sobre o" proyecto de Estatuto", e a referencia que fai á via do articulo 143, é congruente coa sua resposta sinalada no articulo 146 da Constitución, estimándose, polo tanto, que garda relación o contido da pregunta con dita resposta, atopándose ambas validamente formuladas".

b) A pregunta 20 , ten o seguinte enunciado:

*20. ¿Qué pintura cuenta entre sus propiedades la de ser fungicida?*

*a) Temple*

*b) Acrílica*

*c) Plástica*

*d) Cal*

O Órgano de selección acordou sinalar correcta a resposta d) Cal, o considerar que, dentre as posibles respostas é a que tén propiedades naturais funxicidas., por su altos niveles de alcalinidade, o que non concorre nos outros supostos. Na orde ministerial do 20 /9/1976, polo que aprobouse a NTE-RPT , Revestimento de paramentos: Pinturas, xa indicaba, respecto a pintura a cal, que dispoñe de propiedades microbicidas, non asi na pintura ó temple que

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

non sinala que dispoña desas propiedades funxicidas. ou microbicidas.. Polo tanto estimase unicamente valida a resposta d) Cal, ó dispoñer de forma natural desa propiedade fungicida, desestimandose por ello o alegado polo recorrente.

**Terceiro-** Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento o alegado, respecto as preguntas 1 e 20 do 1º exercicio (test) da fase de oposición, e o non concurrir causa algunha de nulidade ou anulabilidade da resolución recorrida, consonte o disposto nos arts. 47 e 48 LPACAP.

Conseguintemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Ricardo Sande Rodriguez , en data 25 de marzo do 2026, contra o acordo do órgano de selección do 20/02/2026 .*

*SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Ricardo Sande Rodriguez contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.*

*TERCEIRO. Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra ámesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**C) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR VICTOR GONZALEZ CORTEGOSO NO PROCESO SELECTIVO PARA OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 16 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

**Antecedentes:**
**Primeiro.** O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS** na sesión celebrada o 20/02/2026, en relación aa alegación formuladas a pregunta 20 dó 1º exercicio da oposición, acordou ESTIMAR a alegación, ó apreciar que existe un erro na reposta a) que deuse como valida, xa que, como alegase polos aspirantes e resulta da documentación achegada, a resposta correcta é a "d) Cal", ó tratarse dunha unha pintura que ten propiedades funxicidas. Conseguintemente, acordase corrixir a resposta correcta da pregunta 20, na plantilla de respostas do 1º Exercicio Test publicada na paxina web, reflectindo a opción da letra "d) Cal".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 27 de febreiro do 2026.
**Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 27 de marzo do 2026, interpúxose por Victor Gonzalez Cortegoso, Recurso de Alzada contra dito acordo estimatorio das alegacións presentadas, solicitando no sea corrixida dita pregunta, debendo manterse a resposta inicial ou, noutro caso, se proceda a sua anulación, xa que as pinturas modernas son casi todas funxicidas. Asi mesmo, solicita a nulidade do primer exame ó considerar que non fixouse a nota de corte correctamente.

**Consideracións xurídicas.**

**Primeiro.-** Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 25/03/2026 por Rodrigo Comesaña Cruz canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non pongan fin á via administrativa, poderán ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os dito. A este efectos, os tribunais e órganos e selección do persoal ó servizo das Administracións publicas e calesquera outros que, no seno destas, actúen con autonomía funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estean adscritos o, no seu defecto, do que haia nomeado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo órgano de selección que concorra.

**Segundo.-Alegacións.**
a).- A pregunta 20 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, obxecto do recurso de alzada interposto, ten o seguinte enunciado:
*20. ¿Qué pintura cuenta entre sus propiedades la de ser fungicida?*
*a) Temple*
*b) Acrílica*
*c) Plástica*
*d) Cal*

O órgano de selección acordou sinalar correcta a resposta d) Cal, o considerar que, dentre as posibles respostas é a que tén propiedades naturais funxicidas., por su altos niveles de alcalinidade, o que non concorre nos outros supostos. Na orde ministerial do 20 /9/1976, polo que aprobouse a NTE-RPT , Revestimento de paramentos: Pinturas, xa indicaba, respecto a pintura a cal, que dispoñe de propiedades microbicidas, non asi na pintura ó temple que non sinala que dispoña desas propiedades funxicidas. ou microbicidas.. Polo tanto estimase unicamente valida a resposta d) Cal, ó dispoñer de forma natural desa propiedade fungicida, .desestimandose por ello o alegado polo recorrente.
b).- En canto a nota de corte acordada polo órgano de selección na sua sesión constitutiva do 21/01/2026, e publicada na paxina web do concello en data 2/02/2026, foi establecida

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

nos seguintes termos: "*acordase fixar nota de corte para o primeiro exercicio da quenda libre, que establecese na nota que obteña o aspirante que acade o posto número 20 por orde de puntuación, así como todos aqueles que obteñan a mesma puntuación, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.*"
Cabe sinalar o respecto que, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).

Segun dispoñese na Base xeral Décima.- SISTEMAS DE SELECCIÓN, no apartado -Disposicións aplicables a ambos sistemas.

"Os exames tipo test, deberán elaborarse inmediatamente antes, seguindo o proceso que se indica a continuación, proceso que deberá quedar recollido no acta redactada polo Secretario/a do tribunal:(..)
• Tendo en conta o número dos aspirantes presentados, o órgano de selección poderá establecer unha nota de corte, que será comunicada aos opositores antes do inicio da proba, e será publicada na web municipal www.vigo.org."

A teor do previsto nesa Base Decima das Xerais, o órgano de selección adoptou o acordo de establecemento da nota de corte para o primeiro exercicio tipo test da oposición, carecendo polo tanto de fundamento o manifestado pola recorrente consonte o seu establecemento supuxera unha vulneración das bases rectoras da oposición. O tribunal con ello, neste caso, exerceu unha facultade prevista nas bases xerais e especificas que rixen dito proceso selectivo, fixando a norte de corte consonte o previsto nas bases xerais aprobadas, adoptada respecto o 1º exercicio da oposición, con carácter previo a sua realización e cos demais requisitos esixidos de publicidade e nota mínima, tendo en conta, asi mesmo, que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos., tal como sinalouse.
Por todo ello estimase que o acordo adoptado (nota de corte), axustouse o previsto nas Bases Xerais e Especificas polas que se rixe o proceso selectivo das prazas de oficial de instalacións municipais (OEP dos anos 2020, 2021 e 2022), atopándose debidamente xustificado e motivado, sen que supoña vulneración algunha dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rixe dito proceso selectivo.
**Terceiro-** Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento o alegado, tanto no que respecta a pregunta 20 do 1º exercicio (test) da fase de oposición, como a nota de corte establecida para dito exercicio, non concorrendo causa algunha de nulidade ou anulabilidade ( arts. 47 e 48 LPACAP).
Conseguintemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Victor Gonzalez Cortegoso , en data 27 de marzo do 2026, contra o acordo do órgano de selección do 20/02/2026 .*

*SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Victor Gonzalez Cortegoso contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*TERCEIRO. Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra ámesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(342).- RESOLUCIÓN DE DOUS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS NO PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE): OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46488/220.**

**A) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR FABIAN JOSE SANTOS VILAS E ANA MARIA MENDEZ LAMEIRO NO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 27 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre) da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

**Normativa aplicable**

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).
- Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).
- Bases Especificas reguladoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 da 2ª fase(BOPPO do 13 de setembro do 2024).

**Antecedentes:**
**Primeiro.**-O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** ( 14 quenda libre, catro reservadas persoas con diversidade funcional), na sesión celebrada o 6/03/2026, en relación a alega-

cion formulada por Fabian Jose Santos Vilas ó 1º exercicio da oposición, acordou o seguinte:

> O *órgano de selección acorda DESESTIMAR ditas alegacións, xa que por unha banda non procede a publicidade da plantilla correctora respecto as preguntas de reserva ó non ter sido esta obxeto de corrección e, polo mesmo motivo, tampouco procede entrar na alegación formulada a pregunta 31 de reserva xa que non foi correxida.*

Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 20 marzo do 2026.

**Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 19 de abril do 2026, interpusose por Fabian Jose Santos Vilas e Ana Maria Mendez Lameiro, recurso de Alzada contra dito acordo desestimatorio, solicitando a nulidade e improcedencia da pregunta de reserva; a corrección do exame só coas 29 preguntas restantes tras a anulacion dunha delas; subsidiariamente, se corrixa as alegacións presentadas o 26/02/2026; e a suspensión do proceso en tanto non se resolva o recurso.
Os recurrentes manifestan que incorre en contradicción o tribunal o non dar resposta as alegacions que se presentaron a pregunta 31 por non estar correxida e despois correxila e tela enconta a efectos de sustituila por outra anulada. Asi mesmo, que a posterior corrección da pregunta produxo unha rotura do anonimato dos aspirantes xa que se coñecia a sua identidade, polo que non pode ser tida en conta, ó non ter sido obxeto dunha corrección previa e publicación provisional, causandolle indefensión.

**CONSIDERACIONS XURÍDICAS.**
**Primeiro.-** Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 19/04/2026 por Fabian Jose Santos Vilas e Ana Maria Mendez Lameiro canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refirese o art. 121,1 cando non pongan fin á via administrativa, poderan ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerarquico do que os dicto. A este efectos, os tribunais e organos e selección do persoal ó servizo das Administracións Públicas e calesquera outros que, no seno destas, actuen con autonomia funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estén adscritos o, no seu defecto, do que haia nombrado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo organo de selección que concurra.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024) e, en sesión do 23 de agosto do 2024, aprobou as suas Bases Especificas da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024) onde consta o temario especifico exisido para as probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**Terceiro.**- Os recurrentes, no seu escrito solicitan, a nulidad e improcedencia da pregunta de reserva utilizada manifestando que non estaba correxida, e vulnerase os principios de igualdade merito e capacidade no acceso ó emprego público, asi como as garantias de imparcialidade e transparencia do proceso selectivo, ó incorporarse unha pregunta de reseserva cando xa non preservabase o anonimato dos aspirantes e sen posibilidade de defensa sobre as mesmas.

O organo de seleción desestima dita solicitude, considerando correcta e axustada as bases que rixen o proceso selectivo, a correxión da pregunta 31 de reserva do 1º exercicio (tipo test), unha vez que coa resolución das alegacións formuladas a dito exercicio, acordouse anular a pregunta 29. A sustitución da pregunta anulada pola 1ª de reserva, non vulnera principio algun de acceso o emprego publico nin supoñe unha infracción das garantias de imparcialidade e transparencia no proceso selectivo. O exercicio test realizouse garantindo dito anonimato no momento da avaliación do exercicio e na corrección automática das follas de respostas realizada, tal e como establece a base xeral decima, correxión á que poderon asistir os aspirantes por tratarse dun acto público, e cuio resultado anonimizado publicouse en data 12/02/2026 constando a nota e o número identificativo correspondente. Posteriormente, e en acto público como anunciouse, se procedeu a apertura das etiquetas identificativas dos aspirantes que presentaronse a realización do 1º Exercico, sendo obxeto de publicación o codigo identificativo correspondente de cada aspirante xunto co resultado do primeiro exercicio tipo test, para xeral coñecemento e presentación de alegacions.

Polo que carece de xustificación que tras a presentacion das alegacions e resolución destas, que deron lugar a anulación da pregunta e conseguintemente sua sustitucion pola de reserva, poda entederse que se vulnera o anonimato dos aspirantes que xa foi levantado con anterioridade nun acto público e publicado para xeral coñecemento, e que resulta imprescindible na continuación do proceso selectivo, garantindo a sua transparencia e exustandose o previsto nas bases xerais e especificas polas que se rixe. Por outra banda, para a aplicacion da nota de reserva levouse a cabo unha nova correxion da folla de respostas (mediante o programa informatico de corrección do Concello) anulando a resposta da pregunta 29 e introducindo a resposta c) da pregunta 31 de reserva ( única válida dentre as respostas posibles), e publicando de seguido a nova plantilla de respostas correxida e a nota final resultante do 1º exercicio, e otorgando o correspondente recurso de alzada contra o acordado, consonte o disposto na Base xeral decimo oitava.

En canto as alegacions a pregunta 31 presentadas polo recurrente, en data 26/02/2026, nas que solicitaba sua anulación por considerar que ten dos posibles respostas correctas, son desestimadas igualmente xa que, nunha interpretación conxunta dos artigos 184 e 189 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e os artigos 52, 67 e 68 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos (Real Decreto 500/1990), das posibles repostas a pregunta 31, a *c) Autorización-ordenación do pago* é a unica resposta valida.

A normativa establece dun modo claro unha xerarquía e unha secuencia lóxica de fases na xestión do gasto, así o artigo 184 do TRLRFL enumera as fases de execución do gasto:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

A xestión do orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases:
a) Autorización do gasto (A)
b) Disposición ou compromiso de gasto (D)
c) Recoñecemento da obriga (O)
d) Ordenación do Pago (P)
e) Pago material (RP)

De conformidade co artigo 67 do Real Decreto 500/900 *"un mesmo acto administrativo poderá abarcar máis dunha das fases de execución do orzamento de gastos enumeradas no artigo 52, podéndose dar os seguintes supostos:*
*a) Autorización-disposición.*
*b) Autorización-disposición-recoñecemento da obriga".*

Mentres que a lexislación permite a acumulación das fases de xestión (A, D e O) a ordenación do pago constitúe unha fase de execución diferenciada que presupón necesariamente a existencia dunha obriga xa recoñecida .

En conclusión, a acumulación da autorización do gasto coa ordenación de pago carece de cobertura normativa xa que vulneraría o control da fiscalización previa e o principio de "servizo feito".

**Cuarto.-** O recorrente ten solicitado a suspensión do proceso selectivo, en tanto non se resolva o recurso, o considerar que a continuación deste causarialle perxuicios de imposible reparacion.

Dacordo co art. 117.1 da LPACAP, a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. 2. Non obstante o disposto no número anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

No presente caso, coa resolución do recurso procede igualmente pronunciarse sobre dita solicitude de suspensión e acordar sua desestimación, unha vez que tense resolto dito recurso e, con ello, agotada a via administrativa.

Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada por carecer de fundamento algun o alegado e, conseguintemente, propoñese a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Fabian Jose Santos Vilas e Ana Maria Mendez Lameiro , en data 19 de abril do 2026, contra o acordo do organo de selección do 6/03/2026 .*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

*SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Fabian Jose Santos Vilas e Ana Maria Mendez Lameiro contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado terceiro das consideracións xurídicas.*

*TERCEIRO.- Desestimar a solicitude de suspensión, dado que, coa resolución do recurso de alzada ponse fin a vía administrativa e trala súa resolución, non ha lugar a suspensión do acto recorrido, continuándose por tanto o procedemento.*

*CUARTO.- Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra amesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa"*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**B) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR SILVIA CASTRO BLANCO NO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 27 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre) da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

**Normativa aplicable**

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).
- Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).
- Bases Especificas reguladoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 da 2ª fase(BOPPO do 13 de setembro do 2024).

**Antecedentes:**

**Primeiro.**O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre, catro reservadas persoas con diversidade funcional) na sesión celebrada o 6/03/2026, acordou anular a pre-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

gunta 29 e sua sutitución pola primeira pregunta de reserva (pregunta 31), é proceder a unha nova corrección do 1º exercicio, como resultado das alegacións presentadas
Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 20 marzo do 2026.

**Segundo.-** Con data de entrada no rexistro xeral do 19 de abril do 2026, interpusose por Silvia Castro Blanco, Recurso de Alzada contra dito acordo polo que anulouse a pregunta 29 do 1º exercicio da oposición, solicitando se deixe sen efecto dita anulación e se restablezca sua validez, revisandose a calificación do exercicio.
O recurrente, manifesta que a inexistencia de causa valida para a anulación da pregunta, o considerar que tratase dunha errata gramatical irrelevante, que non impide identificar a base legal, constituindo un defecto meramente formal que non altera o significado e sentido da resposta, nin a comprensión e identificación da correcta, non xenerando duda razonable algunha, nin altera o contido xurídico evaluado.

**Consideracions xurídicas.**

**Primeiro.-** Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 19/04/2026 por Silvia Castro Blanco canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refirese o art. 121,1 cando non pongan fin á via administrativa, poderan ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerarquico do que os dicto. A este efectos, os tribunais e organos e selección do persoal ó servizo das Administracións Públicas e calesquera outros que, no seno destas, actuen con autonomia funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estén adscritos o, no seu defecto, do que haia nombrado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo organo de selección que concurra.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024) e, en sesión do 23 de agosto do 2024, aprobou as suas Bases Especificas da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024) onde consta o temario especifico exisido para as probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**Terceiro.**- A preguntas 29 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, que foi anulada polo órgano de seleccion no acordo do 6/03/2026 , e que contra dita anulación se interpuso o presente recurso de alzada, ten o seguinte enunciado:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*29. Pode a Administración do Estado ou da Comunidad Autónoma adoptar as medidas necesarias para o cumprimento dunha obriga a costa e en substitución da Entidade Local?:*
*a) En todo caso.*
*b) Cando unha Entidade Local incumprira as obrigas impostas directamente pola lei, aínda que tal incumprimento non afectara ao exercicio de competencias da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma.*
*c) Cando unha Entidade Local incumprira as obrigas impostas directamente pola lei, de forma que tal incumprimento afectara ao exercicio de competencias da administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*
*d) En ningún caso.*

**Cuarto.-** O órgano de seleccion acordou anular dita pregunta e sua sustitución pola primeira de reserva, *xa que revisada a redacción da resposta c), comprobouse que foi formulada de modo incorrecto, non axustandose ó sinalado no artículo 60 da Lei 7/85 RBRL.*

O articulo 60 da Lei 7/85 RBRL di: *Cando unha Entidade Local incumprira as obrigas impostas directamente pola lei, de forma que tal incumprimento afectara ao exercicio de competencias da administración do Estado o da Comunidade Autónoma (..).* A resposta c) da pregunta 29, ten a seguinte redacción: *c) Cando unha Entidade Local incumprira as obrigas impostas directamente pola lei, de forma que tal incumprimento afectara ao exercicio de competencias da administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

Existe, polo tanto, unha modificación na redacción da resposta c) onde di "*administración do Estado e da Comunidade Autónoma",* en relación coa contida na lei de bases que sinala*"administración do Estado o da Comunidade Autónoma".* A sustitución, neste caso, da conxunción "o" pola conxunción "e" , supoñe un cambio significativo no contido da disposición, que ten sua transcendencia xuridica, xa que a redacción da lei refirese a un incumplimento que pode afectar a calquera das administracións, sen que teña que ser as duas ó mesmo tempo, mentras que a resposta c) require que o incumplimento afecte a ambas administracións, o que constitue unha modificación sustancial da norma, que cambia seu significado ó referir a un incumplimento conxunto, con relevancia e transcendencia, polo tanto na sua aplicación, e con efectos xuridicos diferentes.

Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento o alegado, estimandose correcto e axustado a dereito o acordo do organo de seleción do 6/03/2026 polo que anulouse a pregunta 29 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición para auxiliares de administración xeral (quenda libre).

Conseguintemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Silvia Castro Blanco, en data 19 de abril do 2026, contra o acordo do organo de selección do 6/03/2026 .*

*SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Silvia Castro Blanco contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado cuarto das consideracións xurídicas.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra amesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(343).- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DA FIGURA DO FUTBOLISTA DO RC CELTA DE VIGO, IAGO ASPAS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DUNHA ESCULTURA DESTINADA Á VÍA PÚBLICA. EXPTE. 6636/330.**
Visto o informe xurídico de data 27/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I. LEXISLACIÓN APLICABLE**

* Constitución Española de 1978.

* Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

* Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

* Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

* Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

**II. ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Concello de Vigo desexa render unha homenaxe e recoñecemento á figura do deportista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, polos seus méritos deportivos, humanos, sociais e simbólicos, mediante a realización dunha escultura que se instalaría na vía pública, concretamente na contorna do Estadio Municipal de Balaídos.

**Segundo.-** Esta acción atópase enmarcada dentro das competencias atribuídas á Xunta de Gobierno Local conforme al artigo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**Terceiro.-** Non existe na normativa municipal unha ordenanza específica que regule o procedemento de realización de esculturas no municipio.

**Cuarto**.- O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981, non ten previsto o procedemento para o recoñecemento de persoas físicas a través da realización dunha escultura.

**Quinto-** Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 17 de abril do 2026, a Concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, ordena o inicio do expediente administrativo para que o servizo de Cultura se inicie o expediente administrativo necesario para elevar proposta á Xunta de Goberno Local de recoñecemento

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, mediante a realización dunha escultura destinada á vía pública, no entorno do Estadio Municipal de Balaídos, polos seus méritos deportivos, humanos, sociais e simbólicos na cidade de Vigo.

**Sexto.-** Con data 21 de abril solicitouse a Iago Aspas Juncal conformidade á proposta de recoñecemento, presentando escrito de conformidade de data 27 de abril (trámite 14 do expediente).

## III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### A) MARCO LEGAL

**Primeiro.-** A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan e determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos, concellos integrados polos alcaldes e concelleiros.

**Segundo.-** A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de auto organización.

**Terceiro.-** A Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, regula o réxime administrativo específico para a Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionando directrices para a actuación dos entes locais na rexión.

**Cuarto.-** Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), que regula, entre outras materias, os procedementos administrativos e a organización das entidades locais.

Quinto.- O artigo 126.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, establece: *"La Junta de Gobierno Local es el órgano que, bajo la presidencia del Alcalde, colabora de forma colegiada en la función de dirección política que a éste corresponde y ejerce las funciones ejecutivas y administrativas que se señalan en el artículo 127 de esta ley".*

### B) MOTIVACIÓNS PARA A DENOMINACIÓN.

Render unha homenaxe á figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, polos seus méritos deportivos, humanos, sociais e simbólicos, e polos motivos que se expoñen no informe do xefe do servizo de Deportes de data 16 de febreiro pasado e que forma parte do presente expediente. Consta no expediente o informe do xefe do servizo de Deportes, de data 16 de febreiro pasado, no que se indica:

*"Iago Aspas é un dos deportistas máis destacados da historia do deporte na cidade de Vigo, como referencia do Real Club Celta de Vigo, na súa dilatada carreira deportiva.*

*Formado na canteira do Clube, a súa traxectoria o sitúa como un referente histórico da entidade e da cidade. As súas cifras como goleador histórico do RC Celta, o seu liderado sostido no tempo como referente competitivo na máxima categoría do fútbol nacional e a súa contribución á estabilidade e*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*proxección deportiva do Celta, e por extensión á da cidade de Vigo en competicións nacionais e internacionais, o sitúan nun nivel nunca antes alcanzado por ningún outro futbolista da cidade.*

*O seu rendemento deportivo permitiulle alcanzar o maior nivel que calquera deportista pode chegar a alcanzar, como é formar parte da Selección Española de fútbol, circunstancia que contribúe de forma evidente, dado o alcance mediático e social deste deporte, a proxectar o nome da cidade de Vigo no ámbito internacional, reforzando o prestixio da cidade a través do deporte de elite.*

*A estas cuestións deportivas, hai que engadir que Iago Aspas representa un símbolo para a cidade de Vigo. Aínda que nacido en Moaña, a súa figura se atopa fortemente ligada á cidade de Vigo, encarnando os valores de arraigo, fidelidade institucional e compromiso coa cidade e a súa cidadanía, convertendo a súa traxectoria nun elemento de cohesión social e orgullo colectivo.*

*A figura de Iago Aspas transcende o ámbito do puramente competitivo, proxectando valores de especial relevancia pública relacionados co esforzo e a superación, reflectidos na súa progresión desde as categorías de formación ata a de elite, o compromiso e a responsabilidade, manifestados no seu liderado dentro e fora do terreo de xogo, e a súa proximidade e humildade. Estes valores configuran un modelo de conduta moi relevante, especialmente para a poboación infantil e xuvenil.*

*O recoñecemento institucional de referentes deportivos locais cumpre unha función social, xa que fomenta a práctica deportiva, reforza a cultura do esforzo, a constancia e o traballo en equipo, xera referentes próximos cos que a xuventude pode identificarse, sendo Iago Aspas un referente interxeracional que contribúe á transmisión de valores cívicos e deportivos.*

*A iniciativa municipal adquire ademais unha especial relevancia no momento actual da traxectoria deportiva do xogador debido á proximidade natural á finalización da súa etapa como futbolista profesional, manifestada por el mesmo en distintas ocasións.*

*A instalación dunha escultura conmemorativa no entorno do Estadio Municipal de Balaidos presenta polo tanto un claro interese municipal, que xira á importancia do deportista como referente histórico da cidade de Vigo, non só como deportista, senón como exemplo vital e de identidade da cidade.*

*Pode concluírse polo tanto que a figura de Iago Aspas reúne de forma sobresaliente os méritos deportivos, humanos, sociais e simbólicos que xustifican plenamente un recoñecemento institucional permanente por parte do Concello de Vigo, constituíndo a actuación unha iniciativa de interese público municipal, coherente coa relevancia histórica do deportista, con su impacto social na cidadanía e coa vontade de preservar e transmitir referentes positivos ás xeraciones futuras.*

## C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O recoñecemento da figura de Iago Aspas suporá tres tipos de gastos:

- Un concurso de ideas para o deseño da escultura: 15.000 €
- A contratación da realización e execución da escultura seleccionada no concurso: 200.000 €
- A contratación do transporte e instalación da escultura: 85.000 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Os tres gastos están incluídos na modificación orzamentaria nº 22/2026, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito correspondente ao expediente 101/142 e aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal de data 30 de marzo do 2026.

O gasto contémplase na aplicación orzamentaria 3340.680.00.00, proxecto 26334000 "Escultura Iago Aspas, C. Ideas, transporte e colocación Cultura", cunha dotación de 300.000 €.

**IV.-PROPOSTA DE ACORDO:**
Dada a transcendencia da proposta que se pretende e en base ao artigo 126.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local**, previo informe xurídico e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar a proposta de recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas, mediante a realización dunha escultura destinada á vía pública, na contorna do Estadio Municipal de Balaídos, polos seus méritos deportivos, humanos, sociais e simbólicos na cidade de Vigo.

**Segundo.-** Iniciar, por parte do servizo de Cultura, a tramitación dos expedientes necesarios para a execución do presente acordo de recoñecemento: concurso de ideas, contratación da execución da escultura seleccionada e contratación do seu transporte e instalación.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao interesado, ao RC Celta de Vigo, e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(344).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2026 E O DÍA DA MUIÑEIRA 2026. EXPTE. 6575/330.**
Visto o informe xurídico de data 31/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A vista da documentación presentada pola "Asociación Cultural Interfolc", con data de entrada na sede electrónica do Concello de Vigo o 23 de marzo do 2026 (doc.260067299), no que achega nova documentación modificando o orzamento inicialmente incorporado ao expediente procedeuse á modificación do convenio tengo en conta o novo orzamento presentado e emítese novo informe proposta:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 2 de marzo do 2026, a "Asociación Cultural Interfolc" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e o Día da Muiñeira 2026; por este motivo, por

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala.

No orzamento municipal vixente para o 2026, figura prevista no programa orzamentario 3340 "Promoción Cultural", na aplicación 3340.480.0006, una partida orzamentaria polo importe de 115.000 € a favor da entidade Asociación Cultural Interfolc.

ANTECEDENTES.-
A Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

PROGRAMA
**Día da Muiñeira 2026**:
Domingo 24 de maio do 2026, ás 12.00 horas na rúa Venezuela.

Espérase a participación duns 1.000 bailaríns que encheran a rúa Venezuela bailando o son das gaitas.

**XXXII Festival Internacional 2026:**

Terá lugar do martes 21 ao venres 24 de xullo do 2026 co seguinte programa:

**Martes 21 de xullo**.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Mercores 22 de xullo**.
12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Xoves 23 de xullo.**
12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Venres 24 de xullo**.
20,00 h. Desfile pola rúa Príncipe ata a Porta do Sol.
20,30 h. Recepción e intercambio de agasallos no escenario da Porta do Sol.
21,00 h. Festival de clausura na Porta do Sol.

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 115.000 € (CENTO QUINCE MIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 115.000 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- **Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 25.03.2026 (doc.260069272)**

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao "Asociación Cultural Interfolc", para a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e do día da Muiñeira 2026, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 90.000 €; Neste exercicio 2026 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.480.0006, un importe, segundo a proposta, de 115.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da Asociación Cultural Interfolc para a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e o día da Muiñeira 2026 , pasando dos 90.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 115.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exerci-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

cio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación Cultural Interfolc" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Interfolc" ten como obxecto a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e o día da Muiñeira 2026, figurando na aplicación 3340.480.0006 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 115.000 euros a favor da devandita entidade.
**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026, que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas,** que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Interfolc" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con ca-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

rácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 115.000 € (cento quince mil euros) á Asociación Cultural Interfolc*, CIF: G-36.892.271, *para* a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e do día da Muiñeira 2026*; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria* 3340.480.0006 *" ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC" con cargo ao orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e á "Asociación Cultural Interfolc" que regula o outorgamento da subvención para a organización do XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e do día da Muiñeira 2026.*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA O FINACIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO XXXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2026 E O DÍA DE MUIÑEIRA 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Pablo I. González Alonso con D.N.I. 36.053.268-D, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Illas Baleares nº 32 – 3º esq. 36203, da cidade de Vigo, en representación da mesma, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

***I.-*** *Que a Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.*

***II.-*** *Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar económicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC"**, co fin de potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

***III.-*** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.006, como subvención nominativa, a favor de **ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC** a cantidade de 115.000 euros.*

***IV.-*** *Que a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

***V.-*** *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026 e o DÍA DA MUIÑEIRA 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

**SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 115.000 € (CENTO QUINCE MIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 115.000 €

**TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

**Día da Muiñeira 2026**:
Domingo 24 de maio do 2026, ás 12.00 horas na rúa Venezuela.

Espérase a participación duns 1.000 bailaríns que encheran a rúa Venezuela bailando o son das gaitas.

**XXXII Festival Internacional:**

Terá lugar do martes 21 ao venres 24 de xullo do 2026 co seguinte programa:

**Martes 21 de xullo**.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Mercores 22 de xullo**.
12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Xoves 23 de xullo.**
12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. Festival na Porta do Sol.

**Venres 24 de xullo**.
20,00 h. Desfile pola rúa Príncipe ata a Porta do Sol.
20,30 h. Recepción e intercambio de agasallos no escenario da Porta do Sol.
21,00 h. Festival de clausura na Porta do Sol.

**CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. PABLO I. GONZÁLEZ ALONSO, presidente da entidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colabo ración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

9.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

**QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (115.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:
De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento a finais do mes de maio do 2026 , que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades do día da Muiñeira.

b) Un segundo pagamento e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades do Festival Folclórico Internacional. **O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2026.**

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranga a totali-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

dade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.
A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:
Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**
Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**
A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**
O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraidas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraidas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**
De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:
a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
b) O acordo unánime de todos os asinantes.
c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimiento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demáis partes asinantes.
Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuizos causados se así se tivese previsto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

**DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**ORZAMENTO 2026**

Ingresos.............................................................................................115.000,00 €

-Aportados polo Concello de Vigo-..................................................115.000,00 €

Gastos...............................................................................................115.000,00 €

- Día da Muiñeira de Vigo 2026........................................................25.000,00 €

- XXXII Festival Folclórico Internacional de Vigo 2026..................90.000,00 €

## 16(345).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA ETEA”. EXPTE. 2515/441.

Visto o informe xurídico de dta 20/04/2026 e o informe de fiscalización do 23/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/03/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1**.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

DA E.T.E.A.", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro.

**2.-** O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 28.10.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 30.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**3.-** Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do día 06.11.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 25 e 26.11.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 aprobou o proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA E.T.E.A.", redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (170.547,58 €) e con sinatura dixital do día 04.11.2025. Expte. 6557-443.

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 05.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6557-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.12.2025.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes dos días 09.12.2025 e 03.03.2026.

D) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 04.11.2025.

E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 24 e 25.02.2026.

F) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 27.02.2026.

G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 13.03.20226.

H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 10.03.2026.

I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 24.03.2026.

J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 24.03.2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 06.11.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

## III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA E.T.E.A." redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 24.03.2026.

**Terceiro.-**Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SETENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (170.547,58 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 29.599,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420/6320014 – proxecto de gasto 26342014 (Novo sistema iluminación ETEA), segundo a distribución de anualidades proposta.

| | |
|---|---|
| 2026 | 170.547,58 € |

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(346).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS A FAVOR DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D. EXPTE. 2452/441.**
Visto o informe de fiscalización de data 28/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/04/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.**- Con data 10.04.2026 a Xunta de Goberno Local acordou:

“**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o Prego de condicións económico-administrativas que rexerán a concesión administrativa do Estadio Municipal de Balaídos a favor do Real Club Celta de Vigo S.A.D.
**Segundo.-** Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de cláusulas económico-administrativas, que se entenderá definitivamente aprobado de non formularse alegacións o mesmo durante o dito período de información pública.”

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**II.**- Revisado o expediente detectouse a necesidades de realizar unhas corrección na cáusula 8ªA, parágrafo 3º.

A citada cláusula establece:"- A utilización do Estadio Municipal de Balaídos ten como fin principal o uso do Estadio Municipal de Balaídos para o uso deportivo, concretándose a mesma na celebración de encontros e adestramentos da competicións deportivas nas que participe o Real Club Celta de Vigo S.A.D. (primeiro equipo masculino, feminino e equipos filiais), así como a utilización do mesmo para os usos asociados previstos na normativa urbanística nas condicións especificadas na mesma. A utilización para os usos asociados poderá ser realizada, de forma directa ou indirecta, por calquera forma admitida en dereito."

No Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 26/05/2025, o Estado Municipal de Balaídos emprazase en solo urbano consolidado, incluído no sistema xeral de equipamento comunitario público como un equipamento Deportivo existente SX-EQ-DE-333.

No artigo 54.3 do PXOM (compatibilidade de usos) establécese:

*" En las parcelas cualificadas de usos dotacionales, además del uso característico principal se podrá disponer de cualquier otro compatible con los fines dotacionales previstos, con limitación del residencial, clase vivienda, que sólo podrá disponerse para la vivienda familiar de quien custodie la instalación o clase residencia comunitaria para albergar los agentes de servicio, o alumnos y profesores de las escuelas o centros docentes si procediera. En los supuestos anteriores los usos complementarios deberán estar sujetos a las condiciones específicas del uso determinado. Cuando una dotación esté destinada a actividades varias que no se encuadran en ninguna calificación dotacional específica y única, su consideración será la de dotacional múltiple.*
*Respecto de cualquier uso dotacional, sea de sistema general o sistema local, se consideran como usos compatibles aquellos usos posibles, vinculados al uso principal, que contribuyan a su desarrollo, que quedarán integrados funcional y juridicamente con aquel. Estos usos compatibles no podrán superar el cincuenta por ciento (50%) de superficie. Tendrán carácter de uso compatible dentro de los usos dotacionales, los usos terciarios osimilares, que podrán ser utilizados en alquiler o concesión administrativa o cualquier otrorégimen que no vulnere la titularidad pública. La determinación de utilización de estos usoscompatibles, no viene limitada por la asignación de usos permitidos o compatibles de la ordenanza 10 de dotacional equipamientos, siendo posibles en todos los casos de zonas dotacionales que cumplan las condiciones establecidas en este párrafo"*

*O PXOM xunto co uso dotacional establece uns usos compatibles. A denominación utilizada na cláusula 8.A.3 "usos asociados" correspóndese á utilizada por normativas urbanísticas anteriores, polo que a forma correcta debe ser "usos compatibles".*

*Por outra banda O PXOM no seu* articulo 41.7 regula os usos esporádicos do seguinte xeito:

"Defínense como usos esporádicos aqueles que se poden producir para un ou máis días, en espazos públicos ou dotacionais públicos ou privados, abertos ou cubertos, que deben estar suxeitos a autori-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

zación. Poderán corresponder a usos culturais, de espectáculos, políticos ou calquera outro que empreguen espazos ou locais non especificamente destinados a estes usos.”

Sendo por tanto posible, previa autorización, neste caso licenza de actividade extrarordinaria a súa realización no Estadio Municipal de Balaídos, compre engadir un parágrafo con esta posibilidade así como a súa regulación no ámbito da concesión.

**III.**- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.
A vista das anteriores circunstancias se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

Primeiro.- Rectificar a cláusula 8ª.A, parágrafo terceiro dos pregos que regulan a concesión no seguinte senso:

I.- **Sustituír o concepto “usos asociados” por “usos compatibles” por ser a definición utilizada no PXOM vixente.**

**II.- Engadir un novo parágrafo respecto dos usos esporádicos no seguinte senso:**
**“O PXOM establece que se definen como usos esporádicos aqueles que se poidan producir para un ou más días, en espazos públicos ou dotacionais públicos ou privados, abertos ou cubertos, que deben estar suxeitos a autorización. Poderán corresponder a usos culturais, de espectáculos, políticos ou calquera outro uso que empleen espazos ou locais non específicamente destinados a estes usos.**
**Con anterioridade á organización do primeiro uso esporádico deberán aprobarse polo Concello, previo informe da comisión de seguimento da concesión, o procedemento e condicións para a organización dos mesmos.**
**O citado procedemento establecerá as medidas correctoras, de organización e as condicións de desenvolvemento dos citados usos. A súa aprobación non exime da solicitude de autorización municipal para cada concreto acto e a presentación do preceptivo plan de autoprotección e demais documentación técnica preceptiva segundo a normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas .**

**O devandito procedemento será revisado anualmente ao obxecto de introducir as modificacións necesarias.”**

**Segundo.-** Aprobar inicialmente o Prego de condicións económico-administrativas que rexerán a concesión administrativa do Estadio Municipal de Balaídos a favor do Real Club Celta de Vigo S.A.D. co rectificación da cláusula 8º.A resultando texto que se xunta como ANEXO.

**Terceiro.-** Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de cláusulas económico-administrativas, que se entenderá definitivamente aprobado de non formularse alegacións o mesmo durante o dito período de información pública.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

“ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS A FAVOR DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONCESIÓN**

O obxecto do presente prego é definir as condicións que rexerán a autorización para a utilización privativa do Estadio Municipal de Balaídos, sito na Avenida de Balaídos.

Dita autorización ten a natureza xurídica de concesión de dominio público, constitutivo dun aproveitamento privativo de bens de dominio público conforme ao disposto no artigos 75.2 e 78.1 a) do Regulamento de bens da entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1996, e no establecido nos artigos 93 e seguintes da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

A concesión administrativa de dominio público non implicará cesión do mesmo nin das facultades dominicais do Concello de Vigo e efectúase con suxeición ao disposto nas cláusulas contidas no presente Prego e no establecido no art. 93 e seguintes da Lei Patrimonio das Administracións Públicas e normas concordantes e de desenvolvemento.

**SEGUNDA.- DESCRICIÓN DO INMOBLE E CONDICIÓNS URBANÍSTICAS**

Tratase dun ben de dominio público municipal inscrito. O obxecto da concesión abrangue o Estadio Municipal de Balaídos e a parcela na que se empraza o Sistema Xeral que se adxunta como ANEXO I.

Condicións urbanísticas:

Tal e como se reflicte no informe da arquitecta municipal de 1 de outubro de 2025, que figura incorporado ao expediente:

«No Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 26/05/2025, o Estado Municipal de Balaídos emprazase en solo urbano consolidado, incluído no sistema xeral de equipamento comunitario público como un equipamento Deportivo existente SX-EQ-DE-333.

De conformidade coa normativa urbanística do PXOM, artigo 73.4, a singularidade dos sistemas xerais de uso dotacional, nos que poden concorrer circunstancias de edificios singulares, non poden estar limitados polas condicións propias establecidas na ordenanza U10 dotacional-equipamentos, polo que as condicións de edificabilidade, volumetría e en xeral condicións de edificación serán as propias que conteña o proxecto desenvolto para o fin dotacional específico que se busque. Ademais, de conformidade co artigo 54.3, nas parcelas cualificadas de usos dotacionais ademais do uso característico principal, neste caso instalacións destinadas á práctica do deporte e anexos de servizo, edificacións para espectadores e aparcamentos, poderase dispor de calquera outro compatible cos fins dotacionais previstos, con limitación do residencial. Nos supostos anteriores os usos complementarios deberán estar suxeitos ás condicións específicas do uso determinado. Ademais o mesmo artigo establece que respecto de calquera uso dotacional considéranse como usos compatibles aqueles usos posibles, vinculados ao uso principal, que contribúan ao seu desenvolvemento, que quedarán integrados funcional e xuridicamente con aquel. Estes usos compatibles non poderán superar o cincuenta por cento (50%) da superficie. Terán carácter de uso compatible dentro dos usos dotacionais, os usos terciarios ou similares, que poderán ser utilizados en aluguer ou concesión administrativa ou calquera outro réxime que non

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

vulnere a titularidade pública. A determinación de utilización destes usos compatibles, non vén limitada pola asignación de usos permitidos ou compatibles da ordenanza 10 de dotacional equipamentos.

Ademais, de conformidade coa documentación do PXOM a parcela ten as seguintes afeccións:

- Segundo o RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, a parcela están dentro da zona de policía de 100 m de augas do canle do río que descorre nas súas proximidades, polo que estarán suxeitos as limitacións que dita normativa sinala.

- De conformidade co Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, parte da parcela está na zona de fluxo preferente (raiado azul) e nas zonas inundables T100(cor amarelo) e T500 (cor sepia). Nos ámbitos de fluxo preferente e nas zonas inundables estarase ao establecido na lexislación en materia de augas, en especial as prescricións recollidas nos artigos 9 a 14 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

- A parcela está afectada polas servidumes aeronáuticas establecidas para o Aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, polo que estará suxeita as limitacións que sinala o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril.

- A parcela linda co Camiño de Santiago, variante portuguesa pola costa, tramo Vigo medio, ficha CS.00.002, incluída no Catálogo de Elementos do Patrimonio Cultural, Natural e Paisaxistico do PXOM»

**TERCEIRA.- PRAZO DA CONCESIÓN**

A concesión outorgase polo prazo máximo de 50 anos a contar dende a data da formalización da concesión, resultando extinguida automaticamente ó remate deste sen necesidade de comunicación ou preaviso municipal. O prazo anterior poderá ser prorrogado ata un máximo de 75 anos, previo acordo expreso e por escrito de ámbalas dúas partes.

**CUARTA.- CANON CONCESIONAL**

O canon concesional, de acordo ao disposto no artigo 93 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, e 80.7 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986) terá a naturaleza xurídica de taxa.

O canon anual a satisfacer polo concesionario en contraprestación ao aproveitamento privativo do inmoble que se cede fíxase en 802.837,93€, aplicándose unha actualización anual dun 2% nos sucesivos anos.

O canon obtense tal e como preceptúa o artigo 24.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, tomando como referencia o valor da utilidade derivada do bens ocupados. O cálculo detallado do mesmo figura no Estudo de Viabilidade da Concesión realizado por un experto independente, alleo aos servizos municipais: a consultora IDOM, e foi informado de conformidade pola da Dirección de Ingresos, con data 25.03.2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

O canon permanecera invariable ao longo da vida da concesión sen prexuízo das actualizacións que van ditas e dos axustes que poida experimentar nos supostos en que se produza unha variación da utilidade económica que a concesión representa para o adxudicatario e que se regulan ao final da presente cláusula.

O importe do canon non se atopa suxeito a IVA, por aplicación do disposto no artigo 7.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

O canon anual devindicarase o primeiro día do exercicio natural, agás no ano de inicio do contrato que terá lugar na data da formalización da concesión. Será rateable o dito canon anual por meses enteiros cando a data da sinatura do contrato ou o remate da concesión non coincidan coa data de un de xaneiro. Para o rateo entenderase incluído o mes da data da sinatura do contrato ou o do remate da concesión.

O canon anual farase efectivo nun único prazo. O período de pagamento será dentro dos 20 primeiros días do mes seguinte a aquel no que se devindique o correspondente canon. Se o 20 do mes correspondente, fose inhábil, estenderase o período ata o día seguinte hábil posterior.

O concesionario está obrigado a realizar declaración-autoliquidación, segundo impreso facilitado pola Administración Municipal, durante os períodos de pagamento sinalados anteriormente.

O pagamento do canon anual rexerase polo establecido para o pagamento das débedas por ingresos de dereito público, en todo o non regulado nestes pregos.

A falla de presentación de declaración-autoliquidación ou o impago nos prazos sinalados do canon anual poderá dar lugar, ademais do contemplado no Regulamento Xeral de Recadación para as débedas non ingresadas en prazo voluntario a sancións por importe do 50% ao 100% do importe non ingresado.

Todos os gastos e demais impostos que graven a concesión correrán por conta do adxudicatario, non podendo repercutir custo algún ao Concello de Vigo, sen prexuízo das redutións ou axustes do canon concesional que se regulan na presente cláusula.

O importe do canon antes fixado poderá verse reducido ou axustado cando concorran as circunstancias que se indican a continuación, toda vez que as mesmas producirán durante a súa concorrencia unha alteración dos ingresos do concesionario, que afectan ao valor de utilidade económica do ben ocupado, recollido no Estudo de Viabilidade de Concesión, e xustifican o reaxuste do canon nos termos se sinalan de seguido:

I.- Durante o período de execución das obras da grada de Gol e, no seu caso, da grada de Tribuna, en función do importe dos ingresos deixados de percibir polas obras nas ditas gradas e os importes deixados de percibir como consecuencia da recolocación de socios e abonados das gradas en obras nas gradas existentes.

Para a determinación do axuste tomarase en consideración a diferencia entre o deixado de ingresar dende a data de formalización da concesión, que se calculará sobre os ingresos obtidos, e xustificados pola concesionaria na última tempada en que as gradas foron utilizadas durante a totalidade da mesma.

II.- Nos mesmos termos tomados en consideración no Estudo de Viabilidade da Concesión para a determinación do canon, cando se produza a alteración dos supostos de feito determinantes deste, como consecuencia da realización polo adxudicatario de inversións en obras que, de con-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

formidade coa normativa contable, teñan un período de amortización igual ou superior a 5 anos e fosen previamente autorizadas polo Concello.

Xunto coa autorización municipal de investimento establecerase o calendario do canon axustado. No caso de que a inversión realizada superase o canon aplicable á anualidade correspondente, a diferencia entre a inversión realizada e o canon reducirase nas anualidades seguintes.

No caso de que o período de amortización exceda o prazo de finalización da concesión deberá terse en conta na redución ou axuste do canon.

**QUINTA.- COMPENSACIÓN DO CANON**

O canon será obxecto de compensación coas cantidades que o Concello de Vigo acorde achegar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a organización e desenvolvemento por esta entidade deportiva de actividades de impulso da cultura, lecer e tempo libre, que promovan e difundan a marca Vigo, vinculadas ao Estadio Municipal de Balaídos.

Polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. presentarase unha proposta de actuación á Comisión de Seguimento da concesión, regulada na cláusula XVI, na que se xustifique a actividade a realizar, así como as accións de promoción que difundan de maneira relevante a imaxe/marca Vigo. O retorno da inversión (ROI) deberá ser superior ao 500% do importe do canon a compensar. A actuación proposta polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. será avaliada previamente a súa presentación por experto independente e deberá ser aprobada polo Concello de Vigo con anterioridade á súa realización.

En todo caso nas actuacións propostas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Considerar ao Concello de Vigo como único patrocinador institucional/administración pública nas accións promocionais. O Concello de Vigo poderá exceptuar esta obriga nos termos establecidos na cláusula VIII.

- Incluír a imaxe/marca institucional do Concello de Vigo nas diferentes comunicacións dos ditos eventos.

- O Concello de Vigo se reserva o dereito a designación ou denominación do evento

- Na realización das actividade sinaladas pertencerán, con carácter exclusivo, ao Concello de Vigo os dereitos relativos á imaxe, promoción e cartelería do evento,

Una vez finalizada a actuación, polo Real Club Celta presentarase xustificación das actuacións para a revisión, aprobación e recoñecemento polo Concello de Vigo

No caso de que polo Concello de Vigo, previo informe da empresa encargada da verificación e valoración desta actuación, se comprobe o correcto cumprimento dos requisitos sinalados, se procedera a aprobación da compensación para a dita anualidade.

**SEXTA. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

A concesión adxudicarase mediante outorgamento directo ao Real Club Celta de Vigo S.A.D. segundo o previsto nos artigo 93 e 137.4.c e 137.4.i Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

**SÉTIMA.- OBRAS A REALIZAR POLO CONCESIONARIO**

O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá executar obras de remodelación, reforma, mellora ou ampliación das instalacións, previa autorización do Concello de Vigo. Para elo, presentará o proxecto das obras a executar coa correspondente memoria xustificativa ao Concello de Vigo para a súa aprobación. No acordo de autorización establecerase o calendario das obras e o axuste, no seu caso, do canon, xunto co seu calendario.

Terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final das mesmas, asinado polo seu Director e visado polo Colexio Oficial correspondente, no que deberán estar incluídas todas as obras executadas e solicitará por escrito o recoñecemento final das mesmas dentro do mes seguinte a súa finalización.

Levantarase Acta de comprobación das obras coa asistencia dun técnico municipal en representación do Concello de Vigo, do concesionario e do Director das obras, que recollerá a relación descritiva e valorada das obras e planos das mesmas. As obras axustaranse ao proxecto aprobado polo Concello e calquera modificación que o concesionario pretenda introducir, deberá ser previamente sometida á aprobación do Concello e obter a correspondente autorización.

Finalizadas e recibidas as obras revisarase polo Concello de Vigo o importe do canon a satisfacer polo concesionario.

**OITAVA.- DEREITOS E OBRIGAS REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD E DO CONCELLO DE VIGO. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

A) DEREITOS E OBRIGAS DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. ten dereito á posta a disposición polo Concello do inmoble obxecto da concesión e a súa ocupación privativa e exclusiva para o seu uso durante o prazo concesional e consonte ao disposto no presente prego e a normativa urbanística de aplicación.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. ten dereito, ben directamente ou a través da entidade que xestione eses dereitos, á comercialización dos dereitos audiovisuais e de todo tipo vinculados á celebración dos eventos deportivos nos que participe o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. no Estadio de Balaídos e á comercialización dos espazos publicitarios nos termos previstos neste Prego. Este dereito tamén comprenderá calesquera outros eventos que poidan ter lugar no Estadio de Balaídos.

- A utilización do Estadio Municipal de Balaídos ten como fin principal o uso do Estadio Municipal de Balaídos para o uso deportivo, concretándose a mesma na celebración de encontros e adestramentos da competicións deportivas nas que participe o Real Club Celta de Vigo S.A.D. (primeiro equipo masculino, feminino e equipos filiais), así como a utilización do mesmo para os usos compatibles previstos na normativa urbanística nas condicións especificadas na mesma. A utilización para os usos compatibles poderá ser realizada, de forma directa ou indirecta, por calquera forma admitida en dereito.

O PXOM establece que se definen como usos esporádicos aqueles que se poidan producir para un ou más días, en espazos públicos ou dotacionais públicos ou privados, abertos ou cubertos, que deben estar suxeitos a autorización. Poderán corresponder a usos culturais, de espectácu-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

los, políticos ou calquera outro uso que empleen espazos ou locais non específicamente destinados a estes usos.
Con anterioridade á organización do primeiro uso esporádico deberán aprobarse polo Concello, previo informe da comisión de seguimento da concesión, o procedemento e condicións para a organización dos mesmos.
O citado procedemento establecerá as medidas correctoras, de organización e as condicións de desenvolvemento dos citados usos. A súa aprobación non exime da solicitude de autorización municipal para cada concreto acto e a presentación do preceptivo plan de autoprotección e demais documentación técnica preceptiva segundo a normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas .

O devandito procedemento será revisado anualmente ao obxecto de introducir as modificacións necesarias.

- Os gastos de subministros e servizos do Estadio serán a cargo do Real Club Celta de Vigo, S.A.D., salvo nos casos expresamente previstos neste Prego.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. obrígase a que o Estadio Municipal sexa a sede do equipo profesional de fútbol masculino actualmente na 1ª división da LFP, durante a vixencia da concesión e a disputar nel os seus partidos como equipo local e tódalas competicións organizadas pola UEFA, FIFA, RFEF ou calquera competición na que participe o equipo, sempre e cando as normas da respectiva competición non obriguen a disputar o mesmo noutra sede.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. se compromete a facer fronte a todos os gastos que ocasione a conservación, reparación, melloras, reformas, mantemento, limpeza e seguridade necesarios para garantir o bo uso das instalacións dende a data da formalización da concesión, así como ao custos dos subministros necesarios para o correcto funcionamento das ditas instalacións. Así mesmo deberá pagar todos os impostos dos que sexa obxecto o inmoble.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá manter e conservar o Estadio municipal e as súas instalacións (tanto as xa existentes como as novas que se poidan executar), así como a parcela na que se ubica, coa excepción das zonas públicas que se sitúen fora dos muros do estadio, en perfecto estado de utilización, funcionamento, limpeza e hixiene, de acordo co Plan de Mantemento e Conservación do Estadio, que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá elaborar e a realizar ao seu cargo os traballos de conservación, mantemento e reposición e cantas reparacións sexan precisas para cumprir con dito Plan. En particular, correrán a seu cargo todas as reparacións maiores ou menores, tanto ordinarias coma extraordinarias, que sexan necesarias para manter todas as instalacións obxecto de concesión en estado de servir ao uso a que están destinadas, sen que o Concello teña que abonar cantidade algunha por ditas reparacións. Todas as obras e reparacións que se realicen polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. quedarán en beneficio do Concello de Vigo, unha vez finalizada a concesión, sen que este teña que abonar ningunha cantidade.

O concesionario se obriga a realizar e a costear o mantemento (correctivo, preventivo e normativo) do estadio e a súas instalacións, conforme ao establecido na lexislación vixente. Anualmente o concesionario presentará unha memoria coas actuacións realizadas no ano inmediatamente anterior.

En ningún caso serán por conta do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. aquelas intervencións que se teñan que realizar no estadio como consecuencia de vicios ocultos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá realizar as obras necesarias que excedan da mera conservación e mantemento e que poidan ser impostas pola LFP, UEFA, etc., así como pola finalización da vida útil de calquera elemento ou estrutura do estadio, ou aquelas outras obrigadas pola normativa que puidera aprobarse posteriormente á formalización da presente concesión.

A execución das obras de inversión polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. permitirán revisar o importe do canon segundo o establecido na cláusula IV.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá establecer unha denominación comercial para o Estadio debendo en todo caso respectarse no nome do mesmo a denominación "Estadio Municipal de Balaídos". A citada denominación comercial poderá poñerse antes e/ou despois do nome de Balaídos.

Non se admitirán nomes que atenten contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller. O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. remitirá a denominación proposta ao Concello de Vigo que deberá aprobar a mesma coa única limitación do cumprimento das citadas prohibicións. Queda prohibida a introdución do nome doutra administración ou entidades dependentes ou propiedade destas, así como de persoas físicas.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. subscribirá unha póliza de seguro de todo risco, perda e danos materiais, polo importe do valor do inmoble. Ademais, está obrigado a indemnizar a terceiros polos danos e prexuízos que poidan producirse a terceiros como consecuencia do uso e funcionamento normal ou anormal da actividade que desenvolve no ben obxecto de concesión, para o que subscribirá unha póliza de aseguramento de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros. O Concello de Vigo será beneficiario de estas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión. Anualmente, xustificarase o abono da prima anual destes seguros e a súa vixencia.

Así mesmo se subscribirán todas aquelas pólizas que sexan preceptivas por normativa específica dos eventos ou actividades que se desenvolvan no Estadio Municipal.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. facilitará calquera actuación de inspección e control por parte do Concello de Vigo.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. coñece a circunstancia de que o Estadio Municipal de Balaídos atópase nun ámbito identificado como «Area de Risco Potencial Significativo de Inundación», segundo previsto no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo de avaliación e xestión de riscos de inundación, e, daquela, o risco de inundación existente, e comprométese a ter en conta dita circunstancia ante a celebración de eventos no estadio, a adoptar as medidas pertinentes para facer fronte a este risco e a trasladar a información necesaria aos posibles afectados.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. é responsable do cumprimento do Real Decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá organizar as actividades que se describen na cláusula V de impulso da cultura, ocio e tempo libre, así como a promoción e difusión da marca Vigo vinculado ao Estadio Municipal de Balaídos.

O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. comprométese a garantir o cumprimento da normativa vixente para a celebración de calquera tipo de espectáculo no Estadio Municipal de Balaídos (segurida-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

de, etc.) coa excepción dos organizados directamente polo Concello de Vigo que serán conta de éste.

- O concesionario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade do procedemento de adxudicación pola inserción de anuncios nos boletíns oficiais

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá hipotecar a concesión exclusivamente polo período máximo de duración da mesma debendo comunicar esta circunstancia ao Concello de Vigo para a súa previa autorización. En caso de resolución do contrato, calquera que sexa a causa, o concesionario deberá cancelar a súa costa a hipoteca que gravara o seu dereito real.

B) DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

- O Concello de Vigo ostentará a prerrogativa de interpretar o contido da concesión e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.

- O Concello de Vigo ostentará a prerrogativa de modificar a concesión por razóns de interese público debidamente xustificadas.

- O Concello de Vigo poderá inspeccionar en calquera momento as instalacións e o seu uso adecuado, podendo ordenar ao concesionario as reparacións que deban realizarse, así como canto sexa necesario para a correcta utilización do ben.

- O Concello de Vigo reservarse o dereito exclusivo de utilización das pistas e espazos baixo a grada de Río que se delimitan no anexo II, sendo de conta do Concello os gastos de subministracións e servizos dos mesmos, así como as actuacións de conservación, mantemento, reparación e reposición dos mesmos.

- A superficie da parcela indicada no anexo I continuará no uso público sendo o mantemento por tanto por conta do Concello en tanto non se acorde o contrario polas partes ou se proceda á ampliación sobre ela da grada de Tribuna.

- O Concello de Vigo reservase o dereito á utilización de espazos publicitarios do Estadio Municipal para a exhibición da marca Concello de Vigo en tódolos eventos que se celebren no mesmo. A marca do Concello de Vigo deberá ser visible dende calquera punto do Estadio. Polo Real Clube Celta de Vigo remitirase proposta ao Concello de Vigo o cal deberá dar conformidade á mesma.

En todo caso o Concello de Vigo reservase con carácter exclusivo a exhibición de publicidade institucional en calquera evento a celebrar no Estadio Municipal, salvo que dita administración dispoña de forma expresa o contrario, previa consulta á comisión de seguimento. Os restantes espazos publicitarios poden comercializarse polo Real Club Celta coas citadas limitacións.

A obriga anterior decaerá naqueles casos en que a publicidade poda vir imposta por unha norma de obrigado cumprimento ou se derive das obrigas que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. adquira como consecuencia da súa participación en competicións oficiais e veñan impostas pola LA LIGA, RFEF, UEFA, FIFA. Tamén decaerá naqueles eventos deportivos (mundial, encontros e/ou adestramentos de seleccións ou equipos foráneos, campionatos, etc.) nos que, por exixencias da súa organización ou da normativa de obrigado cumprimento, veñan impostas obrigas en ma-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

teria de publicidade incompatibles coa previsión recollida no presente documento en canto a publicidade institucional do Concello de Vigo.

Non se admitirá publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller.

- O Concello de Vigo reservase o dereito de utilizar o Estadio Municipal para a celebración de eventos de interese xeral para a cidadanía respectando en todo caso o calendario de competición oficial do club.

Nos ditos eventos o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. facilitará os suministros e servizos necesarios que estean ao seu nome (electricidade, seguridade, etc.), sen menoscabo da repercusión do seu custe ao Concello de Vigo.

- O Concello de Vigo reservase o dereito de acceso da corporación municipal do Estadio ao Palco de Autoridades do mesmo en todos os eventos que se celebren, con carácter gratuíto e con localización preferente, mantendo a Alcaldía-Presidencia o posto de honra que lle corresponde no mesmo a carón da presidencia do club, así como o posto inmediatamente contiguo para a autoridade a designar polo Concello.  O Concello de Vigo como propietario do Estadio municipal debe ser a administración con maior presencia institucional na primeira fila do palco de autoridades.

No resto dos asentos do Palco de Autoridades respectarase o Real Decreto 2099/1983, de 4 de agosto, que aprobou o Ordenamento Xeral de Precedencias no Estado, cuxo cumprimento poderá esixir o Concello.

- O Concello de Vigo reservarse o dereito de realizar obras de carácter estrutural de reforma ou ampliación necesarias para a celebración de eventos que o Concello  considere convinte para a cidade de Vigo.

A execución das citadas obras realizaranse coordinadamente co Real Club Celta, S.A.D aos efectos da minimizar as afeccións ao esta, e poderán dar lugar á minoración do canon polos prexuízos económicos que se irroguen ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D., nos termos previstos na Cláusula Cuarta.

- O Concello de Vigo conta coa prerrogativa de acordar a resolución da concesión nos casos e condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

- O Concello de Vigo realizará, no ámbito das súas competencias, cantas actuacións e intervencións sexan necesarias para diminuír os riscos derivados da situación do estadio en Área de Risco Potencial Significativo de Inundacións.

- O Concello de Vigo, no momento de formalización da concesión, obrígase a entregar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. todos os manuais de mantemento e uso ou utilización das instalacións obxecto da concesión, así como as instrucións correspondentes relativas ao indicado mantemento.

**NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Considerase infracción calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña a vulneración das obrigas establecidas no presente prego de cláusulas, e nas demais normas xerais

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

de aplicación. Será de aplicación sobre infraccións e sancións e réxime sancionador o previsto no Título IX da LPAP.

As infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación establecida no artigo 192 LPAP.

En todo caso constituirán infraccións moi graves:

- O incumprimento da obrigación por parte do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. da utilización do Estadio Municipal como sede local do equipo profesional masculino.

- A introdución dun nome comercial no Estadio Municipal de Balaídos incumprindo as previsións deste titulo concesional.

- O incumprimento da obriga de facilitar ao Concello de Vigo a realización de actividades e no seu caso de obras que se reserva no presente prego de cláusulas.

- A reincidencia na comisión de infraccións graves. A estes efectos constitúe reincidencia a comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente prego de cláusulas, nun período de dous anos consecutivos, ou cinco infraccións graves na totalidade do prazo da concesión.

- O incumprimento das obrigas de publicidade institucional contidas no presente Prego.

- Destinar o Estadio Municipal a actividades distintas das autorizadas.

- O impedimento ou a obstrución ao persoal municipal no exercicio das súas funcións inspectoras ou de control do edificio e as súas instalacións.

- Non abonar as primas das pólizas de seguro preceptivas.

- Poñer en perigo o ben obxecto da concesión.

- Calquera das consideradas como faltas moi graves na normativa urbanística ou sectorial de aplicación para cada unha das actividades ou servizos que se desenvolvan dentro do obxecto da concesión.

- A falsidade comprobada de informes, datos, etc. proporcionados polo concesionario ao Concello de Vigo así como ocultamento dos mesmos, que resulten importantes no desenvolvemento da concesión e afecten á mesma.

- O incumprimento das obrigas de conservación e mantemento previstas neste Prego e no Plan de Conservación e Mantemento, cuxa inobservancia sexa considerada moi grave no prego de cláusulas.

- O incumprimento das obrigas establecidas no presente prego de cláusulas respecto do protocolo de aplicación ao Palco de Autoridades.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, nos termos previstos nos artigos 193 e seguintes LPAP ou normativa que a substitúa.

A imposición de calquera das sancións previstas será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao estado orixinario, así como a indemnización dos danos e perdas causados ou a resolución da concesión cando proceda.

**DÉCIMA.- EXTINCIÓN**

A presente concesión extinguirase polo seu cumprimento ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución as previstas no artigo 100 da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas ou normativa que a substitúa.

Entre as faltas moi graves que suporán en todo caso a extinción da concesión atópanse as seguintes:

- O incumprimento da obrigación por parte do Real Club Celta de Vigo da obriga contemplada no prego de que o Estadio Municipal sexa a sede do equipo profesional de fútbol masculino, durante a vixencia da concesión e a disputar nel os seus partidos como equipo local e tódalas competicións organizadas pola UEFA, FIFA, RFEF ou calquera competición na que participe o equipo, sempre e cando as normas da respectiva competición non obriguen a disputar o mesmo noutra sede.

- O incumprimento moi grave das obrigas de conservación e mantemento previstas neste prego de cláusulas e no Plan anual de conservación e mantemento.

Nestes supostos a concesionaria deberá indemnizar, en concepto de danos e perdas, ao Concello de Vigo no 50% do importe total do canon que debería terse abonado na totalidade da concesión. Para a súa determinación non se terán en conta os axustes do canon nin as compensacións que se prevén nas cláusulas IV e V do prego.

Unha vez extinguida a concesión, en ningún caso o Concello de Vigo se subrogará na posición da concesionaria respecto do persoal contratado por esta.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REVERSIÓN**

Á extinción da concesión, por calquera das causas previstas neste prego de cláusulas, o Estadio Municipal de Balaídos, con todas as súas instalacións e obras reverterá gratuitamente ao Concello de Vigo, libres de cargas, sen que o concesionario teña dereito a contraprestación algunha pola reversión. O Estadio revestirá en condicións de uso e conservación adecuadas ao seu destino.

Unha vez transcorrido o prazo máximo da concesión o concesionario deberá abandonar e poñer á libre disposición do Concello de Vigo o Estadio e instalacións, obxecto da concesión En caso contrario a Administración municipal terá a potestade de acordar e executar por si mesma o lanzamento.

**DÉCIMO SEGUNDA.- CESIÓN**

Queda prohibida a cesión, directa ou indirecta, da concesión sen autorización do Concello de Vigo. Enténdense xa autorizadas todas aquelas cesións que se recollen no presente prego.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**DECIMO TERCEIRA.- RESCATE**

En caso de rescate anticipado da concesión, o Real Club Celta de Vigo será indemnizado polos quebrantos materiais xurdidos pola extinción anticipada. O rescate deberá estar baseado en circunstancias sobrevidas de interese público.

**DÉCIMO CARTA.- XURISDICIÓN**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos desta concesión serán resoltas pola Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, como órgano municipal competente para o seu outorgamento, cuxos acordos porán fin á vía administrativa. Contra os mesmos poderase interpor potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou impugnala directamente ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da mesma notificación. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

**DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o correcto desenvolvemento dos dereitos e obrigas contemplados no presente prego de cláusulas constituirase, unha vez formalizada a concesión, unha comisión de seguimento, composta de forma paritaria por 3 persoas representantes de cada unha das partes. Entre os membros do Concello de Vigo ao menos un deles terá a condición de funcionario e actuará como Secretario da Comisión. A Presidencia da Comisión corresponderá ao Concello de Vigo.

Na citada comisión tratarase calquera asunto referente á concesión que deba ser aprobado posteriormente polo Concello de Vigo, así como a proposta anual de calendario de actividades do Estadio e de actuacións de mantemento e obras a realizar no mesmo e calquera outras cuestións referentes ao Estadio que se propoña por calquera das partes. Tamén se informará pola concesionaria no seo desta Comisión das posibles incidencias que se produzan en relación coas instalacións.

A comisión de seguimento proporá motivadamente á Xunta de Goberno Local a resolución das dúbidas e interpretacións que presente o contrato concesional e o seu cumprimento.

**Disposición adicional 1ª.**- O importe do canon será obxecto de revisión polo Concello no caso de que o Real Club Celta de Vigo descenda de categoría atendendo ao valor da utilidade derivada da utilización privativa do estadio na correspondente categoría e tendo en conta os menores ingresos consecuencia do descenso. O canon poderá ser obxecto de revisión no suposto de participación en competicións europeas se da lugar á modificación do valor da utilidade derivada na explotación do Estadio municipal.

**Disposición adicional 2ª.-** O importe do canon será tamén obxecto de revisión polo Concello unha vez se leva a cabo, no seu caso, a execución da ampliación da grada de Tribuna.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Así mesmo, calquera obras de carácter estrutural, de reforma ou ampliación, ou calquera outra intervención que poda levar a cabo o Concello de Vigo no Estadio de Balaídos e que modifiquen o valor da utilidade derivada na explotación do Estado municipal, poderán dar lugar ao revisión do canon, tanto a alza como a baixa.

**Disposición adicional 3ª.-** O Concello de Vigo comprométese, unha vez finalizadas as obras da grada de Gol, á entrega das mesmas ao Real Club Celta de Vigo, que se integrarán no conxunto da concesión.

**Disposición adicional 4ª.-** O Concello de Vigo comprométese á entrega da totalidade da documentación técnica sobre a execución de obras no Estadio Municipal de Balaídos ao Real Club Celta de Vigo.

**Disposición derrogatoria.-** Esta concesión substitúe, derroga e deixa sen efecto, exclusivamente no que a utilización do Estadio Municipal de Balaídos se refire, o convenio de colaboración asinado en 1992 e a súa novación modificativa de 2009.

ANEXO I.- FICHA INVENTARIO MUNICIPAL BENS E INSTALACIÓNS ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS (EPÍGRAFE I, Nº BEN 280)
ANEXO II.- PLANO INSTALACIÓNS EXPLOTACIÓN MUNICIPAL"

## 18(347).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS. ZONA ESTE FASE 1". EXPTE. 7022/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/04/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** A Xunta de Goberno Local na sesión do día 7 de novembro de 2025, acordou entre outros:

*"Adxudicar a CONTROL Y GEOLOGÍA, SA. – CYGSA o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxecto de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" (2212-441) por un prezo total do contrato de 127.181,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.072,89 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**II.-** A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de execución das obras de "RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA ESTE FASE 1", redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVECENTOS SETENTA MIL NOVECENTOS VINTE E CATRO EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (970.924,82 €).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais o día 22.04.2026 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do técnico de Administración Xeral, o día 23.04.2026 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** As obras proxectadas localízanse no Concello de Vigo. Trátase da mellora da pavimentación de trinta e catro viais municipais nas parroquias de Teis (no seu tramo non urbano), Lavadores, Candeán e Cabral, en concreto son:

1. Rúa Becerreira 1
2. Rúa Becerreira 2
3. Camiño Couso De Abaixo
4. Camiño Mancoña
5. Rúa Molais
6. Rúa Salgado
7. Rúa San Caetano
8. Rúa Xalón
9. Camiño Couto
10. Camiño Fonte Da Barca
11. 2ª Travesía Madroa
12. Camiño Peton
13. Camiño Souto Da Fonte Escura
14. Camiño Xenerosa
15. Rúa Barreiro
16. Rúa Brea
17. Baixada Capitan
18. Camiño Fontans
19. Baixada Orxa
20. Camiño Penedos
21. Camiño Piñeiro
22. Rúa Ramon Leandro Alonso Martínez
23. Rúa Santa Cristina
24. Rúa Xanteira
25. Rúa Tanque
26. Estrada Vella De Madrid
27. Camiño Espiñeiro
28. Camiño Fonte Das Mozas
29. Camiño Pedrosa
30. Rúa Poulo
31. 1º Travesía Presa
32. Rúa Presa
33. Rúa Cabalaria
34. Rúa Nova

Os viais presentan patoloxías de distinta entidade desde:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

• Patoloxías que afectan á capa de rodadura pero que non supoñen deformacións do firme nin modificación da liña de rasante como: Fisuras e gretas asociadas ao envellecemento do firme e uso ou desprendemento da capa de rodadura con árido visto e ocos do desgaste.

• Deformacións de distinta entidade como rodeiras, brandóns, afundimento da sección, bacheado previo por deformacións previas ou deformacións.

Proxéctase unha actuación de renovación do firme co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais das vías, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.

Prevense actuacións de renovación do aglomerado segundo a aplicación da categoría de pesados asignados a cada vial. Considerouse unha explanada E3 e a categoría de tráfico T42 en zona rural.

Para danos na capa de rodadura proxectase unha nova capa de rodadura sobre a existente. No caso de deformacións severas proxectase unha renovación completa da sección de firme. Esta actuación depende do tipo de solución previa existente: Viais con capa de rodadura sobre formigón ou viais con sección flexible de MBC. Entre as distintas capas de firme plantease regos bituminosos adecuados a cada caso (regos de imprimación ou regos de adherencia).

A súa vez, renovarase toda a sinalización vertical e horizontal do ámbito de proxecto e os elementos de balizamento necesarios.

Contémplase tamén, o recrecido e axuste das arquetas e pozos pertencentes ás redes de saneamento e telecomunicacións, co obxecto de adecuar as súas cotas á nova rasante definitiva do pavimento. No caso dos pozos de saneamento tamén se realizou unha previsión de substitución das tapas e os correspondentes marcos que se atopan deteriorados.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

**V.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 27.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2025. A aprobación definitiva de dito PXOU foi publicada no DOG nº 123 o día 30/06/2025 e a súa normativa foi publicada no BOPP número 146, de fecha 4 de agosto de 2025, o que permitiu que entrara en vigor o 27 de agosto de 2025. O ámbito do proxecto está clasificado como Solo Urbano, tanto Consolidado (SUC) como Non Consolidado (SUNC).*

*A totalidade das obras desenvólvense dentro do viario público. O proxecto prevé a rehabilitación de varias rúas mediante o fresado e reposición da capa de rodadura (puntualmente tamén das capas intermedia e base), de forma que a actuación se cingue ao actual dominio público sen modificar as aliñacións nin ampliar as ocupacións actuais.*

*O análise realizado sobre as posibles afeccións ao Patrimonio Cultural realizouse desde o*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*novo marco competencia que estableceu a Lei 5/2025, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2026, en concreto o relacionado coa reforma da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.*

*Non é obxecto deste proxecto acción directa ou indirecta algunha sobre calquera dos bens mencionados, non existindo incidencias relativas ao derribo, restauración, conservación, consolidación ou rehabilitación, e non supoñendo o seu deterioro, nin impedindo a súa contemplación nin ocupando espazos libres do seu entorno. Consta no proxecto unha táboa onde se expoñen os bens catalogados identificados no ámbito das actuacións.*

*As obras proxectadas adaptasen ao planeamento vixente ao tempo que a natureza das mesmas fai que non se produzan impactos sobre o patrimonio ou outros elementos de interese.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**
Aprobar o proxecto de execución das obras de **"RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA ESTE FASE 1"**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVECENTOS SETENTA MIL NOVECENTOS VINTE E CATRO EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (970.924,82 €) e sinatura dixital do día 27 de abril de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(348).- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA PIZARRO E A RÚA HONDURAS (ZONA 2). EXPTE.5361/401.**
Visto o informe xurídico de data 24/04/2026 e o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo do 28/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

aprobou definitivamente o documento nomeado *'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva'* datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 21.10.2025 (COD.SOL.: W1379543-8350) a mercantil "Desarrollos Inmobiliarios Ría de Vigo 2025, SL" con CIF B22535405, insire no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, a seguinte documentación:

- Instancia zona 2 Praza de España, aos efectos da tramitación do Borrador/Proposta do Convenio de execución de planeamento sobres as parcelas catastrais 3355901NG2735N e 3355902NG2735N, da súa titularidade.

- Borrador/ Proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento da Zona 2. sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a Avenida Gran Vía, a Rúa Pizarro, e a Rúa Honduras.

- Copia simple da escritura de compravenda outorgada perante o notario desta cidade Julio- Manuel Diaz Losada, o día 02.10.2025 ao número 1718 do seu protocolo, que acredita a titularidade das referidas parcelas incluídas no ámbito.

- Poder do administrador único para actuar no presente procedemento.

- Escrito asinado por D. Jaime Nozaleda Toner en nome e en representación da mercantil "Desarrollos Inmobiliarios Ría de Vigo 2025, SL, con domicilio na rúa Titán, núm. 8, Madrid, no que expón que:

*"Que a entidade "Desarrollos Inmobiliarios Ría de Vigo 2025, SL" é propietaria en pleno dominio das seguintes fincas sitas na Praza de España, de Vigo;*

*URBANA: CASA TIPO CHALET de dos plantas y semisótano, con una vivienda unifamiliar, con terreno anexo, señalada actualmente con el número cincuenta y nueve de la Gran Vía --antes barrio del Couto, Gran Vía del Generalísimo Franco--, en esta ciudad de Vigo.- Afecta, en conjunto, una figura sensiblemente triangular, siendo su base de longitud veinticinco metros, cincuenta centímetros.- Linda: Oeste, Gran Vía, en la actualidad veinticinco metros setenta centímetros a sus lados; Sur, en treinta y ocho metros lineales, terreno de Jesús Alonso, y Norte y Este, que termina en cero, de Pedro Jesús Portanet Suárez, en línea de cuarenta metros, setenta centímetros, motivado al replanteo para la apertura de la calle de Circunvalación a la Plaza de España.*

*INSCRIPCIÓN.- REGISTRO DE LA PROPIEDAD Nº 1 DE VIGO, al Tomo 1.481, Libro 1.481, Folio 152, número de finca registral 10.109.*
*Ocupa la superficie de 544 m2 según levantamiento topográfico.*
*Referencia catastral: 3355901NG2735N*
*URBANA: Solar actualmente señalado con el número uno de la calle Pizarro, formando una sola finca sita en el lugar del Couto, parroquia del Corazón de María, municipio de Vigo.Limita: Norte o fondo, casa-chalet y jardín de don Florián González, hoy parcela 3355901NG2735N; Sur o frente, por donde tiene su entrada principal, Avenida de Pizarro; Este o derecha, calle circular, hoy calle Honduras; y Oeste o izquierda, Plaza de España y Gran Vía.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*INSCRIPCIÓN: Figura inscrita en el Registro de la Propiedad número UNO (1) de los de Vigo, Finca registral* número 10261.
*Ocupa la superficie de 842 m2 según levantamiento topográfico.*
*Referencia catastral: 3355902NG2735N*

A tales efectos en en base aos antecedentes expostos, solicita a tramitación do Borrador/ Proposta de convenio urbanístico de execución de planeamento sobre as parcelas anteriormente descritas.

I.III. En data 24.10.2025 a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 28.10.2025.

I.IV. En virtude do solicitado, e trala negociación da dita proposta de convenio, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na sesión ordinaria do día 18.11.2025 acordou elevar á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o expediente de aprobación inicial da proposta d*e "Convenio Urbanístico de Execución de Planeamento sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a Avenida Gran Vía, a rúa Pizarro e a rúa Honduras (Zona 2)".*

I.V. En data 21.11.2025 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria acordou, Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título:P*ROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 2. SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA PIZARRO E A RÚA HONDURAS.*

I.VI. O texto de aprobación inicial do Convenio foi asinado polas partes intervintes en data 22.01.2026 (trámite 50 do expediente electrónico) .

I.VII. En cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública polo prazo dun (1) mes, mediante senllos anuncios publicados no diario "Faro de Vigo" en data 06.02.2026, e no Diario Oficial de Galicia núm. 53 do día 23.03.2026.
.

I.VIII. En data 21.04.2026 a Xefa da Oficina de Rexistro da Xerencia de Urbanismo estende dilixencia na que fai constar que: " *Que o "texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 2,* Praza *de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España entre a avenida Gran Vía, a rúa Pizarro e a rúa Honduras", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos diarios de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 6 de febreiro de 2026) e no Diario Oficial de Galicia (número 53, do 20 de marzo de 2026).*
*Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.*

Na mesma data (21.04.2026) o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emite certificación do resultado do trámite de información pública, do mesmo teor literal que a antedita dilixencia da xefa da oficina do rexistro desta XMU.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Públic)o,
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Aprobación definitiva

O RLSG recolle nos artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

Deste xeito, trala aprobación inicial do texto inicial do Convenio pola XGL, e a vista do resultado do preceptivo trámite de información pública, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feito, sen que se teñan presentado ningún escrito de alegacións, procede neste intre a ratificación do texto definitivo do convenio polo órgano municipal competente, a publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA e a súa anotación no rexistro de convenios e copia ao arquivo de convenios.

II.III. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, unha vez finalizado o trámite de información pública de aprobación do texto inicial do *Convenio urbanístico para a execución de Planeamento, sobre as parcelas sintas na Praza de España, entre a Avenida Gran Vía, a rúa Pizarro e a rúa Honduras (Zona 2)*, sen terse recibido escrito de alegacións algún, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivo sen necesidade de nova sinatura, correspondéndolle a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo, a ratificación do texto definitivo do presente convenio de execución de planeamento.

Por canto antecede ,PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

«ACORDO

PRIMEIRO: Ratificar e elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial do "*Convenio Urbanístico de Execución de Planeamento .Zona 2. sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a Avenida Gran Vía, a rúa Pizarro e a rúa Honduras*", adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 21.11.2025, ao non terse recibido escrito de alegación algún, polo que o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivamente aprobado, producindo a aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos.

SEGUNDO: De conformidade co establecido no artigo 403 do RLSG, proceder a publicación do texto íntegro do Convenio Urbanístico de referencia, no Diario Oficial de Galicia, así como a súa anotación no Rexistro de Convenios, remitíndose copia do mesmo ao Arquivos de Convenios.

TERCEIRO: Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(349).- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA ENTRE A RÚA PIZARRO, RÚA PUERTO RICO E A RÚA HONDURAS (ZONA 3). EXPTE. 5353/401.**

Visto o informe xurídico de data 24/04/2026 e o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo do 28/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado *'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva'* datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 01.08.2025 (Código de solicitude W.1341400-7736), D. Miguel Pedro Acosta Ramírez, con DNI núm. ***8373** actuando en nome e representación da mercantil “Aliseda, SAU” con CIF A-28335388, inseríа no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, un escrito no que expón que,

*“·(..)Primeiro.: A entidade Aliseda SAU, é propietaria en pleno dominio da parcela sita na praza de España, Vigo,e que se describe a continuación:*

*“Urbana. Solar situado nesta cidade de Vigo, parroquia de San José Obrero, lugar de Couto, dunha superficie de dous mil oitocentos dez metro dez decímetros cadrados. Linda: Norte, rúa Pizarro; Sur, rúa Porto Rico; Este, rúa Honduras, antes rúa circular en proxecto, e Oeste, Praza de España”.*

*Ocupa unha superficie de 2.904,42 m2 segundo levantamento topográfico.*

*Inscrición: Figura inscrita no Rexistro da Propiedade núm. 5 de Vigo, ao Tomo 1.496, Libro 1.496, folio 63, finca 62.460.*

*Referencia catastral: 3354406NG2735S0001TE.*

*Segundo.: Que o documento de Revisión do PXOM aprobado definitivamente clasifica a parcela descrita como solo urbano consolidado, coa cualificación de Ordenanza U.4.Edificación aberta, en cuxo apartado 6. “Praza de España” asignáselle unha edificabilidade correspondente a parcela catastral 3354406NG2735S de 7.621 m2, concretando que a formalización da nova edificación requirirá a formulación dun Estudo de Detalle. Unha franxa da parcela figura cualificada como sistema local de espazo libre SL-EL-XAR 713.1.*

*Asemade, o cadro núm. 2.2.6 do Estudo Económico da Revisión do PXOU, sinala que a obtención do solo do sistema local de espazo libre SL-EL-XAR 713.1., se articulará mediante convenio urbanístico.*

*Terceiro.: En base ao exposto, acompañan ao presente escrito o borrador da proposta de convenio urbanístico para a execución de planeamento sobre a parcela descrita, aos efectos da súa tramitación e sinatura. (..)”.*

A tales efectos en en base aos antecedentes expostos, solicita a tramitación do Borrador/ Proposta de convenio urbanístico de execución de planeamento sobre as parcelas anteriormente descritas.

I.III. En data 11.09.2025 a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 16.09.2025.

I.IV. En virtude do solicitado, e trala negociación da dita proposta de convenio, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na sesión ordinaria do día 18.11.2025 acordou elevar á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o expediente de aprobación inicial da proposta d*e “Convenio Urbanístico de Execución de Planeamento. Zona 3. Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a rúa Pizarro (Norte), a rúa Porto Rico (Sur) e a rúa Honduras (Este)”.*

I.V. En data 21.11.2025 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria acordou, Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título: *PROPOSTA*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 3. PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A RÚA PIZARRO (NORTE), A RÚA PORTO RICO (SUR) E A RÚA HONDURAS (ESTE).*

I.VI. O texto de aprobación inicial do Convenio foi asinado polas partes intervintes en data 22.01.2026 (trámite 82 do expediente electrónico) .

I.VII. En cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública polo prazo dun (1) mes, mediante senllos anuncios publicados no diario "Faro de Vigo" en data 06.02.2026, e no Diario Oficial de Galicia núm. 53 do día 23.03.2026.
.

I.VIII. En data 21.04.2026 a Xefa da Oficina de Rexistro da Xerencia de Urbanismo estende dilixencia na que fai constar que *" "texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 3, Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España entre a rúa Pizarro (norte), rúa Puerto Rico (sur) e a rúa Honduras (este)", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos diarios de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 6 de febreiro de 2026) e no Diario Oficial de Galicia (número 53, do 20 de marzo de 2026).*
*Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.*

Na mesma data (21.04.2026) o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emite certificación do resultado do trámite de información pública, do mesmo teor literal que a antedita dilixencia da xefa da oficina do rexistro desta XMU.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Públic)o,
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Aprobación definitiva

O RLSG recolle nos artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Deste xeito, trala aprobación inicial do texto inicial do Convenio pola XGL, e a vista do resultado do preceptivo trámite de información pública, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feito, sen que se teñan presentado ningún escrito de alegacións, procede neste intre a ratificación do texto definitivo do convenio polo órgano municipal competente, a publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA e a súa anotación no rexistro de convenios e copia ao arquivo de convenios.

II.III. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, unha vez finalizado o trámite de información pública de aprobación do texto inicial do *"Convenio Urbanístico de Execución de Planeamento. Zona 3. Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a rúa Pizarro (Norte), a rúa Porto Rico (Sur) e a rúa Honduras (Este)"*. sen terse recibido escrito de alegacións algún, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivo sen necesidade de nova sinatura, correspondéndolle a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo, a ratificación do texto definitivo do presente convenio de execución de planeamento.

Por canto antecede ,PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Ratificar e elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial do "*Convenio Urbanístico de Execución de Planeamento. Zona 3. Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España, entre a rúa Pizarro (Norte), a rúa Porto Rico (Sur) e a rúa Honduras (Este)*", adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 21.11.2025, ao non terse recibido escrito de alegación algún, polo que o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivamente aprobado, producindo a aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos.

SEGUNDO: De conformidade co establecido no artigo 403 do RLSG, proceder a publicación do texto íntegro do Convenio Urbanístico de referencia, no Diario Oficial de Galicia, así como a súa anotación no Rexistro de Convenios, remitíndose copia do mesmo ao Arquivos de Convenios.

TERCEIRO: Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(350).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS RECOLLIDAS NO PROGRAMA EDUCATIVO DE VIGONATURE. EXPTE. 13006/612.**

Visto o informe xurídico do 16/04/2026 e o informe de fiscalización do 22/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2026, asinado polo director de Réxime Interior, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do servizo servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de VigoNature. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de monitorado e coordinación dos mesmos para a realización das actividades divulgativas programadas.

Como consecuencia do anterior, con data de 2 de setembro de 2025, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 1/09/25 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 02/09/2025.

Documento asinado

2. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior e o xefe de servizo de Medio Ambiente o 23/03/2026 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature e o xefe de servizo de Medio Ambiente o 23/03/2026 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Conservador de VigoNature o 23/12/2025.
5. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 14/04/26, sobre a comprobación documental do expediente
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 14/04/26.

2.- Condicións definitorios do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do deseño, organización, coordinación e execución das actividades educativas e medioambientais integradas no programa educativo de VigoNature. As actividades abranguen:

a) Actividades ordinarias de divulgación e sensibilización ambiental.
b) Programas de aulas didácticas presenciais e en itinerancia.
c) Celebracións especiais como aniversarios e actividades de concienciación comunitaria.
d) Campamentos temáticos de educación ambiental.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sinálase o orzamento base de licitación en 128.973,07 €

- Parte fixa: 115.558,97 € (comprende os gastos asociados ás actividades de carácter periódico e estable, integradas na programación ordinaria do centro)
- Parte variable: 13.414,09 € (comprende aqueles custos directamente vinculados ás actividades suxeitas á demanda externa, tales como os aniversarios, visitas escolares e demais prestacións eventuais que non forman parte da programación fixa anual)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos

f) Réxime de pagamentos

O pagamento das obrigas derivadas do presente contrato efectuarase con cargo ao orzamento municipal e satisfarase ao contratista, no referente a parte fixa do contrato, mediante aboamentos mensuais, por períodos vencidos, ou proporcionalmente pola fracción correspondente cando o período non se axuste a un mes natural completo.

O importe a aboar en cada mensualidade, referido a parte variable do contrato, calcularase en función das horas de servizo efectivamente prestadas, aplicando aos prezos unitarios recollidos no apartado 3.I) destas FEC a porcentaxe ofertada pola contratista.

Para tales efectos, o contratista deberá presentar factura electrónica na plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, á que se atopa adherido o Concello de Vigo.

A factura deberá conter un detalle desagregado das horas de servizo realizadas en cada actividade, distinguindo a natureza das prestacións contratadas, así como calquera outra información complementaria que se estableza nos pregos ou que sexa requirida polo responsable do contrato.

A conformidade das facturas corresponderalle ao responsable do contrato designado, quen verificará a exactitude e veracidade dos servizos efectivamente

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

executados e a súa adecuación ás condicións contractuais, emitindo a correspondente certificación de conformidade. Sen este requisito previo non se procederá á tramitación do pagamento.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior de VigoNature.

i) Seguro

Exixise a constitución dunha póliza de responsabilidade civil dun importe mínimo de 150.000,00 € durante o prazo contractual.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluirán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature de data 26/02/2026 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliables mediante xuízo de valor: valorarase ata 45 puntos.

- Memoria técnica de execución do programa educativo de VigoNature.

B) Criterios avaliables a través de fórmula: valorarase ata 55 puntos.

1. Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 49 puntos.
2. Diminución da ratio monitorado/participantes nas Aulas de VigoNature: valorarase con ata 6 puntos.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**PROPOSTA:**

Por todo o exposto anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de VigoNature. (exp.13006-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoNature con data 23/12/25 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 14/04/26.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 128.973,07 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración ( 22.383,75 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.226.99.01 "Actividades programa educativo".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(351).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 10344/336.**

Visto o informe xurídico do 21/04/2026 e o informe de fiscalización do 23/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/04/2026, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

11.Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
12.Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
13.Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
14.Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
15.Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**ANTECEDENTES.-**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo: "*EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9847/336.*"

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo: *"ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9847/336:*
*Adxudicar a ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil (9847-336) por un prezo total do contrato de 285.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.960,00 euros e coas seguintes condicións:*
*a) A realización de 4 (no) de cursos de formación para o persoal do servizo de acordo cos requisitos sinalados no apartado 7.B.2.1 desta FEC- Anexo I.*
*b) A realización de 2 (no) actividades especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello.*
*c) Achega de 2 (no) monitores con formación en atención a menores con necesidades especiais.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

**Terceiro:-** O 21 de agosto de 2024 foi asinado o contrato, que en relación co prazo de duración establece na cláusula 4ª que o contrato terá un prazo de dous anos, contado a partir do día 1 de setembro de 2024. Contemplanse unha prórroga dun ano de duración.

**Cuarto.-** O importe do contrato para o período da prórroga ascende a **: 142.780,00€**

**Quinto.-** O adxudicatario achegou por rexistro de entrada na sede electrónica en data 24 de marzo de 2026, escrito amosando a súa conformidade coa 1ª prórroga do contrato, que consta incorporado ao presente expediente.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-**

**Primeiro.-** Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

**Segundo.-** Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas**, na **cláusula 7, apdo 3**, "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses."
No apartado 4 das FEC, establécese que o prazo do contrato é de dous (2) anos de duración. Contemplándose unha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

**Terceiro.-** Ante a necesidade de prorrogar a **CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL** sen introducir ningunha variación nos termos contratados, polo período dun ano contado dende o 1 de setembro de 2026 e ata o 31 de agosto de 2027, toda vez que os traballos durante o primeiro ano desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria realizando correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

**Cuarto.-** O período da prórroga do contrato comporta un prezo anual que ascende a un total de **142.780,00€**, sendo o ive do 10% de 12.980,00€; dos cuales, **66.489,00€** irán con cargo á partida orzamentaria 3370.2279900. Ludoteca Casa da Xuventude e Coia e **76.291,00€** que serán con cargo ao Proxecto 25337002.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incursa en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**"PRIMEIRO.-** Aprobar a primeira prórroga do contrato de "**CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. Expte. 10.344-336"** , polo período dun ano, dende o 1 de setembro de 2026 e ata o 31 de agosto de 2027 .

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto total de **142.780,00€**, IVE incluído, que corresponde a **primeira prórroga da CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL**, que comporta un prezo anual que ascende a un total de **142.780,00€**, sendo o ive do 10% de 12.980,00€; dos cuales, **66.489,00€** irán con cargo á partida orzamentaria 3370.2279900. Ludoteca Casa da Xuventude e Coia e **76.291,00€** que serán con cargo ao

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Proxecto 25337002." O importe distribuirase entre as anualidades 2026 e 2027 do seguinte xeito:

a) 2026: 51.920,00€ incluído 10 % ive.

b) 2027: 90.860,00€ incluído 10% ive.

**TERCEIRO**.- Notificar o presente acordo ás empresas contratistas nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)"

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do 0.0.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proxecto de convenio de colaboración coa Fundación de Santa Cruz para o desenvolvemento dun dispositivo de acollemento transitorio e de urxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2026. Expte. 14378/224.

.- Expediente de contratación do servizo de actuación artística de "DEEP PURPLE". Expte. 10625/335.

.- Expediente de contratación do subministro de gasóleo C para as instalacións de calefacción e produción de AQS en instalacións deportivas. Expte. 7751/611.

.- Proxecto de ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións. Expte. 142483/210.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**23(352).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN DE SANTA CRUZ PARA O DESENVOLVEMENTO DUN DISPOSITIVO DE ACOLLEMENTO TRANSITORIO E DE URXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2026. EXPTE. 14378/224.**

Omítese a publicación deste acordo por ter carácter confidencial co fin de garantir un entorno seguro ás persoas acollidas.

**24(353).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "DEEP PURPLE". EXPTE. 10625/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 30/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área e Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 23/03/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espec-

táculo do artista “DEEP PURPLE” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23/03/2026.
– Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026".

– O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.

– Con data 24 de marzo de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha segunda programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista “DEEP PURPLE”.

– Memoria económica de data 23/03/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

– Retención de crédito de data 24/03/2026(operación nº12026000028801).

– Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 30/03/2026.

– Memoria xustificativa, de data 30/03/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

– Informe do Servizo de Contratación do 13/04/26 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

– Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 13/04/2026, que a mercantil ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “DEEP PURPLE” o día 02/07/2026 no Auditorio de Castrelos.

– Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30/04/2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto**.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "DEEP PURPLE" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/26.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 574.084,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 474.450,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(354).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCIÓN DE AQS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 7751/611.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 27/04/2026 e o informe de fiscalización do 28/04/2026, so-métese a aprobación o informe-proposta do 24/04/2026, asinado polo adxunto á xefatura

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 08 de outubro de 2026

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2026 e publicado na plataforma de contratación.

- Anuncio de información previa (artigo 28.4 da LCSP).

- Memoria económica de data 18 de febreiro de 2023 modificada con data 5 de  e 10 de marzo, relativa aos seguintes extremos:

  ✔ Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

  ✔ Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

  ✔ Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Certificados de retencións de créditos de data 20 de ferbreriro de  2026

  ✔ Operación nº 12026000013622-RC-
  ✔ Operación nº  -12026000006378 -RCFUT1-

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 20 de febreiro  e modificado o 5 marzo de 2026..

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

- Declaración de neutralidade do redactor do proxecto de data 18 de febreiro e modificado o 13 marzo de 2026.

- Memoria xustificativa de data 20 de febreiro, modificada con data 5 de marzo de e 13 de marzo relativa aos seguintes extremos:
  - ✔ Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - ✔ Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - ✔ A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - ✔ Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - ✔ Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - ✔ Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
  - ✔ Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración **(artigo 146.2LCSP). Ao tratarse dun servizo dos incluídos no Anexo IV da LCSP, o 55% da puntuación atribúese a criterios de calidade.**
  - ✔ **Información esixida polo artigo 130 LCSP.**
  - ✔ Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
  - ✔ Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RL-CAP).
  - ✔ Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
  - ✔

✔ Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 13 de marzo 2026, modificado con data 24 de abril

✔ Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación o 13 marzo e modificado con data 24 de abril.

**Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 8 de outubro de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP) non necesita máis xustificación.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP). As condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).
A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ( disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitacion abreviada **DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCIÓN DE AQS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.** Expd.7751-611

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 5 de marzo do 2026 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 24 de abril do 2026.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **71.672,25 euros con ive** , sendo o IVE a soportar pola administración de **12.438,99 euros**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES**

| | Partida orzamentaria | Distribución en anualidades euros con ive | Meses |
|---|---|---|---|
| 2026 | 3420. 2210 300 | **23.890,75** | 8 |
| 2027 | 3420. 2210 300 | **35.836,12** | **12** |
| 2028 | 3420. 2210 300 | **11.945,37** | 4 |
| total | | **71.672,25** | 24 |

O contrato financiarase con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación.

| | | |
|---|---|---|
| 34202210300 | combustibles | 71.672,25 € |

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(355).- PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS. EXPTE. 142483/210.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2026, asinado polo enxeñeiro industrial, a xefa de Seguridade, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025 adoptou o seguinte

“***ACORDO***

*Primeiro.- Aprobar o presente Proxecto de Zona de Baixas Emisións de Vigo que comprende dous documentos incorporados como*

*– Anexo I, titulado Proyecto de ZBE;*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

*- Anexo II, titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.*

*Segundo.- Dispor a súa publicación na sede web do Concello de Vigo, nos termos e cos efectos previstos no art. 11 do Real Decreto 1052/2022.*

*Terceiro.- Dispor que pola Concellería da Área de Seguridade iníciese, de forma simultánea á publicación do Proxecto, o trámite de consulta pública da futura ordenanza reguladora."*

Segundo.- Por Resolución de 09 de setembro de 2025 do Concelleiro de Área de Seguridade -en funcións- ordenouse o inicio do expediente de aprobación da ordenanza reguladora das zonas de baixas emisiones.

Na propia Resolución dispúxose a apertura do periodo de consulta pública do art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, que tivo lugar de forma simultánea ao trámite de información pública do proxecto técnico.

Terceiro.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2025 (Expte.: 142482-210) aprobouse definitivamente o proxecto técnico de creación das zonas de baixas emisión establecido con carácter obrigatorio pola Lei 7/2021 do cambio climático e a transición enerxética, con consideración e resolución de cantas cuestións se expuxeron no trámite conxunto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Os aspectos fundamentais da nova ordenanza poden sintetizarse así:

1.1. Xustificación:

De conformidade co establecido no art. 14.3 a) da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética, e o art. 2.3 do Real Decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, estas deberán ser delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa normativa municipal.

O proxecto de ordenanza que se somete para a súa consideración e aprobación ante a Xunta de Gobierno Local é pura representación normativa dos obxectivos cuantificables relativos á calidade do aire e a mitigación do cambio climático establecidos no proxecto técnico de 19 de decembro de 2025.

1.2. Contido e alcance:

A ordenanza consta dun total de 16 artigos; cinco disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria, unha disposición final e un anexo.

2.- Estatuto xurídico básico e normativa complementaria

2.1 O proxecto de ordenanza ten fundamento en normas da competencia básica e/ou exclusiva do Estado: Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética; Lei 34/2007 de calidade do aire e protección da atmósfera; Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente; Texto Refundido da Lei de Tráfico aprobada polo R.D.L. 6/15).

2.2 As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións xerais acordadas polas Corporacións locais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (art.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia.

As súas disposicións son aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola sectorial que resulten de aplicación, sen prexuízo da concepción flexible da colaboración normativa dos municipios en relación coa reserva de lei nas materias da súa competencia, maior que o que corresponde á normativa regulamentaria estatal sobre a base dunha constante e anella doutrina constitucional que parte do dobre dato normativo do carácter representativo do Pleno, e da garantía da autonomía local prevista na CE que impide que a lei conteña unha regulación esgotadora daquelas materias en que está claramente presente o interese local.

Esta concepción flexible é singularmente relevante en canto á Estratexia Vigo ECO DRIVING 2030 proposta na ordenanza.

3. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d).

4. En canto ao procedemento de aprobación, resultan de aplicación o art. 49 da LBRL e o Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

5. En canto á súa entrada en vigor, art. 70.2 LBRL.

6.- No expediente consta informe favorable da Intervención Xeral relativo á aprobación do proxecto técnico de data 19 de decembro de 2025, que resulta aquí integramente aplicable (artigos 2.3 e 10 do Real Decreto 1052/2022, de 27 de decembro).

**PROPOSTA**

Á vista do anterior, proponse á Xunta de Goberno Local, que de conformidade coas atribucións que lle confire o artigo 127 da LBRL, e se o estima oportuno, adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións de Vigo, conforme ao proxecto técnico aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2025, co texto que de seguido se transcribe.

**SEGUNDO.**: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións no concello de Vigo (Expte. Nº 142483/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata en-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

tón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.


**PREÁMBULO**...........................................................................................................2

**CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**.........................................................................6

Artigo 1 Obxecto..........................................................................................................6
Artigo 2 Actividade regulada..........................................................................................6
Artigo 3 Réxime temporal de entrada en vigor.................................................................7
Artigo 4 Réxime de utilización........................................................................................8

**CAPÍTULO II**..........................................................................................................8

Artigo 5 Delimitación....................................................................................................8
Artigo 6 Réxime xeral...................................................................................................8
Artigo 7 Autorización xeral............................................................................................8
Artigo 8 Autorizacións especiais.....................................................................................9
Artigo 9 Carga e descarga de mercadorías......................................................................11

**CAPÍTULO III**........................................................................................................11

Artigo 10 Sistema de Xestión de Accesos.......................................................................11
Artigo 11 Sinalización das zonas de baixas emisións........................................................12
Artigo 12 Etiqueta ambiental........................................................................................12
Artigo 13 Sistema de vixilancia e control........................................................................12

**CAPÍTULO IV**........................................................................................................13

Artigo 14 Creación da Estratexia Vigo ECODRIVING 2030.................................................13
Artigo 15 Principios xerais...........................................................................................13

**CAPÍTULO V**.........................................................................................................14

Artigo 16 Réxime sancionador......................................................................................14

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PRECEDENCIA DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO PROXECTO TÉCNICO**........................................................................................15

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. ACTUACIÓNS NO EIDO DÁ DISTRIBUCIÓN URBANA DE MERCADORÍAS**........................................................................................................15

**DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. CRITERIOS PARA A APLICACIÓN PROGRESIVA E ATENUADA EN CADA FASE**........................................................................................15

**DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. MEDIOS DE IMPLANTACIÓN DO VIGO ECO-DRIVING 2030**........................................................................................................16



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. ADECUACIÓN DO USO DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL.....16**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.....16**

**DISPOSICIÓN FINAL. PUBLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR.....16**

**ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS.....17**

## PREÁMBULO

### I

A cidade de Vigo conta cunha poboación censada de 302.574 habitantes, o que a converte no núcleo máis poboado de Galicia, incrementándose esta cifra ata case os 500.000 habitantes, se se ten en conta a área metropolitana formada polos 13 municipios circundantes, o que a sitúa como a decimosegunda área metropolitana en importancia en España.

### II

A Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética estableceu no seu art. 14.3 a obrigación dos municipios de máis de 50.000 habitantes de contemplar nos seus plans de mobilidade sostible o establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023.

Non obstante o prazo límite establecido para o cumprimento da citada obrigación legal, o Goberno do Estado aprobou a Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións (ZBE) e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a súa correspondente convocatoria para o exercicio 2021.

O Concello de Vigo acolleuse á convocatoria correspondente ao exercicio 2022 ao abeiro da devandita orde.

### III

Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025 (Expte:142482/210) o Concello de Vigo aprobou definitivamente o Proxecto de Creación de Zonas de Baixas Emisións establecido polo art.10 do Real Decreto 1052/2022 ditado en desenvolvemento do art. 14.3 da Lei 7/2021.

### IV

A presente ordenanza ten por obxecto o establecemento e regulación das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo, de conformidade coas obrigacións establecidas na Lei 7/2021 e o Real Decreto 1052/2022, que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e a normativa estatal e/ou autonómica concordante.

En particular, responde o mandato xeral de regulación da ordenación e control do tráfico a través do devandito instrumento específico previsto nos art. 7 e 18 do Texto Refundido da a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria (Real Decreto Lexislativo 6/2015).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**V**

Na súa configuración legal, as zonas de baixas emisións comprenden a elaboración e aprobación de dous instrumentos sucesivos en profunda correspondencia: o proxecto e a ordenanza.

No en tanto, o seu alcance xurídico é ben distinto.

O proxecto é obrigada concreción técnica dos obxectivos xenéricos principais relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, e no seu caso a promoción doutros como a calidade acústica, o impulso a modos de transporte máis sostibles e en xeral a maior eficiencia enerxética no uso dos medios de transporte.

A ordenanza, a dimensión regulamentaria do conxunto de medidas legalmente previstas (delimitación territorial das zonas, restricións ou prohibicións de acceso, circulación e estacionamento, réxime de autorizacións) con afectación directa para os dereitos e deberes do conxunto da cidadanía, para a consecución dos obxectivos previstos no proxecto.

**VI**

O proxecto técnico de creación das zonas de baixas emisións aprobado pola Xunta de Goberno Local contempla catro zonas: Vigo-Centro, Praza de Portugal, Calvario e Bouzas.

É obxecto da presente ordenanza a ordenación da súa delimitación territorial, as fases de implantación, as medidas de control establecidas para cada unha delas, e o réxime de autorizacións xerais e especiais.

Trátase dunha ordenación especial da circulación de carácter permanente, suficiente para o cumprimento continuado e progresivo dos obxectivos sinalados no proxecto técnico, e proporcional aos mesmos. Iso sen prexuízo da súa revisión nos casos e termos previstos no bloque da legalidade vixente nesta materia.

En canto regulación especial, prevalece sobre calquera normas xerais de circulación ordinaria establecidas legal ou regulamentariamente, comprensivas da ordenanza xeral de circulación da cidade de Vigo, a de carga e descarga de mercancías e cantas outras regulen incidentalmente materias conexas, en canto estas resulten incompatibles con aquela.

**VII**

O proxecto técnico aprobado contempla, así mesmo, os sistemas de control de accesos e circulación nas devanditas zonas, cuxa implantación tamén é obxecto de regulación por ordenanza municipal.

**VIII**

Cabalmente entendidos, os obxectivos globais de mantemento da calidade do aire e mitigación do cambio climático, eficiencia enerxética e calidade acústica no eido da mobilidade urbana implican unha nova dimensión para a xestión do tráfico rodado: equiparar os estándares de seguridade esixibles na súa xestión por razón do risco inherente á circulación determinante da sinistralidade viaria, e de fluidez, comodidade e economía dos desprazamentos en vehículos a motor, aos de novo establecemento necesarios para conxurar os riscos que para o medio ambiente e a saúde pública se derivan do mesmo feito da circulación rodada.

Ademais, a efectiva consecución dos mencionados obxectivos pode ser acadada de forma espontánea, con efectos inmediatos e continuados para o conxunto da cidadanía, mediante a utilización das tecnoloxías encadradas actualmente baixo a denominación de ITS COOPERATIVOS (C-ITS), sistemas intelixentes de transporte regulados no Real Decreto 662/2012, de 13 de abril, polo que se establece o marco para a implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

Produto da súa participación sucesiva, desde 2013, en proxectos europeos orientados á mencionada finalidade (COMPASS 4D, COGISTICS, P4ITS - C-MobILE, C-ROADS, In2CCAM), o Concello dispón desde 2019 no seu centro de control dunha plataforma de xestión do tráfico de vehículos e peóns con capacidade bastante para garantir un nivel de servizo acorde ás novas esixencias derivadas do cambio climático e a transición enerxética.

Coa expresada finalidade, engádese á creación das catro zonas de baixas emisións a obrigación de adopción dun plan estratéxico de acción de alcance xeral, a ESTRATEXIA Vigo ECODRIVING 2030.

**IX**

A presente ordenanza estruturase en cinco capítulos, integrados por un total de dezaseis artigos, cinco disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria, unha disposición final e un anexo.

**X**

A ordenanza responde aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Aos principios de necesidade e eficacia, porque persegue a consecución dun interese xeral específico, ten obxectivos inequívocos cuantificados alienados a tal fin e é o instrumento legal específico demandado para ese efecto,

Ao de proporcionalidade, porque a delimitación territorial e as medidas propostas constitúen un todo unitario e indivisible atendendo a criterios de poboación, necesidades de mobilidade, usos urbanísticos, e comprobación da situación de partida en canto á calidade atmosférica e os seus determinantes.

Á dimensión máis específica da seguridade xurídica, porque constitúe unha regulación estable, predicible, integrada, clara e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións vinculadas a esta materia polo conxunto da cidadanía.

Ao principio de eficiencia, porque non institúe cargas administrativas innecesarias, nin alteración algunha na adecuada asignación dos recursos dedicados.

**XI**

A implantación das zonas de baixas emisións por medio da aprobación da presente ordenanza presenta tamén un balance positivo en termos das obrigacións legais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos termos establecidos pola Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así ponse de manifesto no informe da Intervención Xeral de 29 de agosto de 2025 relativo á aprobación do proxecto técnico aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local por acordo de 19 de decembro de 2025.

## CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

### Artigo 1 Obxecto.

1. A presente ordenanza ten por obxecto a delimitación e implantación das zonas de baixas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

emisións na cidade de Vigo, en cumprimento do mandato legal establecido no art. 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética, no Real Decreto 1052/2022 que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e no Proxecto Técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025.

Así mesmo, ten por obxecto coadxuvar de forma inmediata e efectiva aos citados obxectivos legais procurando o uso xeneralizado dos modernos estándares europeos de xestión do tráfico identificados como sistemas intelixentes de transporte cooperativos (C-ITS).

2. Todos os conceptos xurídicos comprendidos na presente ordenanza deberán ser entendidos no sentido preciso que para os mesmos establezan as normas legais e regulamentarias que lles prestan fundamento, constituídas sen propósito exhaustivo polas mencionadas no apartado anterior, a lexislación de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as normas básicas do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as normas de dereito privado en canto resulten pertinentes.

3. A regulación que se establece resulta conforme e integrada cos principais instrumentos de planificación municipal da que forma parte, constituídos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado “Vigo Vertical”, a Axenda Urbana Vigo 2030, e a Ordenanza reguladora do estacionamento controlado e limitado en superficie (zona XER).

**Artigo 2  Actividade regulada.**

1. Esta Ordenanza é de aplicación en todo o ámbito territorial ao que se refire o artigo 5 respecto de a circulación e os demais usos e actividades que se realicen nas vías, espazos e terreos urbanos aptos para a circulación, ás vías e terreos que sen ter tal aptitude sexan de uso común, así como ás persoas usuarias de tales vías, espazos e terreos, entendendo por tales os viandantes, quen conduza toda clase de vehículos e calquera outra persoa que os utilice ou realice actividades sobre eles.

2. O establecemento das catro zonas de baixas emisións responde os principios de incidencia ambiental e conciliación das esixencias legais derivadas de necesaria correlación dos obxectivos propios da mobilidade sostible e a economía sostible.

**Artigo 3 Réxime temporal de entrada en vigor.**

1. O establecemento das zonas de baixas emisións estrutúrase temporalmente en tres fases sucesivas e continuadas, cunha duración de dous anos as dúas primeiras e a terceira duración indefinida.

A primeira das devanditas fases comeza o día de entrada en vigor da ordenanza, e as outras dúas na mesma data do ano sucesivo correspondente.

2. A primeira fase aplica unicamente aos vehículos sen distintivo ambiental (Vehículos A) conforme a clasificación establecida no apartado E do Anexo II do Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, ou normas que a substitúan.

A segunda fase, aos vehículos A e aos vehículos con distintivo ambiental B (Vehículos B).

A terceira e última fase aplicarase aos vehículos con distintivo ambiental A, B e C (Vehículos C).

3. O primeiro ano de cada unha das tres fases, computado desde a data da súa entrada en vigor ata o día inmediato anterior da mesma data do segundo ano, establécese un réxime de aplicación atenuado presidido polo seguimento puntual do acceso ás devanditas zonas a través dos sistemas de vixilancia establecidos nesta ordenanza, e accións públicas de información e concienciación xeral para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 1, e en particular de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

advertencia oficial aos usuarios afectados polas restricións que se establecen.

**Artigo 4 Réxime de utilización.**

O réxime de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións estrutúrase sobre unha prohibición xeral de acceso, e as autorizacións de excepción á mesma nos termos establecidos nesta ordenanza.

## CAPÍTULO II

**Artigo 5 Delimitación.**

1. Constitúense as seguintes zonas de baixas emisións:

a) Centro

b) Praza de Portugal

c) Calvario

d) Bouzas

2. O ámbito de aplicación de cada unha das catro zonas é o descrito no Anexo.

3. A creación, modificación ou supresión dás zonas de baixas emisións queda sometida á potestade de ordenanza municipal.

**Artigo 6 Réxime xeral.**

Conforme ao establecido no artigo 3, establécese con carácter xeral a prohibición de circulación de mero tránsito polo perímetro interior das catro zonas de baixas emisións establecidas no artigo 5, así como o acceso ás mesmas con propósito distinto do réxime de autorizacións de excepción establecido nesta ordenanza.

**Artigo 7 Autorización xeral.**

Non obstante o establecido no artigo 6, están autorizados para o acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións quen á entrada en vigor da presente ordenanza cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Con independencia do domicilio do titular do vehículo ou vehículos, do motivo de mobilidade e da súa orixe e destino, os vehículos que cumpran as seguintes condicións:

1ª Que se atopen domiciliados nunha das zonas de baixas emisións no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico;

2ª Que figuren de alta no padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica.

b) Os vehículos dos que dispoñan as persoas empadroadas no ámbito territorial dunha das zonas de baixas emisións, en réxime de propiedade, usufruto, renting, leasing, arrendamento, retribución en especie ou como vehículo de substitución e doutras persoas invitadas por estas.

c) Os vehículos adscritos a unha actividade económica que indiquen as empresas e autónomos cuxa actividade empresarial, profesional ou comercial exérzase nun local ou oficina

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

situada no interior dalgunha das zonas de baixas emisións.

d) Os vehículos, destinados ao transporte de persoas titulares de cartón de estacionamento para persoas con mobilidade reducida (PMR).

e) Os vehículos adscritos aos servizos públicos esenciais, que comprenderán en todo caso os da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Protección Civil, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Autonómica, servizos sanitarios, e demais esenciais que así se acorde pola Xunta de Goberno Local.

f) As motocicletas, os ciclomotores, e os vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas en horario de sete a vinte e dúas horas (7:00h – 22:00h).

g) Os vehículos de mobilidade persoal.

h) Os vehículos que teñan a condición legal de históricos conforme ao establecido no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

**Artigo 8 Autorizacións especiais.**

Non obstante o establecido no artigo 6, permítese o acceso e a circulación polas zonas de baixas emisións aos seguintes vehículos, en función da razón de acceso e circulación, ou a actividade a realizar:

1º. Os vehículos das Administracións Públicas ou os seus contratistas que presten servizos públicos básicos como transporte colectivo de persoas usuarias do transporte, limpeza viaria, recollida de residuos, mantemento e conservación de vías públicas, zonas verdes, instalacións, patrimonio municipal e outros servizos municipais en xestión tanto directa como indirecta.

2º. Os vehículos industriais debidamente rotulados e identificados das empresas, e os seus contratistas, que presten servizos de urxencias na vía pública sobre subministración de auga, gas, electricidade ou telecomunicacións.

3º. Os autobuses que dean servizo aos establecementos ou institucións situados na zona de baixas emisións.

4º. Os vehículos autotaxi.

5º. Os vehículos turismo de arrendamento con condutor.

6º. Os vehículos de empresas, sexan estas persoas físicas ou xurídicas, e de profesionais que presten servizos ou entreguen ou recollan subministracións.

7º. Os vehículos que indiquen quen dispoña, en calidade de propietarios, usufrutuarios ou por calquera outro título, de prazas de aparcamento particulares.

8º. Os vehículos que accedan aos talleres de reparación de vehículos.

9º. Os vehículos necesarios para a realización de ocupacións e actos na vía pública autorizados polo Concello de Vigo.

10º. Vehículos que accedan á zona de baixas emisións para acceder a servizos públicos de saúde ou para deixar ou recoller alumnos de educación infantil e primaria así como aos alumnos de secundaria, cuxas necesidades así o esixan.

11º. Vehículos de persoas traballadoras de establecementos do interior das zonas de baixas emisións con horario nocturno, cando o horario de entrada ou saída do lugar de traballo estea comprendido entre as cero horas e as sete horas e trinta minutos, no expresado lapso de tempo.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

12º. Os restantes vehículos, unicamente para estacionar nun aparcamento de uso público ou privado, na zona de estacionamento limitado e controlado en superficie mediante parquímetros, ou por reserva de estacionamento, situados no interior da zona de baixas emisións.

Entenderase comprendido neste ordinal, en todo caso, o acceso ás reservas de estacionamento hoteleiras exclusivamente para a actividade de control e saída de clientes.

**Artigo 9 Carga e descarga de mercadorías.**

1. A actividade de carga e descarga de mercadorías no interior das zonas de baixas emisións axustarase á vixente ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas publicada no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra de 23 de xuño de 2008, coas particularidades establecidas na presente ordenanza.

2. No horario habilitado conforme á ordenanza municipal de carga e descarga para a realización da actividade, permítese o acceso e circulación unicamente co expresado propósito.

3. Aos mesmos efectos do exercicio da actividade de carga e descarga no interior das zonas de baixas emisións, permítese a utilización de motocicletas, ciclomotores, vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal.

A utilización desta clase de vehículos coa expresada finalidade non está suxeita ao horario establecido para a actividade de carga e descarga.

**CAPÍTULO III**

**Artigo 10 Sistema de Xestión de Accesos.**

1. As autorizacións reguladas nos artigos 7, 8 e 9 quedan sometidas en canto á súa obtención ao réxime xeral de declaración responsable establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As autorizacións do artigo 7 terán unha duración permanente, a salvo o cambio de circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.

3. As autorizacións dos ordinais 1º a 7º, 10º e 11º do artigo 8, e as do artigo 9 terán unha duración de tres anos, sen prexuízo de sucesivas prórrogas, condicionada ó mantemento das circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.

4. As autorizacións dos ordinais 8º, 9º e 12º do artigo 8 terán a duración que resulte do tempo indispensable para a realización do motivo de acceso ou o exercicio da actividade respectivamente.

5. Non están suxeitas ao réxime de declaración responsable as autorizacións establecidas nos apartados f) e g) do artigo 7.

O seu control corresponderá, en canto resulte pertinente, aos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

6. Para os efectos de xestión das autorizacións de acceso establecidas na presente ordenanza, no prazo máximo de dous meses desde a data da súa entrada en vigor o órgano competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións poñerá ao dispor de todas as persoas interesadas, na sede electrónica do Concello de Vigo, unha aplicación informática gratuíta que permita para todo tipo de soportes electrónicos de comunicación o acceso á súa regulación legal, e realizar cantas xestións precisen sobre o réxime de acceso e utilización das mesmas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

A aplicación responderá por deseño e operatividade aos principios de simplicidade e accesibilidade de uso, e de mínima carga administrativa, asegurando o seu uso intuitivo e priorizando a automatización dos procedementos.

7. En idéntico prazo do apartado anterior e aos mesmos efectos, poñerase ao dispor dos interesados o modelo normalizado de presentación das declaracións responsables, que será obrigatorio conforme ao establecido no artigo 66 da Lei 39/2015.

**Artigo 11 Sinalización das zonas de baixas emisións.**

A sinalización das zonas de baixas emisións axustarase ao establecido para ese efecto no artigo 14 do Real Decreto 1052/2022.

**Artigo 12 Etiqueta ambiental.**

Por razóns de inmediatez e dispoñibilidade continuada para todas as persoas interesadas do sistema de control da cualificación ambiental de todos os vehículos rexistrados no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, non se establece a obrigatoriedade da utilización das correspondentes etiquetas ambientais reguladas no Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

**Artigo 13 Sistema de vixilancia e control.**

O control do cumprimento das disposicións desta ordenanza respecto ao acceso de vehículos ás zonas de baixas emisións da cidade realizarase mediante a aplicación informática do artigo 10.6 combinada con dispositivos automáticos de lectura de matrículas de captación de imaxes, tales como cámaras dotadas de lector OCR, foto-vermello ou medios tecnolóxicos similares, con suxeición ao disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos en relación coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais; iso sen prexuízo dos controis realizados polos axentes da Policía Local encargados da vixilancia do tráfico.

Para ese efecto estarase ao disposto no Proxecto Técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2025.

## CAPÍTULO IV

**Artigo 14 Creación da Estratexia Vigo ECODRIVING 2030.**

1. Con data límite de 31 de agosto de 2028 a Xunta de Goberno Local aprobará un plan de actuación, Estratexia Vigo ECODRIVING 2030, co obxectivo de trabar na xestión global da mobilidade unha relación de obrigada identidade entre os parámetros de circulación vinculados á seguridade, fluidez, comodidade e economía dos desprazamentos, e os que correspondan establecer para contribuír á consecución dos obxectivos previstos no artigo 3 e concordantes do Real Decreto 1052/2022 e na Directiva (UE) 2024/2881 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2024, sobre calidade do aire ambiente e unha atmósfera máis limpa en Europa (versión refundida), derivadas do mesmo feito da circulación de vehículos a motor.

2. A Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 resultará de aplicación en todo o termo municipal para persoas condutoras, viandantes, ciclistas e persoas usuarias do transporte público que circulen polas vías urbanas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Artigo 15 Principios xerais.**

1. A realización dos obxectivos previstos no apartado 1 do artigo anterior procurarase, como mínimo, a través dos seguintes medios:

a. Fomentando o uso xeneralizado das aplicacións C-ITS xa dispoñibles no centro de xestión da mobilidade do Concello, que permita a condución máis eficiente posible e que as persoas condutoras avalíen esa condución cun sistema de rating.

b. Dispoñendo aos órganos xestores da mobilidade a monitorizar, verificar e demostrar a mellora agregada en emisións derivada da devandita condución máis eficiente, valéndose para ese efecto das mellores técnicas dispoñibles en cada momento.

c. Habilitando incentivos aos condutores que demostren unha condución máis eco-eficiente e baixa en emisións derivada dunha condución máis suave, evitando aceleracións e freadas bruscas.

d. Mellorando a eficiencia dos medios de transportes e mobilidade máis sostibles.

2. Á vista dos resultados obtidos, os incentivos aos condutores eco-eficientes poderán traducirse, entre outros beneficios, en redución de taxas municipais, bonificación para uso en estacionamento regulado de superficie ou acceso ás ZBE,  independentemente da etiqueta ambiental do vehículo.

3. Na súa concepción, deseño, implantación e aplicación a Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 resultará esencialmente respectuosa coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

## CAPÍTULO V

**Artigo 16 Réxime sancionador.**

1. As accións e omisións contrarias ao disposto na presente ordenanza serán constitutivas de infracción nos casos establecidos no Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015.

Axustarase tamén á lexislación de tráfico o procedemento para seguir para a determinación das correspondentes responsabilidades, así como a imposición das sancións a que houbese lugar.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o incumprimento do réxime de declaración responsable para o acceso ás zonas de baixas emisións axustarase ao establecido no artigo 69 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A estes mesmos efectos, establécese nun ano o tempo de prohibición para instar un novo exercicio da actividade de acceso.

**Disposición adicional primeira. Precedencia dos obxectivos establecidos no Proxecto Técnico.**

A efectiva consecución e mantemento dos obxectivos relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, exposición ao ruído, cambio a modos de mobilidade máis sostibles e promoción da eficiencia enerxética establecidos no Proxecto Técnico de 19 de decembro de 2025 condicionará o mantemento, modificación ou supresión das medidas de regulación establecidas na ordenanza.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

**Disposición adicional segunda. Actuacións no eido dá distribución urbana de mercadorías.**

Á vista da entrada en vigor dá Lei 9/2025 de 3 de decembro de Mobilidade Sostible, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza a Xunta de Goberno Local impulsará en colaboración coas asociacións representativas da actividade do transporte urbano de mercadorías, actuacións conducentes a analizar e avaliar a adecuación do sistema actual ás necesidades dunha mobilidade sostible para unha economía igualmente sostible (art. 2 dá Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible).

**Disposición adicional terceira. Criterios para a aplicación progresiva e atenuada en cada fase.**

A efectos do establecido no apartado 3 do artigo 3, o órgano municipal competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións facilitará ou enviará ás persoas titulares dos vehículos que fosen detectados, unha comunicación de carácter meramente informativo co seguinte contido mínimo:

a) As razóns que motivaron a regulación da respectiva zona de baixas emisións nese ámbito concreto.

b) A data prevista para a súa efectiva operatividade.

c) O tipo de sanción e contía da multa a partir da posta en funcionamento efectivo do sistema de control da zona de baixas emisións.

d) A necesidade de protexer a saúde e a seguridade das persoas así como do resto de obxectivos das zonas de baixas emisións.

e) A dirección web en que se atopa dispoñible a información da súa regulación.

**Disposición adicional cuarta. Medios de implantación do VIGO ECO-DRIVING 2030.**

A aprobación do programa VIGO ECO-DRIVING 2030 non implicará incremento da asignación orzamentaria nin modificación da dotación actual dos postos de traballo asignados ao órgano competente en materia de xestión do tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

**Disposición adicional quinta. Adecuación do uso dos vehículos de mobilidade persoal.**

A utilización dos vehículos de mobilidade persoal polas zonas de baixas emisións axustarase as condicións establecidas na ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal.

**Disposición derrogatoria.**

Á entrada en vigor da presente ordenanza, quedan derrogados as Resolucións de data 8 de xaneiro de 2010, ditadas polo Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, relativas á regulación da circulación de vehículos no ámbito do Casco Vello Alto (Expte. 77287/210) e Casco Vello Baixo (Expte. 77288/210), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 13, de 21 de xaneiro de 2010.

**Disposición Final. Publicación e entrada en vigor.**

A presente ordenanza publicarase e entrará en vigor na forma e prazos establecidos para ese efecto polo apartado 2 do artigo 70 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2083/1102

## ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS

As catro zonas de baixas emisións (ZBE) comprenderán o espazo interior delimitado polo perímetro formado polas seguintes vías:

### ZBE Centro:

Rúa Cánovas del Castillo
Rúa de Carral
Rúa Victoria
Rúa Colón
Rúa de Urzaiz
Rúa de Magallanes
Rúa de Gil
Rúa Rolda de Don Bosco
Rúa Cachamuiña
Paseo de Granada
Rúa Falperra
Rúa de Pi e Margall
Rúa Llorente
Rúa Santa Marta
Rúa Conde de Torrecedeira
Rúa do Gaiteiro Ricardo Portela
Avenida de Beiramar




Está conformada por un perímetro lonxitudinal de 3,7 km, cunha superficie de 39 ha. Dispón de 14 vías de entrada, e de 10 vías de saída.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**ZBE Plaza Portugal:**

Rúa de Urzaiz

Rúa de Lepanto

Rúa de Alfonso XIII

Rúa Uruguai

Rúa República Argentina

Rúa Cervantes

A ZBE está configurada por 3 vías de entrada e 4 vías de saída. O seu perímetro é de 1,1km, cunha superficie de 4 ha.




ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**ZBE Calvario:**

Rúa Jenaro de la Fuente

Avenida Martínez Garrido

Rúa Palencia

Rúa do Doutor Carracido

Rúa José Antela Conde

Rúa de Andalucía

Rúa de San Roque

Rúa Gregorio Espino

O perímetro da ZBE Calvario é de 2 km, cunha superficie de 14 ha. A configuración de accesos ven dada por 6 vías de entrada e 7 vías de saída.




ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado

**<u>ZBE Bouzas:</u>**

Rúa de Paz Andrade

Rúa Eduardo Cabello

Avenida Beiramar

Rúa Simancas

Rúa Camilo Veiga

Avenida da Atlántida

Rúa Casiano Martínez

O perímetro da ZBE ten unha lonxitude de 2km, cunha superficie de 17 ha. En canto aos accesos, dispón de 9 vías de entrada e 5 vías de saída.




**27(356).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/05/2026 12:54 | Páxina 188 de 189 |
|---|---|---|
| 2083-1102 Aprobado por XGL 08/05/2026 | CSV: ABB5A5-DHD9C2-EH2EDA-NAAY6F-2LNZ1Y-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 08/05/2026 12:52:41

Documento asinado